



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 41

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 16 de marzo de 2010

Presidencia da Excma. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto único:

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia 08/DEBA-0001 (22504)
Publicación, BOPG núm. 168/4, do 10.02.2010

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Prestación de xuramento ou promesa da nova deputada D.^a M.^a del Carmen Cajide Hervés. (Punto preliminar.)

A señora Cajide Hervés procede, en cumprimento do artigo 7 do Regulamento, a prestar a promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía. (Páx. 3.)

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.)

Intervención do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo* (Páx. 3)

A señora presidenta anuncia que a sesión se retomará ás catro e media da tarde, e suspende a sesión. (Páx. 24.)

Suspéndese a sesión ás doce e tres minutos do mediodía.

Retómase a sesión ás catro e media da tarde.

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Aymerich Cano (BNG)* (Páx. 25.), *Sr. Vázquez Fernández (S)* (Páx. 34.) e *Sr. Ruíz Rivas (P)* (Páx. 43.)

A señora presidenta anuncia unha suspensión da sesión por un tempo de quince minutos. (Páx. 52.)

Suspéndese a sesión ás sete da tarde.

Retómase a sesión ás sete e quince minutos da tarde.

Resposta do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 52)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: *Sr. Aymerich Cano (BNG)* (Páx. 60.), *Sr. Vázquez Fernández (S)* (Páx. 64.) e *Sr. Ruíz Rivas (P)*. (Páx. 67.)

Contrarréplica do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 68.)

A señora presidenta informa do prazo de presentación das propostas de resolución subsecuentes ao debate, que será ata mañá, día 17, ás once da mañá, así como da posterior cualificación pola Mesa e da distribución aos grupos parlamentarios das propostas admitidas para o seu estudo antes da prosecución da sesión plenaria. (Páx. 74.)

Suspéndese a sesión ás nove e vinte minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bos días, rogamos ás súas señorías que vaian ocupando os seus escanos.

Señorías, ábrese a sesión. A orde do día desta sesión está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 185, fascículo 1, do 5 de marzo de 2010, polo que non se procede á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias, entramos pois na orde do día.

Punto preliminar: Prestación de xuramento ou promesa da nova deputada dona María del Carmen Cajide Hervés

A señora PRESIDENTA: Como punto preliminar vamos a dar comenzo á prestación do xuramento ou promesa da nova deputada dona María del Carmen Cajide Hervés.

En cumprimento do establecido no artigo 7 do Regulamento, procédese a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía da nova deputada dona María del Carmen Cajide Hervés en substitución de don Emilio Pérez Touriño.

Segundo o procedemento, a fórmula é contestar: si xuro ou si prometo á pregunta desta Presidencia.

Prégolle resposta desde o escano á pregunta que lle vou formular.

Dona María del Carmen Cajide Hervés, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora CAJIDE HERVÉS: Si, prometo.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

A continuación entramos na orde do día, que é un punto único do debate anual de política xeral.

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, pois, o presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora presidenta, señoras e señores deputados.

Vicente Risco resumía nunha frase unha das mellores definicións do noso ser: “ti dis: Galicia é ben pequena. Eu digo: che: Galicia é un mundo. Pode ser pequena en extensión, pero en fondura e en entidade é tan grande como queiras”.

Penso que os que estamos aquí compartimos esa reflexión, permítanme pois que, no nome de todos nós, saúde en primeiro lugar ás galegas e aos galegos deste mundo que é Galicia, e no que, por suposto, ten un protagonismo especial a comunidade emigrante.

Nas palabras de Risco atopo a primeira e máis importante conclusión que me gustaría trasladarlles ás súas señorías nestos primeiros segundos do debate de política xeral desta octava lexislatura. Galicia pide de cada un dos seus fillos un papel activo, digo con satisfacción que a Xunta o ten. Non creo nunha Galicia improvisada, ao revés, penso que na actividade diaria dun gobernante responsable debe haber planificación.

Esa especie de arquitectura política é a que nós permite saber cal é o punto de partida, no caso de Galicia marcado por un reto coxuntural, por un reto coxuntural prioritario –deseñar un plan estratéxico que no fin da crise nos sitúe no mellor punto de partida posible–, e por varios retos estruturais que dean o inicio á segunda modernización de Galicia: como a ordenación do territorio, o futuro financeiro e o rexuvenecemento demográfico da comunidade.

Esa arquitectura política que nos permite definir o punto no que comencamos é tamén a través da que cara a onde nos propoñemos chegar, unha Galicia global que garanta a igualdade de oportunidades a todos os cidadáns.

Será precisamente esa revalorización da política un dos eixos fundamentais da miña intervención neste debate sobre o estado da Autonomía.

Tal e como eu a entendo, a política é consubstancial coa liberdade, é a mellor ferramenta que teñen as sociedades

para converter a liberdade de cada un dos seus membros en liberdade colectiva. É a política a que pode transformar as esperanzas en feitos e as enerxías espalladas nas accións comúns. Sen a política os pobos non son protagonistas do seu destino, senón suxeitos pasivos dos acontecementos.

A pregunta que cómpre facerse na Galicia de 2010 é, ¿que requisitos ten que reunir a acción política para dar respostas aos desafíos? O primeiro deles é saber combinar os grandes principios inspiradores coas medidas concretas. Un goberno que careza dunha idea global do seu país, que non teña unha imaxe coherente das diferentes pezas que o compoñen, dificilmente poderá acertar cando afronte os problemas sectoriais ou os problemas territoriais.

Queremos estar xuntos, Galicia é unha unidade, non unha mera xusta posición de enclaves xeográficos que simplemente coinciden nun lugar do mapa.

Unha política eficaz a estas alturas do século XXI require, como lles dicía, unha visión de conxunto baseada en principios, unha política eficaz nos tempos que vivimos non admite inhibicións.

Galicia non merece gobernos que esgotan as súas enerxías en pelexas domésticas, tampouco administracións que fuxen dos asuntos conflitivos. Gobernar é decidir, implicarse, estar presente alí onde os intereses galegos están en xogo. ¿Para que queremos un goberno propio si deixamos que decidan por nós? ¿Para que temos institucións propias se permanecen caladas en cuestións esenciais para o noso país? Parte dos males de Galicia no pasado débéronse á falta dun poder propio, agora que o ten non vai a estar ausente.

Señorías, este Goberno ten principios, ten medidas, ten feitos e adopta decisións, foron principios e medidas que se someteron á vontade dos galegos, que recibiron o seu respaldo maioritario e que xa se están a converter en feitos e decisións na acción cotiá do executivo.

Señorías algúns consideran reiterativa e cansina a referencia ao mandato electoral, *vox populi, vox dei*, decía o vello proverbio. En termos máis modernos o vencello que establece o elector co seu representante é o máis semellante a un contrato, cumprir coa palabra dada, cumprir coa palabra dada á cidadanía forma parte esencial do meu compromiso ético coa política.

Entendo ademais que a lixeireza con que ás veces se tratan as ofertas electorais explica a desafección que algunha xente sente pola actividade pública. O político que fai do seu programa un papel mollado está a fomentar un sentimento que ve na política unha versión da picaresca. O programa está vixente, a palabra que se lles deu aos galegos estase cumprindo, e o contrato con Galicia está en vigor.

O que Galicia quere e o que Galicia é está plasmado nos resultados electorais, é precisamente nas urnas onde a sociedade se amosa coma un conxunto homoxéneo, onde se mesturan territorios, se mesturan sectores e se mesturan individuos. Non vale, polo tanto, erguer fronte a este país real outros imaxinarios, nin pretender suplantar a vontade maioritaria. A democracia é o goberno das maiorías con pleno respecto ás minorías.

Pois ben, Galicia quere austeridade e este Goberno é austero: a redución do 25% das consellerías, o recorte do 50% dos altos cargos e o axuste á baixa das súas retribucións nun 3% teñen un valor cuantitativo e cualitativo. Góbernase con leis e con exemplos. Os plans contra a crise estarían incompletos de non ir acompañados de actitudes coherentes, e este Goberno as ten.

Galicia quere un equilibrio no modelo lingüístico que se aplique no ensino. O Goberno dá resposta a esa reclamación desbotando as políticas que iniciaban a rotura da tolerancia e da cordialidade. De novo a sociedade volve a ser para nós o guieiro. Na convivencia idiomática que a nosa xente practica a decote ha de estar a inspiración da política lingüística en xeral, e da que se aplique na escola en especial. Galicia é un país lingüísticamente san, que non precisa de tratamentos de choque, senón de respecto e cordialidade, e é o que está a procurar o noso Goberno (*Aplausos.*)

Galicia quere transparencia, e por iso comprometémonos a revisar un concurso eólico opaco que podería ter lastrado durante décadas o desenvolvemento do sector enerxético. O compromiso traduciuse nunha lei deste Parlamento e nunha próxima convocatoria que garanten unha explotación racional dese recurso fundamental e un rendemento, un rendemento claro e taxado para o conxunto da comunidade que xa estamos obtendo dende xaneiro deste mesmo ano.

Unha parte do noso compromiso ético é o cumprimento da palabra dada aos nosos cidadáns, a outra, a outra parte do

compromiso ético, é a verdade. Un pobo adulto como o noso non merece ocultacións nin subterfuxios. No meu discurso de investidura citaba ao presidente Havel cando, dirixíndose ao seu país, decía que non fora elixido para mentir. Volvo a lembrar a este estadista para decir que a política debe de chegar a ser un arte de acadar mesmo o imposible cando conta cun pobo informado, cun pobo decidido e cun pobo unido.

Señorías, empezamos a gobernar coa verdade por diante e sin triunfalismos. Mentres outros agachaban os datos eloquentes da crise, nós admitíamolos para loitar contra ela. En contraposición a gobernos que preferiron negar o evidente, nós puxemos a administración a traballar nun plan de choque e nun plan estratéxico, e iso malia contar con orzamentos irrealistas que tivemos que reaxustar conforme a situación real da facenda pública galega.

Preferimos ser *hormigas* que ser *cigarras*. A fábula de Samaniego volve a rematar coa mesma conclusión cando se aplica á acción política. Os gobernantes que sómentes cantan vense despois obrigados a intentar consensos apresurados e confusos. Os gobernos que traballan sin fachenda e comparten a verdade coa xente poden reaccionar a tempo e enfrontarse mellor coas dificultades. Ese vai a seguir sendo o noso rumbo. Na crise, rigor e responsabilidade para pagar o que outros deixaron a deber e non gastar o que non temos. (*Aplausos.*) E como proba aí está o peche do exercicio do 2009, sendo Galicia unha das poucas comunidades autónomas que cumpriron co obxectivo de estabilidade orzamentaria, a mellor forma de amosar a credibilidade e fiabilidade que un goberno precisa para xerar confianza nas súas políticas.

Señorías, aludía antes a eses principios vertebradores que deben dar coexistencia e consistencia a unha acción de goberno. Quero neste punto determe neles e resumilos en dous grandes capítulos: o galeguismo do século XXI e a Galicia global.

O galeguismo non é unha estatua de sal, o galeguismo ten unha esencia que permanece inmutable ao longo do tempo e unha concreción que varía de acordo co contexto nacional, internacional e económico que rodea o noso país. Os galeguistas devanceiros déixannos en herdanza un espírito que nós temos a obriga de interpretar na época que nos tocou vivir. Nin Castelao, nin Risco, nin Piñeiro eran quen de

legarnos receitas concretas para unhas circunstancias que non podían imaxinar. Tampouco o galeguismo de hoxe podería elaborar un programa para a Galicia de dentro de cincuenta ou de cen anos.

Eu non creo no galeguismo de museo, concibo o patriotismo galego coma unha forza activa e moderna na que podemos atopar respostas ás encrucilladas actuais. Tampouco confío no galeguismo declarativo, que esmorece cando se pon en contacto con decisións esenciais para o noso futuro como comunidade.

O Goberno reitera que hai sitio para todos nos grandes asuntos que atinxen ao país, reitérao e practícao. Esa man tendida que ofrecín no meu discurso de investidura atopou respostas positivas en diferentes administracións e axentes sociais. Esa fe no entendemento fixo posible o acordo asinado co Goberno central para asegurar o tren de alta velocidade galego; esa fe está presente nos pactos feitos polos concellos e coas provincias en materia de urbanismo, en materia de novas tecnoloxías e en materia de pacto local; esa fe tamén mantén abertas catro mesas de diálogo de traballo cos sindicatos e empresarios e tamén albisca unha reforma da Lei do solo con rexeitamento escaso.

Ninguén pode negarlle a este Goberno a súa disposición ao pacto. No que aos consensos se refire, somos ambiciosos. Non nos conformamos coa maioría que o pobo galego nos outorgou; queremos gobernar para todos, con todos e sen exclusións. (*Aplausos.*)

Desgraciadamente, tal cousa non sempre é posible. Ese galeguismo do século XXI tamén nos obriga a erguer a voz cando en fronte atopamos discriminación, arbitrariedade ou xordeira. Sucedeu, señorías, cando a Xunta de Galicia acudiu a negociar o novo modelo de financiamento autonómico; cun amplo acordo acudimos, das forzas políticas, debaixo do brazo. Un goberno baseado no consenso —o noso— tivo no outro lado da mesa unha administración hipotecada pola súa febleza política. Denunciámolo porque ese galeguismo moderno contempla unha España xusta e equilibrada. Non foi posible.

¿En que consiste ser galeguista no século XXI? Tamén en propugnar que Galicia estea presente no mapa financeiro español. Debémolle esa loita aos que no pasado deron

forma coa súa intelixencia, co seu aforro e co seu esforzo a unhas entidades singulares que teñen a súa razón de ser no arraigo territorial. Hai un compromiso co pasado, pero sobre todo unha convicción de que o futuro económico e social de Galicia será distinto con caixas ou sen caixas.

Así o entendeu a sociedade galega. Así o entenderon os partidos, sindicatos e entidades que asinaron un acordo digno dun gran país. Así o entende o Goberno que impulsa a fusión. E por iso o Parlamento aprobou unha nova Lei de caixas de aforros cun amplo respaldo dos 2/3 da Cámara; unha lei en perfecta consonancia coas que xa están vixentes noutras comunidades autónomas. O galeguismo das declaracións se traduciu no galeguismo dos feitos. Somentes se excluíron os que prefiren obedecer os intereses que eles coñecerán, pero que non son os de Galicia. En todo caso, aínda están a tempo de incorporarse á gran maioría social de Galicia, que require a defensa dunha visión igualitaria das súas caixas; unha fusión clave para o futuro dos nosos sectores produtivos e para o progreso económico do país.

Ese galeguismo, sempre, e hoxe tamén, síntese partícipe, señorías, dunha tarefa común que chamamos España. Nada do que ocorre en España énos alleo, e non queremos ser alleos ás decisións que se adopten en España.

O modelo autonómico consagrado na Constitución e nos estatutos ten dúas esixencias para seguir sendo unha solución e non converterse nun problema: lealdade e equidade. A nosa experiencia de Goberno estanos ensinando que ningún desos valores está inspirando importantes políticas da Administración central. Faltou equidade e lealdade con Galicia na negociación do financiamento autonómico, e a deslealdade e a arbitrariedade presiden a actitude do Executivo central en materia de caixas de aforro.

Non somentes se danan os lexítimos intereses do noso país; se poñen en risco, ademais, os fundamentos dunha España solidaria. Recuperar unha relación leal e equitativa entre as comunidades autónomas e o Goberno é un obxectivo que nos ocupa e preocupa como galegos e como españois que viven nun mundo que ten na cooperación o mellor camiño.

O galeguismo é un principio que informa toda a acción do Goberno. Tamén facendo efectiva a tradicional visión da nosa terra como célula de universalidade e non como illa que

mira con desconfianza ao seu arredor. Unha Galicia aberta a España, unha Galicia aberta a Europa e unha Galicia aberta a todo o mundo. O anxeio por tender pontes de cooperación con outras comunidades de España xa estivo presente no protocolo asinado con Castela-León e na xuntanza co lehendakari Patxi López. Démoslle prioridade ás relacións con Portugal, mantendo encontros en Lisboa co presidente da República, Cavaco Silva, e co primeiro ministro, José Sócrates, e relanzando desde os primeiros meses a Comunidade de Traballo Galicia-norte de Portugal. E estamos a ter unha presenza activa en Bruxelas na defensa dos nosos intereses, manifestada nos encontros co presidente da Comisión, Durao Barroso, co presidente do Parlamento europeo, ou, nos máis recentes, co presidente do Comité das Rexións e coa nova comisaria de Pesca, María Damanaki, celebrados nas últimas semanas en Vigo.

A Galicia global xa existe. En certo modo, xa existe na sociedade, no mundo empresarial, na cultura e nas relacións humanas. Galicia é un ámbito común no que a gran maioría dos galegos cooperan e conviven, deixando moi atrás os tempos dos localismos. Levar esa conciencia que se vive espontaneamente na xente ás diferentes administracións é unha tarefa prioritaria nos tempos que vivimos.

Non se trata de que ninguén renuncie a nada. Na suma dos esforzos ganamos todos, e cos ciúmes estériles entre territorios todos seremos perdedores. En Galicia xa non hai norte e sur, senón avance ou retroceso. O avance require partir da premisa básica de que o noso país ten problemas galegos que reclaman solucións galegas, feitas de maneira mancomunada por todos os poderes públicos que actúan en Galicia.

Señorías, como se dun peregrino se tratase, Galicia percorreu xa dúas etapas importantes da súa andaina autonómica. Coa axuda de todos, e baixo diferentes direccións políticas, o noso país afrontou unha primeira fase polarizada na institucionalización e no autogoberno. Dotouse de símbolos, construíu a andamaxe administrativa e fomentou a confianza nun sistema que ata entón somentes existira na imaxinación.

Chegará despois o momento da autonomía do benestar: infraestruturas, dotacións, servizos. O novo sistema político aséntase nunha nova lexitimidade baseada na eficacia. Temos pois unha fase simbólica e outra xestora. Agora

Galicia ten que emprender unha nova singladura que se resume en tres palabras: cooperación, coordinación e coherencia; cooperación entre as administracións, coordinación de esforzos e coherencia na orientación das nosas infraestruturas e servizos. Hai unha nova lexitimidade que xurdirá da nosa intelixencia para aunar enerxías que se están dilapidando en tensións impropias dun mundo global no que Galicia se move.

A clave desta etapa témola nesa globalización espontánea que a sociedade galega xa emprendeu e tamén no noso entorno. Se o mundo se esforza en cooperar, se existen retos que sómentes se poden respostar con políticas europeas ou planetarias, ¿non seremos quen de facer do noso país un conxunto harmónico? Estou certo de que si. Quen á discordia se entrega, vai dereito cara a morte. Díciáo Curros Enríquez moito antes de que a crise plantexara a súas esixencias.

Pouco a pouco medra a conciencia de que a fortaleza do noso país no exterior depende en boa medida da súa unidade no interior. O discurso revellido que mira con desconfianza ao veciño, que sementa sospeitas e ergue valados, queda en evidencia diante dunha sociedade nova e aberta. O meu Goberno, señorías, está do lado da Galicia unida do século XXI e non da Galicia fragmentada do XIX. *(Aplausos.)*

Pois ben, nestes once meses o Goberno galego non se limitou a pregoar a Galicia global, senón que deu pasos efectivos para acadala. E todos estes pasos están condicionados hoxe pola loita contra a crise económica e o paro. Por iso, antes de profundizar no contido da Galicia global que queremos ir construíndo, permítanme facer unha referencia á grave crise económica que nos tocou asumir e ás ferramentas horizontais que este Goberno puxo en marcha de inmediato.

Cando hai once meses chegamos ao Goberno, Galicia –ao igual que o conxunto de España– estaba sumida nunha das maiores crises económicas do último medio século. Xa desde finais do 2007, a pesar de que os gobernos de España e Galicia se negaban a recoñecelo, todo o mundo era consciente de que o ciclo alcista da economía tiña chegado ao seu fin. Sen embargo, o ano 2008 pasou vendo como o Goberno de España e o Goberno bipartito en Galicia seguían negándose a falar da crise e non tomaban as medidas de reforma necesarias para afrontar tan delicado momento.

Permítanme, señorías, lembrar dous datos do que sucedeu en Galicia dende mediados do ano 2007 ata o mes de abril do ano 2009. O primeiro, o paro rexistrado aumentou en máis dun 50% en menos de dous anos: 71.000 personas; pasando de 140.000 parados en xullo do 2007 a máis de 211.000 en abril do 2009. O segundo, o crecemento económico. Pasamos de medrar un 4,4% no terceiro trimestre do 2007 a un crecemento negativo de máis de 2 puntos no primeiro trimestre do 2009.

Ante esta gravísima situación, durante a campaña electoral xa advertimos que nos primeiros tempos desta nova lexislatura nos centraríamos en cumprir un obxectivo primordial: paliar os efectos da crise. Paliar os efectos da crise tentando desacelerar o tremendo ritmo de incremento do paro e o tremendo ritmo de baixada do produto interior bruto galego. A este obxectivo están dirixidas todas as accións que este Goberno ten executado durante estes once meses.

Quero, sen embargo, determe agora en dúas delas: o Plan de choque, aprobado nos cen primeiros días, e o Plan estratéxico 2010-2014, que en breve será presentado para a súa discusión nas mesas de diálogo social.

Dentro dos cen primeiros días de goberno puxemos en marcha o Plan de medidas urxentes fronte á crise, chamado Plan de choque. Este plan conseguiu mobilizar 1.200 millóns de euros –o que é o mesmo, o 11% do orzamento do ano 2009–, con dúas ferramentas: a austeridade e a reorientación dos sectores produtivos. Podemos destacar algúns efectos deste Plan de choque: se beneficiaron 30.000 parados e outros 24.000 traballadores consolidaron o seu emprego gracias ás axudas da Xunta aos distintos sectores produtivos estratéxicos.

De como afectou este plan á evolución do paro en Galicia seguro que hai varias versións contraditorias. O que non é discutible é o que é evidente, e o que non é discutible son os datos do Instituto Nacional de Estatística. A taxa de paro en Galicia é seis puntos inferior á de España: taxa de paro en Galicia, 12,8%; taxa de paro en España, 18,8%. Dende a nosa chegada, o paro aumentou máis do dobre en España que en Galicia: en Galicia, 0,7 puntos e en España 1 punto e medio. O INE sinala que os parados galegos representan o 3,8% do total dos parados de España. No ano 2007, a finais, representaban o dobre, o 5,6% dos parados do total de España.

ña eran galegos; hoxe o 3,8% do total de parados de España son galegos.

Por iso consideramos que, ademais das medidas de impacto inmediato, o noso traballo debe encamiñarse tamén a deseñar unha actuación a medio e longo prazo. Neste sentido, quero anunciar, quero anunciar hoxe, a presentación, dentro do primeiro ano de goberno, do Plan estratéxico 2010-2014, un proxecto económico do Goberno que ten por obxectivo xa non só encarar a crise, senón tamén aproveitar as oportunidades do novo escenario e saír reforzados cara á vindeira década. O Plan estratéxico será presentado nas mesas de diálogo social para discutilo cos axentes sociais e económicos e así poder integrar as súas achegas.

Elaboraremos o plan seguindo cinco principios:

A austeridade, o Goberno debe dar exemplo. O liderazgo, marcando unha estratexia clara de futuro. A confianza, baseada na credibilidade do Goberno. A estratexia territorial, con solucións adaptadas a cada territorio. E a cooperación cos axentes sociais e as institucións.

Seguindo estes principios, o plan quedará configurado baixo cinco eixos principais:

A cohesión social o benestar e calidade de vida. A dinamización económica e o crecemento do emprego. A economía do coñecemento. A sostenibilidade medioambiental e o equilibrio territorial. E unha administración austera, eficiente e próxima ao cidadán.

Estes eixos contemplarán máis de cen medidas, máis de trescentas actuacións e máis de catrocentos indicadores. E será un plan que implicará unha nova forma de actuar desde a Administración, imprescindible para ser eficaz e eficiente nos novos tempos. Por primeira vez integrárase a planificación económica nuns orzamentos orientados a resultados. Cada euro público haberá de xustificarse en función da súa utilidade e efectividade.

Quero neste punto facer unha mención específica ao Xacobeo 2010.

O Ano Santo é un evento crucial para Galicia. Neste sentido, quero manifestar a satisfacción que para este Goberno —e

estou seguro que para a inmensa maioría das galegas e dos galegos— supón a próxima visita do Papa Benedicto XVI a Compostela o vindeiro 6 de novembro. Unha visita que nos ofrece ademais unha excelente oportunidade para difundir a imaxe do noso país en todo o mundo. Unha visita que temos que agradecer á Igrexa galega, á Igrexa española e ao Santo Pai polo seu compromiso e aposta polo Ano Santo Xacobeo.

En todo caso, cómpre salientar que cando chegamos ao goberno nos sorprendeu o escaso, por non dicir nulo, avance na programación do Xacobeo 2010. En apenas oito meses fixemos un notable esforzo para compensar o tempo perdido. Negociamos patrocinios e confiamos en chegar aos 20 millóns de euros nun contexto de acusada crise económica. Elaboramos unha programación coa que esperamos chegar a máis de 2.000 actividades, dando un protagonismo á presenza da cultura galega e das industrias culturais galegas. Arredor do 70% das actividades do Xacobeo teñen orixe en Galicia.

Fixemos e estamos a facer campañas de promoción e publicidade en todo o mundo e melloramos as rutas e as infraestruturas.

O Plan integral conxunto de rehabilitación, con axudas de 14 millóns de euros para 500 parroquias e 111 concellos.

Temos preparado o Plan corrector dos camiños, con 12 millóns de euros para o Camiño francés, portugués e Fisterra-Muxía, e o Camiño inglés, norte, primitiva e Vía da Prata.

E para ampliar a oferta dos albergues, duplicando por dous a totalidade de ofertas que hoxe temos, pasando de 3.000 a 6.000 prazas. *(Aplausos.)*

Confiamos que o Xacobeo supoña un importante revulsivo para a economía galega. De feito, confiamos en que ese impacto nos permita ser unha das poucas comunidades autónomas que acabará o 2010 con taxas positivas.

Preocúpanos, iso si, o impacto que a suba do IVE poida ter na contracción do consumo e, consecuentemente, no impacto negativo que pode sufrir o sector turístico. E tamén nos preocupa a falla de apoio que polo momento está amosando o Goberno central co Xacobeo.

Como dixeron nesta Cámara, este Xacobeo é unha oportunidade histórica para Galicia, por iso a colaboración de todos, Xunta, Goberno central, concellos, grupos parlamentarios, partidos políticos, sempre será benvida.

Queremos gañarlle a batalla á crise e ao paro. Porque, para nós, a Galicia global que defendemos é o resultado de moitas aspiracións cara ás que temos que traballar unidos como sociedade.

O Goberno pretendeu nestes primeiros once meses promover esa Galicia global traballando en sete eixos. Unha Galicia ordenada e competitiva, unha Galicia preparada, unha Galicia que apoia os seus sectores estratéxicos, unha Galicia con benestar, unha Galicia saudable, unha Galicia orgullosa de si mesma e do seu e unha Galicia aberta.

Competitividade é a palabra clave. Este Goberno pretende que tanto Galicia como as súas empresas sexan competitivas. Para que Galicia sexa competitiva como país consideramos que o noso labor debe centrarse en cinco aspectos: facer posible un sector público eficiente e eficaz; ter unha idea clara de cómo queremos que estea configurado o noso territorio; planificar e executar en prazo as infraestruturas que nos permitan vertebrar o territorio e comunicarnos entre si; garantir o acceso ás novas tecnoloxías que permitan eliminar as fendas dixitais; garantir a máxima seguridade xurídica, o que implica un sistema xudicial con medios. E para que as nosas empresas, xunto co país, sexan competitivos, é necesario tamén que as súas empresas, como digo, sexan competitivas. Por eso temos que fomentar o espírito emprendedor, axudalas a acceder a fontes de financiamento, animalas a que aposten pola innovación e apoialas para que exploren outros mercados e medren internacionalmente.

Paso agora a comentar cómo a Xunta de Galicia trata de sentar as bases desa Galicia ordenada e competitiva como primeiro eixo da intervención.

Un sector público eficaz e eficiente, consciente da limitación dos recursos cos que conta é imprescindible para que un país sexa competitivo. Esta afirmación revélase aínda máis certa en momentos como o actual, marcado por unha drástica caída dos ingresos públicos. Por iso a política de austeridade deste Goberno, ademais dun compromiso ético, é tamén

unha necesidade. Necesidade aínda máis imperiosa cando hai once meses comprobamos un dobre problema nas contas públicas autonómicas.

En primeiro lugar, un burato de máis de mil millóns de euros no presuposto do ano 2009, cunha falsa previsión de ingresos –unha sobrevaloración de 609 millóns de ingresos– e cunha falsa previsión de gastos, con necesidades adicionais non cubertas polos orzamentos en máis de 400 millóns de euros. O primeiro problema. E o segundo, unha débeda que Goberno central nos reclama de preto 2.000 millóns de euros, que se gastaron froito das malas previsións dos orzamentos anteriores.

Con este escenario, a aposta pola austeridade tiña máis sentido que nunca, e nese senso adoptamos dúas medidas con carácter inmediato: dotamos de racionalidade a estrutura do Goberno e aprobamos nos primeiros cincuenta días un Plan de austeridade.

Racionalidade na estrutura do Goberno significou reducir un 25% o número de consellerías, un 50% o número de altos cargos e acometer unha profunda remodelación da Administración periférica, pasando de 52 delegados provinciais a 5 delegados territoriais. *(Aplausos.)*

Pero ese traballo de simplificación ten que continuar. Temos que seguir reordenando e racionalizando o sector público autonómico, e por eso lles anuncio tres compromisos para o ano 2010:

Primeiro. A remisión á Cámara da Lei do Goberno e da Administración pública da Comunidade Autónoma, que substituirá e actualizará a vixente Lei da Xunta e do seu presidente.

Segundo. A remisión á Cámara da Lei de entes instrumentais da Administración autonómica, coa que pretendemos organizar con claridade os distintos tipos de entes e as súas correspondentes funcións.

Terceiro. O primeiro Plan de avaliación de organismos dependentes da Xunta de Galicia; un plan no que se teñen avaliado polo miúdo un total de 63 entes e que inclúe tamén unha proposta de supresión e redimensionamento de boa parte deles. *(Aplausos.)*

Plan de austeridade.

A segunda medida que adoptamos foi aprobar o Plan de austeridade nos primeiros cincuenta días de goberno. Un plan co que só como consecuencia da redución das consellerías, da redución dos altos cargos e do persoal de gabinete conseguírase aforrar 44 millóns de euros nesta lexislatura. Pero a austeridade, a eficiencia e a racionalidade seguirán marcando a nosa política no ano 2010.

Baixamos un 3% o soldo do Goberno e de todos os altos cargos. Baixamos case un cuarta parte os gastos de personal eventual e de gabinete. Baixamos un 15% os gastos de material de oficina, un 16% os gastos de protocolo, un 22% os gastos de propaganda e publicidade, un 17% as reunións e conferencias e as dietas case un 12%. *(Aplausos.)* Así, ata reducir nunha media do 28% os gastos de funcionamento, é dicir, os gastos non produtivos. Hoxe somos unha das tres comunidades autónomas que máis aforrou nos gastos non produtivos no ano 2010.

Pero a austeridade, como lles dicía, a eficiencia e a racionalidade seguirán marcando a nosa política nos orzamentos do 2010.

En definitiva, cumprimos coa obriga de calquer goberno responsable nun contexto difícil. En primeiro lugar, pagamos o que debemos, e, en segundo lugar, non gastamos o que non temos. E neste punto... *(Aplausos.)* quero reiterar a importancia de ter pechado o exercicio 2009 cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria marcado no 1% do PIB da comunidade. Somos unha das poucas comunidades que pode acreditar ese logro de xestión colectiva. De feito, quedamos por debaixo da media de déficit estimada polo Estado para as comunidades autónomas, que é do dobre, do 2,2% do PIB.

En definitiva, señorías, once meses despois cremos que Galicia conta cun sector público máis eficiente, cunha Administración máis lixeira e austera e cun gasto público axustado á estabilidade orzamentaria.

A Galicia global.

A Galicia global e competitiva susténtase sobre as ideas de equilibrio e unidade. Se queremos ser competitivos, debemos partir da base de ter unha estrutura territorial ordenada.

En oito meses presentamos o Plan do litoral. O plan abarca máis de 212.000 hectáreas, algo máis do 7% do territorio de Galicia, que queda así protexido e ordenado. O obxectivo é que ao final deste ano estea aprobado definitivamente o primeiro Plan do litoral da historia da nosa Comunidade Autónoma.

En segundo lugar, aprobaremos as Directrices de ordenación do territorio de Galicia. Subsanamos a inseguridade xurídica herdada na tramitación das directrices e elaboramos un novo documento de inicio, que se someteu ao período de consultas. Ao longo deste ano, e de maneira paralela ao Plan de ordenación do litoral, remitiremos as directrices a este Parlamento para que poidan ser aprobadas, no seu caso, definitivamente.

E como terceiro eixo nestes once primeiros meses, é a aprobación e a modificación da Lei de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia. Esta modificación está pactada. Está pactada cos concellos e coas provincias a través da Fegamp. Supón acurtar nun terzo os prazos para a intervención autonómica no procedemento de aprobación do planeamento urbanístico, reducindo de tres a dous meses os informes da Administración autonómica. E supón intensificar o papel responsable dos municipios nas súas competencias. *(Aplausos.)*

Considero, pois, que o feito nestes once meses, xunto coas previsións para o ano 2010, vainos permitir contar coa ordenación territorial máis completa que nunca tivo Galicia. Unha ordenación que, como non pode ser doutro xeito, está e segue aberta á colaboración, segue aberta á participación e segue aberta ao consenso coas institucións, coas organizacións políticas, colectivos sociais, cidadáns en xeral e, sobre todo, coas súas señorías. Neste sentido, quero reiterar a nosa oferta para impulsar un amplo pacto polo territorio.

O terceiro aspecto clave para a construción dunha Galicia competitiva é o das comunicacións.

Nos catro primeiros meses aprobamos o Plan MOVE, que orienta ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país. Deste xeito, o Plan MOVE suporá un investimento de máis de 4.200 millóns de euros entre os anos 2009 e 2015.

A modo de resumo, o Plan MOVE supón multiplicar por tres os quilómetros de vías de altas prestacións, pasando de 334

a 913. Obxectivo: que o 80% da poboación estea a menos de dez minutos dunha vía de alta capacidade.

O Plan MOVE supón a mellora da rede convencional en máis de mil quilómetros de rede convencional. E supón, en terceiro lugar, máis seguridade viaria, co obxectivo de reducir ata un 50% a sinistralidade e o número de falecidos nas estradas da rede autonómica.

Así mesmo, podo anunciarlles o compromiso do Goberno de presentar este ano na Cámara o proxecto de lei de creación da Axencia Galega de Estradas. Esa axencia permitirá a xestión de todas as estradas de competencia da Comunidade Autónoma dende a optimización orzamentaria, contractual e organizativa.

O impulso da alta velocidade ferroviaria e o Acordo do Obradoiro.

O 2009 foi o ano do Acordo do Obradoiro; un acordo formal e solemne que permite desbloquear a execución das obras de alta velocidade ferroviaria en Galicia, logo dos retrasos insostibles e dos sucesivos anuncios de prazos irrealizables que os galegos tivemos que soportar durante os anos anteriores.

O compromiso é claro: licitación de obras por importe de 4.700 millóns entre o ano 2009 e o ano 2010, co fin de que no ano 2015 as cidades galegas estén conectadas con Madrid en menos de tres horas. *(Aplausos.)*

Señorías, ata o de agora o acordo está a dar os seus froitos, téndose licitado 1.456 millóns de euros no ano 2009. O acordo sinala que durante o ano 2010 se deberán licitar 3.362 millóns, é dicir, 300 millóns cada mes. Dende a Xunta continuaremos co seguimento da marcha destes traballos, co fin de que no ano 2010 estemos ao mesmo nivel de cumprimento que no 2009. E, neste sentido, presentaremos unha atención especial –digo atención especial– á conexión de Ferrol, á conexión con Lugo, ao enlace directo de Vigo con Ourense, así como ao AVE Vigo-Porto. *(Aplausos.)*

No ámbito da vertebración e comunicación do territorio tamén temos que ter en conta o feito no eido do transporte público, tanto en viaxeiros por estrada como por ferrocarril como o transporte aéreo.

Neste ámbito do transporte de viaxeiros por estrada destacan dúas actuacións nos once primeiros meses. Aprobamos, e este Parlamento é testemuña, a Lei de medidas urxentes para a modernización do transporte por estrada. Intensificamos os traballos do novo Plan de transporte metropolitano de Galicia e así, a finais do mes de xuño, implantaremos definitivamente as áreas da Coruña, Ferrol e Santiago; en setembro, Lugo e Ourense; e antes de rematar o ano, Vigo e Pontevedra.

No ámbito do ferrocarril convencional traballamos en tres medidas: trasladamos ao Ministerio de Fomento o noso interese –manifestado por unanimidade das forzas da Cámara– de avaliar a creación dun ente ferroviario galego que poida xestionar unha rede de infraestruturas ferroviarias baseadas nas que quedan en desuso coa chegada do AVE. Nas vindeiras semanas licitaremos o estudo de viabilidade dunha rede de metro lixeiro de carácter metropolitano para as áreas de Vigo, Coruña e Santiago. E estamos colaborando con todas as administracións para a construción e o financiamento das estacións intermodais nas cidades galegas.

A este respecto estamos ultimando o modelo a implantar na Coruña e Vigo e o modelo xa está moi avanzado en Compostela. Seguiremos insistindo, cofinanciando, cofinanciando, e colaborando no resto das cidades.

En materia de transporte aéreo, estamos convencidos da necesidade de optimizar os nosos aeroportos. E estamos tamén convencidos na coordinación e na colaboración entre as tres terminais na perspectiva de que nun futuro funcionen como un único sistema aeroportuario galego. Neste sentido, consideramos moi importante a creación do Comité de Rutas, e quero destacar especialmente que por primeira vez a Xunta puxo en marcha directamente cinco novas rutas aéreas nos tres aeroportos galegos: Amsterdam, Bruxelas, Zürich, Sevilla e Valencia.

Outra das novas liñas é o Plan de mobilidade alternativa verde, consistente na creación dunha rede básica de vías ciclistas e ciclistas-peonís en Galicia, o plan para fomentar este tipo de transporte que está sendo elaborado ao longo do presente ano e nel concretaremos os quilómetros e as vías onde imos actuar.

O cuarto factor clave para que un país sexa competitivo sen dúbida é as tecnoloxías, o fomento do uso das novas tecno-

loxías. Este eixo concrétese en tres decisións adoptadas nestes once primeiros meses: creamos a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, que aglutina por primeira vez nun único órganos as distintas competencias autonómicas; promovemos a sinatura do acordo coa Xunta, coas deputacións e cos concellos para lograr a implantación da administración electrónica; e, en terceiro lugar, aprobamos o Plan director de banda larga, para facer posible o acceso de todos os galegos á sociedade da información.

Con este plan queremos reverter a actual situación: case un 30% da poboación vive en núcleos de poboación sen acceso á banda larga. Por iso, contamos con máis de 100 millóns de euros directamente investidos pola Xunta de Galicia, que pretendemos ampliar co financiamento privado a máis de 230 millóns de euros.

O obxectivo é que en 2013 o 94% da poboación galega teña acceso á banda larga, cubrindo o 6% restante con servizos de acceso vía satélite. Pero, a máis curto prazo, perseguimos xa que no 2011 se reduza en máis dun 50% a fenda dixital existente nas provincias de Lugo e Ourense. *(Aplausos.)*

Pero en 2010 temos outro importante compromiso en materia de tecnoloxías da información e da comunicación. Presentaremos antes do verán o primeiro Plan estratéxico tecnolóxico global da Xunta de Galicia. Este plan preséntase como a política das TIC da Xunta para toda a Administración galega e ao servizo aos cidadáns, ás empresas e aos propios traballadores públicos.

O quinto factor para construír unha Galicia competitiva é contar cunha Xustiza áxil e moderna. Nos primeiros catro meses, presentamos o Plan de infraestrutura xudicial 2010-2015, hoxe en despregamento, un plan que concreta un investimento sen precedentes, 100 millóns de euros nun total de 64 actuacións e vinte delas de nova construción ou gran reforma.

Señorías, nos seis próximos anos investirase máis do dobre que se investiu nos últimos catorce en Xustiza.

Neste ano 2010 investiremos en actuacións da nova planta, unha reforma de máis de 28 millóns de euros. Iniciaremos os novos edificios xudiciais de Ourense e de Santiago e estamos agardando a cesión dos terreos en Pontevedra e en Vigo

e estamos elaborando o proxecto de viabilidade para implantar a Cidade da Xustiza na Coruña nas instalacións da Fábrica de Tabacos. *(Aplausos.)*

Señorías, como segunda medida fundamental, no ámbito da Xustiza, foi poñer en marcha o Plan de medidas urxentes en materia tecnolóxica da Administración da xustiza. E quero destacar o esforzo realizado pola Xunta de Galicia para pagar o que se debía, para pagar o que se debía na xustiza gratuita. No primeiro mes de Goberno pagamos os pagos pendentes da Xunta aos avogados e aos procuradores de oficio, e hoxe os pagos tramítanse en prazo, tendo aumentado un 16% o presuposto e retomando o diálogo.

Acabamos de ver cales son os principais factores necesarios para unha Galicia ordenada e competitiva, pero sabemos tamén que para acadar un país competitivo cómpre contar con empresas competitivas. O primeiro, na nosa opinión, é facilitar a implantación das empresas e apoiar os autónomos. Aprobamos a planificación do solo empresarial ata o 2015, 36 novos parques ata o 2012, con 18 millóns de metros cadrados, e 72 no horizonte do 15, con 36 millóns de metros cadrados.

Así mesmo, estamos fomentando e implantando as empresas cun equilibrio territorial. Nos seis primeiros meses, en colaboración cos axentes sociais, puxemos en marcha o Plan Impulsa Lugo e o Plan Impulsa Ourense, co obxectivo de incentivar investimentos nestas provincias e con criterios de discriminación positiva, con axudas que poden chegar ata o 50% do investimento, *(Aplausos.)* e reactivamos o Plan Ferrol, amosando o compromiso de todo o Goberno co seu desenvolvemento e execución.

Así mesmo, desde a Xunta estamos a prestar unha atención especial aos autónomos como un dos motores de desenvolvemento económico da sociedade. O noso compromiso cos 224.000 autónomos galegos empezou a visibilizarse. Puxemos a funcionar a Mesa do Autónomo, reclamada dende hai moito tempo. Froito do traballo desta mesa, aprobaremos o Plan de emprego autónomo e o emprendedor, e este Plan de emprego autónomo irá enmarcado no Plan autonómico de emprego 2010-2013, que se está a debater nas mesas de diálogo social.

Pero nestes momentos, señorías, unha das maiores dificultades que existen para as empresas en toda España, e tamén en Galicia, é o acceso ás fontes de financiamento. Catro son as

medidas adoptadas nestes once meses para paliar esta situación. Nos primeiros cinco meses aprobamos o Plan re-Solve e o Plan re-Brote, é dicir, mobilizar 400 millóns de euros para facilitar o acceso ao crédito a través de avais; un apoio ao sector da liquidez das empresas sen precedentes. Resultado: as sociedades de garantías recíproca aceptaron case catro de cada cinco solicitudes.

A terceira medida foi a posta en marcha da factura electrónica e do rexistro de facturas.

E a cuarta medida é o compromiso da Xunta de Galicia de pagar aos provedores en corenta e cinco días, o que nos levará a ser unha das administracións con menor prazo de pago de España. Con esta medida situamos (*Aplausos.*) a Galicia á cabeza das comunidades autónomas no que se refire aos pagos.

Pero, por moito que se pretenda facer dende o sector público, a clave desta problemática está nas entidades financeiras. Neste escenario é fundamental contar con entidades financeiras –reitero–, neste escenario é fundamental contar con entidades financeiras galegas, comprometidas co desenvolvemento do noso territorio, e dispostas a priorizar o financiamento nos proxectos estratéxicos de Galicia.

En definitiva, as posibilidades das nosas empresas para acceder a vías de financiamento e liquidez serán ben diferentes, se Galicia conta cunha gran caixa de aforros propia –que se convertería na quinta caixa de España– ou se, pola contra, os centros de decisión das caixas se sitúan finalmente fóra da nosa comunidade autónoma.

Sen dúbida, outro dos aspectos clave da competitividade das empresas é a necesidade de abrirse a outros contornos e ampliar os seus mercados. En 2009 hai apoios destinados á internacionalización das empresas polo Igape, medrando o seu presuposto na internacionalización nun 56%. Pero non é suficiente –sabémolo–, non é suficiente. Proseguiremos abrindo liñas de prospección internacional, creando consorcios de exportacións e redes de colaboración con axencias de desenvolvemento rexional en Alemaña, en China, Xapón e en Estados Unidos. E plantexaremos o plan estratéxico da Galicia empresarial da diáspora.

Por último, xunto coa internacionalización, outro factor clave para a competitividade empresarial é a innovación.

Quero destacar tres actuacións feitas no ano 09 e dúas actuacións comprometidas para o ano 10.

No 2009, habilitamos o anticipo do 80% nas axudas de I+D+i concedidas ás empresas. En segundo lugar, adiantamos a posta en marcha da rede de xestores de innovación de Galicia coa inserción de 50 xestores en 50 empresas, e mantivemos o apoio á I+D+i nos orzamentos para o 2010.

Os orzamentos do Estado baixaron un 15% no I+D+i; os orzamentos de Galicia mantivéronse incluso cun pequeno incremento do 0,3%. (*Aplausos.*)

Seguiremos elaborando e aprobaremos o novo Plan galego de innovación para o período 2011-2016. E quero anunciarlles que todas as políticas de innovación da Xunta incorporaranse á nova Axencia Galega de Innovación, coas que damos cumprimento a outro dos compromisos electorais. Esta axencia incorporará todo o persoal da Dirección Xeral de I+D, que desaparece, e integrará a Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento, que tamén se suprime. Así, desde a coordinación con todos os axentes de I+D+i, incluídas as universidades e os centros tecnolóxicos, con transparencia, poñeremos unha Axencia Galega de Innovación á disposición dos tecidos produtivos galegos. (*Aplausos.*)

Señorías, no contexto no que nos movemos, o capital humano é a base dunha sociedade desenvolvida e próspera. Galicia conta xa cunha xuventude que pode ser considerada como a mellor preparada da súa historia, pero sabemos que nestes momentos é necesario dar un paso máis. O éxito é agora contar cunha sociedade formada, pero tamén cunha sociedade ocupada. Para iso este Goberno ten na mellora do sistema educativo e nas políticas activas de emprego os dous resortes para conquistar unha Galicia preparada.

Un sistema educativo de calidade aséntase principalmente sobre os medios humanos que o conforman. A pesar do momento de crise que se está a vivir, a Xunta fixo un importante esforzo para seguir incrementando as prazas de docentes, e así ofertamos no ano 09 e no ano 10 1.740 novas prazas de profesores para o ensino público galego.

Introducimos as novas tecnoloxías no ensino a través do Proxecto Abalar. Unha educación de calidade non soamente existe alumnos e profesores, tamén medios técnicos e novas

tecnoloxías, e con este fin xa presentamos o Proxecto Abalar, cun dobre obxectivo: que toda a comunidade educativa poida sacar o máximo aproveitamento ás TIC, que as accións formativas para o profesorado e a posta en marcha dun portal web para que tanto os profesores, tamén os alumnos e –por que non– tamén os pais poidan ser partícipes en todo momento do proceso educativo. E que os alumnos dos últimos cursos de primaria e de secundaria conten con ordenadores para un mellor desenvolvemento dos seus estudos. Inicialmente serán 14.500 alumnos os que no próximo curso poderán contar cun ordenador, co obxectivo de chegar a 87.000 ordenadores, 87.000 alumnos con ordenador, no ano 2013. *(Aplausos.)*

A calidade do sistema educativo tamén ten que ver coa súa accesibilidade. E nesta liña o Goberno adoptou dúas medidas. A primeira, no ámbito de comedores escolares: incrementamos en 2.500 o número de alumnos que utilizaban o dito recurso. E no que atinxe aos libros de texto, este Goberno substituíu o anterior modelo de préstamo polo de propiedade, baseado na gratuidade solidaria.

Entendemos que este modelo é máis útil e formativo, pois os libros adquirense en propiedade, non en préstamo. E entendemos que é máis solidario e xusto porque concentra os esforzos económicos nos que máis o necesitan, sen dúbida. *(Aplausos.)*

Un dos principais retos que a educación ten é o fomento e posta en valor da formación profesional. Para conseguilo temos que modernizar a oferta formativa. Nestes once meses cómpre destacar dous avances, na nosa opinión moi claros. Primeiro, na adaptación dos currículos de ciclos formativos á Lei orgánica de educación levamos vinte títulos adaptados en once meses, fronte a seis títulos adaptados nos últimos catro anos.

E, en segundo lugar, na ampliación da oferta integrada de FP no sistema educativo, con once novos ciclos de grao superior e oito novos ciclos de grao medio.

O Goberno aposta de xeito firme por unha universidade aberta a un mundo plural. Neste sentido no ano 09 foi un ano clave para o sistema, para a necesidade de adaptar o sistema universitario galego ao espazo europeo de educación superior.

No marco desta adaptación é necesaria a racionalización das titulacións. No 2010 está prevista a aprobación de corenta e cinco títulos de grao; isto implica acadar un consenso coa comunidade universitaria, facer un esforzo por evitar reiteiracións e concentrar a oferta do sistema universitario galego en cento vinte títulos de grao, vinte e oito menos que os actuais.

Ademais, en 2010 continuaremos con medidas de apoio aos estudantes universitarios; conxelamos as taxas no 2010 e mantemos as ofertas, a oferta de bolsas e premios de excelencia académica. Estamos a traballar no que será o novo plan de financiamento do sistema universitario galego, confiando en que as súas determinacións se vexan reflectidas no ano 11. Este novo plan atenderá tres finalidades: equidade, financiamento por resultados e eficiencia do sistema universitario galego. *(Aplausos.)*

Quero destacar, por último, o compromiso que a Xunta deu ao Campus Vida de Santiago e o compromiso que vén de asumir coa Universidade de Vigo para impulsar o Campus do Mar, un compromiso concretado na garantía de disposición de terreos suficientes para este proxecto da Universidade de Vigo.

Señorías, Galicia é bilingüe; os galegos temos dúas linguas, galego e castelán, e esa é unha riqueza da que temos que estar orgullosos e que ademais temos que aproveitar. Sen embargo, a Galicia preparada á que aspiramos debe de dar resposta a unha das principais eivas coa que os alumnos se teñen atopado tradicionalmente; refírome á aprendizaxe e dominio do inglés, ademais das dúas linguas oficiais de Galicia.

Estas inquiredanzas son as que amosaron os pais e as nais dos alumnos no noso sistema educativo o pasado mes de xuño; máis de 300.000 familias foron invitadas a participar nunha consulta para saber o que opinan sobre o uso das linguas na educación dos seus fillos; nesa consulta unha ampla maioría dos pais inclináronse pola educación dos seus fillos nas dúas linguas oficiais, sendo clara minoría os que se inclinaban pola educación nunha soa lingua. Ademais, a gran maioría manifestou a súa preferencia porque o inglés puidera incorporarse progresivamente como lingua de ensino en determinadas materias. Pois ben, estes son os eixos ou principios básicos sobre os que se conforma a proposta que o Goberno

presentou para a elaboración dun Decreto do plurilingüismo no ensino, uns principios que se concretan:

O primeiro, a garantía do equilibrio; a garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas das dúas linguas oficiais de Galicia, co obxecto de asegurar a adquisición da competencia plena en ambas.

O segundo, a adquisición dun coñecemento efectivo de linguas estranxeiras nun marco xeral de promoción de plurilingüismo no sistema educativo galego.

O terceiro, a liberdade de uso, a liberdade de uso de calquera das dúas linguas oficiais por parte dos alumnos nas aulas e nos exames.

A cuarta, a participación e a colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo, co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos, partindo do criterio pedagóxico que establece a Administración educativa.

E, por último, a promoción e a dinamización permanente da lingua galega nos centros do ensino.

Estes son os piares, estes son os piares que informan o texto articulado do decreto presentado recentemente, un texto no que se teñen incorporado numerosas achegas das institucións e asociacións consultadas, nun proceso de diálogo levado a cabo pola Xunta que non ten precedentes nesta materia. Un texto que será sometido agora aos trámites preceptivos, co compromiso de aprobalo definitivamente no Consello da Xunta para a súa aplicación no vindeiro curso 2010-2011 (*Aplausos.*)

Nós seguimos apelando ao consenso e invitamos a todos os que defenden, a todos os que defenden, o equilibrio lingüístico, a promoción do galego, a traballar para recuperar nas aulas a cordialidade lingüística que se vive nas rúas.

Como queda dito, só a través dun bo sistema educativo o tecido produtivo galego será capaz de atopar os recursos humanos necesarios.

Pois ben, quero destacar unha medida urxente que adoptamos, antes de cumprirse os primeiros cen días, para tentar paliar a situación dos parados de longa duración e que tive-

sen esgotadas as súas prestacións. Destinamos 30 millóns de euros extraordinarios para fomentar a contratación de 4.000 desempregados de longa duración.

Destacarei tres medidas iniciadas xa nestes once meses e que terán continuidade no ano 10.

Quero salientar como medida clave o impulso e a reactivación do diálogo social, un traballo rigoroso e profundo que se está a levar a cabo en catro mesas, con plena e responsable implicación dos sindicatos e dos empresarios.

En segundo lugar, o Plan autonómico de emprego 2010-2013, cunha previsión orzamentaria de 1.200 millóns de euros, que ten unha serie de obxectivos: a mellora da empregabilidade, a mellora da adaptabilidade e readaptación dos desempregados cara a novos sectores de emprego e a igualdade de oportunidades, con medidas específicas no emprego xuvenil, no emprego feminino, nos autónomos e nas persoas con discapacidade ou algún risco de exclusión social.

Neste plan de emprego contemplárase tamén a necesaria modernización integral do servizo público de emprego de Galicia. Por iso tomaremos medidas na mellora do equipamento tecnolóxico, na adecuación de locais –actualmente 52 oficinas xestiona a Xunta de Galicia–, tanto no que se refire á formación do seu persoal como ao fomento dos trámites telemáticos.

Este Goberno asume o compromiso de apoiar os sectores estratéxicos que ben polo nivel de emprego que xeran ou ben polas súas potencialidades son un elemento indispensable para a configuración da Galicia global a que aspiramos.

Centrareime en oito sectores clave que xuntos supoñen unha boa porcentaxe do PIB galego: o mar, o agrogandeiro, a automoción, o turismo, a enerxía, o comercio, o téxtil e o naval.

Sen dúbida, un destes sectores estratéxicos é o sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola. Xunto coa industria transformadora e comercializadora dos produtos do mar, supoñen máis de 46.000 empregos directos e ao redor de 4.700 millóns de euros de facturación.

Quero destacar as dúas cuestións fundamentais nestes once primeiros meses. Este Parlamento tamén é testemuña da

aprobación da nova lei, un texto xa en vigor e consensuado co sector. E tamén a aprobación do novo Plan acuícola, que desbloquea o sector, garantindo a seguridade xurídica e que suporá a capacidade de investir 350 millóns de euros e a posibilidade de xerar 1.500 empregos.

Para o ano 2010 contemplamos as seguintes prioridades: continuaremos coa Lei de pesca aprobando regulamentos de desenvolvemento e na acuicultura tramitaremos, en paralelo co Plan do litoral, a incorporación doutras posibles zonas para completar así as zonas acuícolas.

Así mesmo, tamén traballaremos para a mellora dos sistemas de comercialización da cadea mar-industria, para eliminar os atrancos e poder acceder ao emprego no mar, para medidas de recuperación de zonas improdutivas para o marisqueo, para tratar de asegurar o *statu quo* para os niveis e métodos de detección de biotoxinas e obtendo unha moratoria para a comercialización dos produtos procedentes das zonas C, e por suposto cunha loita clara e decidida contra o furtivismo.

Igual que sucede no caso do mar, os outros puntais do sector primario en Galicia, a agricultura e a gandería, están experimentando un intenso proceso de reestruturación.

Cómpre lembrar que a importancia do sector agrogandeiro non se reduce só ao emprego –máis de 65.000–; trátase, ademais, dun sector clave no reequilibrio territorial e na fixación da poboación no medio rural.

O ano 2009 foi especialmente complicado no caso concreto do sector lácteo. Cando chegamos ao Goberno, herdamos unha situación de gravísima crise no sector. En abril de 2009 os prezos do leite levaban dezanove meses de caídas ininterrompidas; por iso tentamos actuar dende o primeiro momento; tomamos medidas urxentes, chegando a mobilizar máis de 90 millóns de euros en todas as accións posibles; presentamos e consensuamos o plan estratéxico para o sector lácteo, que suporá un investimento de 830 millóns de euros no período 2009-2013, e antes do verán poñeremos por primeira vez en marcha a marca de calidade superior do leite galego, aprobando un decreto para crear un rexistro de explotacións lácteas de calidade diferenciada. Sabemos que a diferenciación do leite producido en Galicia pode supoñer un plus para os nosos produtores, e por iso, por primeira vez, o leite galego terá unha marca.

Ademais do sector lácteo, sen dúbida hai outros sectores: o sector vitivinícola e agroindustrial. Imos apoiar a reconversión dos viñedos, promovendo as castes autóctonas de calidade, e imos internacionalizar os nosos viños.

En agroindustria, as axudas da Xunta están a permitir a creación de máis de 200 novos postos de traballo e o mantemento de 1.800. Temos medidas no sector forestal; co fin de superar o minifundismo, plantexaremos unha nova figura de agrupación forestal que aprobaremos nos vindeiros meses; o obxectivo é favorecer a xestión conxunta para facilitar iniciativas de explotación forestal economicamente viables e socialmente e ambientalmente sostibles. Estamos ultimando o texto da Lei de montes, que someteremos nos vindeiros meses ao sector para que aporte as súas suxestións.

E tamén queremos seguir impulsando o noso medio rural, co achegamento ás novas tecnoloxías, aproveitando o Plan de banda larga do que falamos e poñendo en marcha a oficina agraria virtual, é dicir, realizar vía internet numerosos trámites –maior comodidade para os gandeiros e os agricultores– e prestar servizos directamente desde o rural a administración.

Sen dúbida, a automoción é un sector clave e estratéxico para Galicia: 21.000 empregos directos, outros 10.000 indirectos, máis de 32.000 familias viven do sector da automoción.

Cando chegamos ao Goberno, a compra de vehículos novos estíbale desplomando. Desde a Xunta actuamos de acordo co clúster do automóbil, coa factoría PSA-Citroën e cos concesionarios e talleres, e fixémoslo en dúas direccións: incentivando a compra de vehículos, a través do Plan Re-Móvete, que aprobamos nos cen primeiros días; resultado: 370 millóns de euros en vendas de vehículos, atendendo máis de 22.000 solicitudes (*Aplausos.*) Resultado: o resultado é que Galicia pechou no ano 09 cun aumento do 4% de matriculación de vehículos e o resultado é que no resto de España as matriculacións caeron un 18%; iso permitiu consolidar os empregos de máis de 25.000 traballadores.

E, en segundo lugar, apoiando as oitenta e dúas empresas do clúster do automóbil cun plan industrial dotado de 60 millóns de euros, para financiar novos investimentos, para financiar capital circulante e para levar a cabo iniciativas de innovación no sector.

O sector turístico é un dos principais recursos económicos que temos. Supón ao redor de 70.000 empregos directos e 44.000 empregos indirectos. De acordo cos últimos datos do 09, a evolución do sector, sempre difícil en época de crise, está a ser comparativamente mellor que no conxunto de España. Namentres nos hoteis as pernoitas caeron en España o dobre que en Galicia, namentres os apartamentos caeron en España 7 puntos e se incrementaron 10 en Galicia, namentres que o turismo rural creceu en Galicia tres veces máis que no resto de España e namentres que no cámping diminuíu medio punto en España e creceu 1,4 en Galicia.

Pero iso non significa que non necesitemos plans de acción de turismo en Galicia, un plan con obxectivos claros: aumentar a estancia media, aumentar o gasto medio diario, desestacionalizar a demanda e facer do turismo un factor clave de equilibrio territorial.

Este plan, cunha folla de ruta concreta, coa definición de oitenta liñas de actuación, e un plan para consolidar produtos tradicionais como o termalismo, o turismo cultural ou gastronómico e incorporar novas vías de expansión como o turismo náutico e a natureza.

Outro sector no que Galicia conta cun elevado potencial é o sector vinculado á enerxía e particularmente ás enerxías renovables.

Este Goberno cumpriu o compromiso electoral no referido a enerxía eólica; este Parlamento volve ser testemuña de que se aprobou en oito meses unha nova lei que aporta transparencia e seguridade xurídica ao sector. Grazas a esta lei os concellos pasan a ser partícipes dos beneficios da enerxía eólica a través dun canon a aboar polas empresas; por primeira vez, por primeira vez na Autonomía a Facenda dos galegos vese beneficiada directamente coa produción da enerxía eólica; ingresamos 23 millóns de euros no primeiro ano do canon e pensamos chegar ata 30 millóns de euros anuais cando licitemos a totalidade dos megavatios.

Nestes once meses de xestión sacamos a concurso 252 megavatios, correspondentes a plans eólicos empresariais que aínda non estaban concluídos.

E quero anunciarlles un novo compromiso. Antes de cumprir o primeiro ano de goberno publicárase no *Diario Oficial de*

Galicia a convocatoria pública para adxudicar outros 2.300 megavatios, esta vez con plenas garantías de obxectividade, de transparencia e de seguridade xurídica. Podo avanzarlles algunhas desas novas garantías que estarán dentro desta convocatoria: definíranse previamente dez zonas nas que se poderán ofertar parques eólicos; isto implicará a realización de dez convocatorias nun único concurso. Establecerase un límite de megavatios, co fin de evitar a concentración nas adxudicacións. O investimento e o emprego –insisto: o investimento e o emprego– serán os criterios que máis se valoren nas adxudicacións.

O noso principal obxectivo no ámbito do comercio foi traballar dende o primeiro día nun novo marco regulador adaptado á realidade actual dun sector que representa o 10% do PIB, 45.000 comerciantes, 110.000 postos de traballo.

Este Parlamento volve ser testemuña de que nos once primeiros meses o Consello da Xunta remitirá o anteproxecto da Lei do comercio. Unha nova norma, ben recibida polo sector, coa que pretendemos acadar un equilibrio entre a defensa dos dereitos do consumidor e os intereses do pequeno e mediano comercio dentro dun escenario de liberalización europea derivado da Directiva dos servizos.

Ao longo do ano 10 adoptaremos cinco medidas no ámbito do comercio: aprobaremos o Estatuto galego do consumidor e usuario, acometeremos un plan de mediación reducindo os prazos á metade da resolución das reclamacións. E quero salientar o apoio integral ao comercio galego presentando nas vindeiras semanas o Plan Ágora, cunha dotación que rolda os 130 millóns de euros. (*Aplausos.*) Un plan particularmente importante neste momento, diante da inminente suba do IVE, impulsada polo Goberno central.

Entre as diferentes medidas e liñas recollidas neste plan está a rede de innovación do comercio –enlace permanente entre a Xunta e o sector–, medidas de formación e asesoramento e o Observatorio de Comercio de Galicia como órgano asesor, consultivo, de estudo, de formación en materia de comercio.

Non quero pasar este punto sen facer unha breve referencia a dous sectores fundamentais: o naval e o téxtil. No que atinxe ao sector naval, cómpre destacar o compromiso cos estaleiros galegos. A finais do pasado ano incrementamos nun 20% o Fondo de Garantía para dez estaleiros galegos cunha

achega pública extraordinaria, que xerou un efecto multiplicador, ata chegar a 56 millóns de euros. Unha achega imprescindible para aliviar a situación financeira que está a sufrir un sector que emprega máis de 10.000 persoas e factura en torno a 850 millóns de euros.

Tamén seguimos demandando –e seguiremos– que en Ferrolterra se poidan construír e reparar buques civís. Seguimos insistindo ante o Goberno de España para o levantamento do veto á construción naval civil no estaleiro de Fene. E o compromiso do presidente do Goberno de facer as xestións durante a súa presidencia na Unión Europea esperemos que dea resultado, aínda que estamos no ecuador xa desa presidencia e de momento non temos os resultados pretendidos.

Diciamos que a crise está afectando a moitos sectores, pero de xeito moi notable ao sector téxtil: 14.000 persoas, 1.200 empresas. Nós estamos decididos a apoiar con firmeza a este sector. Onte mesmo presentamos o plan para promover a inserción laboral das persoas desempregadas. O obxectivo é que máis de 300 persoas consigan un posto de traballo grazas ás accións contempladas nas referidas medidas. Isto non é suficiente, nas vindeiras semanas presentaremos o Plan estratéxico para o sector téxtil. Dentro deste plan contemplaremos un paquete de axudas específicas: axudas destinadas á reestruturación financeira e organizativa das empresas para consolidalas no escenario actual de crise.

Pero non quero rematar –como digo– este punto sen reiterar a nosa aposta pola política de clústers, como medio para mellorar a competitividade. Nesta liña é de destacar a benvida a dous novos clústers nos últimos meses creados: o Clúster da Pedra Natural, con 200 empresas, e a Asociación Clúster da Xeotermia Galega, un colectivo de carácter pioneiro non só en Galicia senón en España. Seguimos apoiando estas iniciativas con medidas concretas e medidas efectivas, e por iso no último Consello aprobamos o anticipo de ata o 80% dos importes das subvencións aos clústers.

Pero a Galicia global que queremos debe ser unha Galicia que procure non só a prosperidade, senón que permita contar cunha rede de servizos que garanta o benestar dos seus habitantes. Entendemos esa garantía de benestar como unha prioridade e como un dos importantes retos que temos diante do futuro inmediato.

Quero destacar brevemente o que levamos feito nestes once meses, así como os compromisos que asumimos en sede parlamentaria para os seguintes.

No que se refire á dependencia, permítanme os seguintes datos: rematamos 2009 atendendo un 72% máis de dependentes que a lexislatura anterior; pasamos de 14.000 a 24.000, 10.000 dependentes máis atendidos en oito meses; superamos o noso compromiso electoral de atender a 16.000 grandes dependentes, chegando a 19.500; e reducimos á metade os prazos cun novo decreto de tramitación. Acabamos de pagar os atrasos acumulados incluso desde o ano 2007 a outros 8.800 dependentes.

Señorías, e isto a pesar das graves dificultades co financiamento da Lei da dependencia, no que a Xunta está a aportar practicamente o dobre do que nos correspondería en relación co Estado. (*Aplausos.*)

En aras ao rigor, señorías, quero dicirlles que non poderemos manter este ritmo se o Goberno central non cumpre os principios da Lei da dependencia, financiando ao 50% coa Xunta a totalidade dos custos da aplicación da referida lei. En 2009 a Xunta achegou 375 millóns de euros; o Estado, 145. Faltan alomenos 200 millóns de euros anuais que lle correspondería ao Goberno central para poder cumprir todas as obrigas da Lei da dependencia. O Estado de dereito afecta ás comunidades autónomas e ao Goberno de España igualmente.

Señorías, 4.500 novas prazas de servizos sociais; prazas para persoas con discapacidade, cun incremento do 9,7, 376; prazas para educación infantil, 1.834 novas prazas de garderías; prazas para persoas maiores, 2.271 prazas, é dicir, un 40%; 1.121 en residencias de maiores, 920 en 21 centros de día e 210 en centros de Alzheimer.

Señorías, acabamos de presentar o Plan de acción social 2010-2013. Un plan que comprende todos os eidos da política social: dependencia, persoas con discapacidade, familia, maiores e xuventude. Un plan que supón o maior esforzo na mellora das políticas sociais no peor momento da Facenda autonómica, un investimento de 2.000 millóns de euros; a creación de máis de 4.500 prazas públicas de escolas infantís, que nos permitirá superar no 2013 a ratio recomendada pola Unión Europea; e 2.800 prazas novas en centros de día para persoas maiores.

Quero referirme brevemente a outro dos eixos deste Plan de acción social que, na miña opinión, debe converterse dende agora nun obxectivo de país. Estou falando do rexuvenecemento de Galicia. O Goberno é consciente de que un dos principais problemas cara ao futuro de Galicia é o progresivo avellentamento da poboación. Por iso estamos ultimando os estudos rigorosos para poñelos á disposición das súas señorías. Por unha banda, coñecer en profundidade as causas que motivan que Galicia sexa desde hai tempo un dos territorios coa máis baixa taxa de natalidade; e, por outra, estudar os efectos reais das medidas adoptadas nos diferentes países para lograr a revitalización demográfica. Comprendo, señoría, que isto lles faga graza a algúns; a nós, ningunha. *(Aplausos.)*

O Plan de acción social xa recolle varias medidas de apoio ás familias dirixidas a lograr este obxectivo: algunhas en aplicación, como a rebaixa á metade de dous impostos, tanto de transmisións patrimoniais como de actos xurídicos documentados, para os mozos e as familias numerosas; ou a aposta, sen precedentes, das prazas en escolas infantís, garderías. E outras xa previstas, destacando a Lei de apoio integral á familia e a Lei de xuventude, que se remitirá a esta Cámara.

Pero cremos que calquera estratexia de revitalización demográfica debe ter detrás o maior consenso político e social posible. Un consenso necesario para garantir a súa aplicación coherente ao longo de varias lexislaturas, con independencia do partido que en cada momento asuma a responsabilidade de gobernar.

Por iso quero aproveitar este momento para recoller esta inqueda, que sei que é común a todas as forzas políticas, propoñendo un pacto polo impulso demográfico de Galicia, é dicir, un pacto polo rexuvenecemento de Galicia, un pacto ao que invito expresamente aos grupos parlamentarios, pero tamén ao conxunto dos axentes sociais e económicos. Dende o Goberno asumiremos a nosa responsabilidade, formularemos unha proposta. A partir dela confío en que, co traballo conxunto de todas as forzas políticas aquí representadas, poidamos acordar un documento que recolla medidas efectivas para atallar un problema de país que esixirá ir máis aló dunha lexislatura e máis aló das diferenzas que poidamos ter.

Pero o benestar dos galegos tamén nos esixe facer unha aposta polas políticas de acceso á vivenda. Nestes once

meses adoptamos cinco medidas: rebaixamos á metade os impostos para facilitar o acceso á vivenda dos mozos e das familias numerosas, unha rebaixa que se está a aplicar con carácter retroactivo desde o 1 de xullo de 2009. En segundo lugar, asinamos co Ministerio de Vivenda o Plan de vivenda 2009-2012, 600 millóns de euros, cun investimento inducido previsto de 3.000 millóns de euros e coa creación de 40.000 postos de traballo. En terceiro lugar, fixamos unha nova figura de vivenda libre a prezo limitado, facilitando a mobilización de ata 35.000 vivendas baleiras. En cuarto lugar, creamos un novo Rexistro Único de Demandantes de Vivenda, que permite eliminar os atrancos que se producían co anterior modelo. E, en quinto lugar, consensuamos e acordamos cos concellos, cos colexios profesionais, cos implicados, as modificacións ao decreto das normas do hábitat, co obxecto de racionalizar as esixencias da normativa técnica, mantendo a aposta pola calidade arquitectónica. *(Aplausos.)*

No ano 2010, señorías, comprometemos catro actuacións: publicaremos un novo decreto para flexibilizar e axilizar as axudas de rehabilitación, finalizaremos e construiremos máis de 1.600 vivendas de promoción pública, presentaremos o novo Plan Aluga, co obxectivo de alugar 4.000 vivendas. Un plan co que a Xunta recuperará a xestión das axudas de aluguer con medios propios, reducindo á metade os custos de xestión.

E quero anunciar nesta Cámara a presentación nas vindeiras semanas dun paquete de medidas fiscais, dun paquete de medidas fiscais consistentes en rebaixas selectivas de impostos dirixidas a facilitar o acceso á vivenda, a reactivar a actividade económica no sector da construción e, en particular, da rehabilitación. Este paquete de medidas fiscais contempla cinco decisións concretas que describo brevemente: a primeira, a Xunta renunciará e renuncia á adaptación do imposto de transmisións patrimoniais, á suba do IVE impulsada polo Goberno central. *(Aplausos.)* En segundo lugar, rebaixaremos un 15% o imposto de transmisións patrimoniais –do 7 ao 6– para compras de vivendas que vaian ser obxecto de rehabilitación ou reforma. En terceiro lugar, rebaixaremos entre un 30 e un 25% o imposto de actos xurídicos documentados para adquisición tanto da primeira como da segunda vivenda: na primeira vivenda, do 0,7 ao 0,5; e na segunda, do 1 ao 0,7. En cuarto lugar, rebaixaremos entre un 30 e un 25%, na mesma proporción, o imposto de actos xurí-

dicos documentados para a formalización das hipotecas que financien estas compras. E, en quinto lugar, eximiremos do pago do imposto de actos xurídicos documentados ás operacións de constitución de hipoteca para cancelación doutro préstamo, para que teñan o mesmo custo fiscal que as operacións de subrogación, é dicir, custo fiscal cero. (*Aplausos.*)

Señorías, non quixera rematar os compromisos en materia social sen referirme á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Negar que esa discriminación existe é como negar a realidade na que vivimos.

Por iso nós priorizamos nas políticas de igualdade creando a Secretaría Xeral de Igualdade, dependendo da Presidencia da Xunta. Rematamos así coa dualidade, coa dualidade que existía con dous organismos, a Secretaría Xeral e o Servizo Galego de Igualdade, dedicados a facer o mesmo. Contamos agora cunha estrutura única, máis lóxica e máis cómoda para os cidadáns. Ademais desa reestruturación no ano 2010, desenvolveremos as figuras previstas na Lei galega de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, a creación do Consello Galego das Mulleres, a creación do Observatorio Galego de Violencia de Xénero e a creación da Comisión Interdepartamental da Igualdade.

Ademais da Galicia ordenada, ademais da Galicia ordenada e competitiva, ademais da Galicia preparada, ademais da Galicia que apoia os seus sectores estratéxicos e ademais da Galicia do benestar, a Galicia global debe ser tamén unha Galicia saudable. Un sistema sanitario que dé resposta eficaz ás necesidades do paciente, pero ao mesmo tempo que conciencie a poboación da importancia da prevención e dos estilos de vida saudables.

Para acadar os nosos obxectivos de calidade e eficiencia do sistema sanitario público, quero destacar cinco accións prioritarias que concentran o noso esforzo:

Priorizar patoloxías máis graves, disminuindo os seus tempos de espera. Que as patoloxías máis graves, as de prioridade 1, sigan por debaixo do tempo de espera de 30 días. No ano 2009 logramos este obxectivo por primeira vez dende o ano 2003. Pasamos de 40 días de espera media a 28.

O segundo é que as patoloxías graves, prioridade 1, estén atendidas nun prazo de 60 días, actualmente no entorno de 70.

O segundo obxectivo é mellorar os equipamentos públicos instalados, é dicir, mellorar o rendemento quirúrxico. No ano 2009 conseguimos pasar do 67% ao 70% de rendemento quirúrxico e no ano 2010 pretendemos que os profesionais sanitarios acheguen ata o 75% do rendemento quirúrxico instalado nos hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde.

En terceiro lugar, poñer a tecnoloxía á disposición dos pacientes coa receita e coa historia clínica electrónica, chegando ao 85% dos pacientes que teñen historia clínica electrónica, prescribindo de forma electrónica 53 millóns de receitas; é dicir, o 85% das receitas do Sergas.

E, en cuarto lugar, señorías, renovar nos próximos catro anos o 50% das camas do Servizo Galego de Saúde, chegando a 3.000 camas novas, poñendo en marcha e construíndo tres novos hospitais públicos, poñendo en marcha o de Lugo, construíndo o gran hospital de Vigo e o gran hospital de Pontevedra, (*Aplausos.*) e executando os planes directores do hospital da Coruña, do hospital de Ourense, de Ferrol, do hospital do Salnés e de Burela.

Mellorar tamén as infraestruturas de atención primaria coa construción de 52 novos centros de saúde e tres centros de alta resolución durante a lexislatura.

Pero, como dicía, ademais de asistencia sanitaria, queremos prestar unha atención especial ao fomento de estilos de vida saudables. Galicia presenta algúns indicadores realmente preocupantes neste eido. Somos a primeira comunidade autónoma en porcentaxe de obesidade. Comprometemos o Plan galego para o fomento da actividade física, Galicia saudable, co obxectivo de xeneralizar a práctica da actividade física entre a poboación galega: convocatorias específicas, axudas aos concellos, creación de espazos saudables e creación do Observatorio da Práctica Deportiva e a Alimentación Saudable.

Galicia ten moitos motivos para sentirse orgullosa, pero entre eles, sen dúbida, o noso patrimonio cultural e o noso patrimonio natural son dous elementos claves que é preciso conservar e dar a coñecer a todo o mundo. É obriga de todo o Goberno preservar eses patrimonios e marcar tamén unha estratexia para poñelos en valor, de maneira que repercutan de xeito positivo no noso desenvolvemento.

No que se refire ao patrimonio cultural, quero destacar as seguintes medidas:

Continuaremos coa posta en valor dos nosos monumentos patrimonio da humanidade: Compostela, a muralla de Lugo e a recente torre de Hércules, recentemente elixida.

Estamos traballando no plan de restauración, na posta en valor dos camiños de Santiago, como xa indiquei no apartado referido ao Xacobeo, e queremos mellorar o hábito da lectura, en especial entre os máis novos, aproveitando a declaración do ano 2010 como Ano do Libro e da Lectura en Galicia.

Quero anunciar a apertura deste ano 2010 dos edificios máis adiantados da Cidade da Cultura. Este ano entrarán a funcionar a biblioteca e o arquivo e o edificio dos servizos centrais. No ano 2011 está prevista a posta en marcha do Museo de Galicia. E, en relación cos restantes edificios, irase avanzando na súa execución en función das disponibilidades orzamentarias, axeitando a súa conclusión ao ritmo da evolución da economía e ao ritmo da evolución responsable dos ingresos de Galicia.

En relación co noso patrimonio natural, co noso medio ambiente, quero destacar primeiramente dúas medidas adoptadas durante estes once primeiros meses: aprobamos en catro meses o Plan de infraestruturas hidráulicas 2010-2013; 800 millóns de euros ata o ano 2013. Obxectivo: sanear —esta vez si— a totalidade das rías galegas e os núcleos de máis de 2.000 habitantes.

E, en segundo lugar, dentro deste obxectivo, incluír a actuación como a depuradora de Vigo e as achegas á Xunta para as depuradoras da Coruña, de Ferrol, de Compostela e de Ourense. (*Aplausos.*) E xa lles anuncio que neste primeiro ano de goberno aprobaremos o Proxecto de lei de augas, que será, por tanto, remitido á Cámara neste período de sesións.

Con respecto a actuacións previstas no ano 2010, me gustaría destacar tres: aprobaremos o Programa marco galego fronte ao cambio climático 2010-2020, aprobaremos o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 e queremos incrementar a superficie terrestre protexida en Galicia alomenos nun 4%. Galicia está hoxe nun 11,98% do seu territorio en Rede Natura, por riba da media española, que

está no 10,2%. Pero queremos seguir ampliando esta protección.

Por último —e non por iso menos importante—, quero referirme a unha das maiores ameazas que pesa sobre o noso patrimonio forestal, os incendios forestais.

Quero destacar que no ano 2009 se cumpriron os obxectivos do Plan de defensa contra incendios forestais (Pladiga). O ratio de hectárea por lume quedou por debaixo do 3, exactamente no 2,6%. Sabemos que non podemos baixar a garda neste asunto nunca e neste ano tampouco. Intensificaremos as actuacións de vixilancia, promoveremos a sinatura de acordos con cada unha das cidades para abordar a problemática específica dos lumes nas zonas periurbanas. Estamos mobilizando os medios xa, mobilizando os medios humanos e técnicos para a campaña do ano 2010 con máis de 4.500 membros das brigadas e dez helicópteros de extinción activados; medios que, loxicamente, se irán incrementando a partires do mes de xuño conforme as previsións atmosféricas.

Esta Galicia, esta Galicia orgullosa do seu patrimonio, debe ser tamén unha Galicia aberta ao resto do mundo, comezando por ser conscientes do seu papel na configuración de España. É preciso, por tanto, que a Xunta de Galicia poña todo o seu empeño en ter unhas relacións co Goberno do Estado e o resto das comunidades autónomas nas que prime a lealdade. Polo menos así será sempre pola nosa parte. Nós non renunciaremos a restablecer a cordialidade. Farémolo en todo caso exercendo con firmeza a nosa autonomía e sempre mirando polos intereses de todas as galegas e de todos os galegos.

Como é ben sabido, no proceso de transferencias de competencias, negouse, negóusenos, acudir á vía contemplada pola Constitución no artigo 152. Neste sentido seremos persistentes. Mantemos a nosa axenda e mantemos a nosa idea de que é posible avanzar, e mantemos a axenda parlamentaria do acordo de solicitar o listado de transferencias que sigue vixente, coa mesma intensidade que o primeiro día que o acordamos neste Parlamento.

Non quero rematar este punto sen ratificar expresamente un compromiso asumido no programa electoral. Seguimos convencidos de que unha reforma útil e unha reforma constitu-

cional do noso Estatuto de autonomía é posible, e seguimos dispostos a asumir as nosas responsabilidades como goberno. O noso compromiso sigue, pois, intacto. O Goberno elaborará e presentará unha proposta concreta para a reforma do Estatuto, a fin de acadar o máximo consenso posible, para que Galicia consensúe un estatuto renovado e actualizado ao longo da presente lexislatura. *(Aplausos.)*

No que se refire ás relacións da Xunta coa Administración local, o noso compromiso coa Administración local queda claramente acreditado –creo– nestes primeiros once meses de goberno. En primeiro lugar, no diálogo, no consenso e na concertación de políticas cos concellos e as provincias. En once meses asinamos tres acordos claves coa Fegamp: un acordo polo urbanismo, ao que hai que engadir o consenso acadado nas reformas das normas de hábitat e a modificación da Lei do solo, o protocolo para a implantación da administración electrónica e o acordo para axilizar o impulso do Pacto local, creando unha única comisión específica para o seu seguimento. Ademais, froito dese consenso, pese ao escenario da baixada dos ingresos da Xunta, incrementamos as achegas económicas para evitar, alomenos en parte, que o impacto da crise se cebe especialmente nos concellos.

No ano 2010 temos obxectivos que cumprir: intentar un novo escenario de financiamento para os entes locais, actualizar a Lei de administración local de Galicia e avanzar na definición das áreas metropolitanas, comezando por Vigo, co proceso en marcha, pero sen renunciar a seguir impulsando o da Coruña, a pesar das diferenzas que ata o de agora teñen amosado os concellos desta área.

A Galicia global ten na galegitude, nos nosos emigrantes, unha das súas principais razóns de ser. Nós mantemos un compromiso cos galegos, a mesma consideración para os galegos de fóra e os que viven en Galicia. Por iso unha das nosas primeiras medidas foi garantir que os emigrantes, como galegos de pleno dereito, poidan obter a tarxeta sanitaria. Por eso fixemos ese acordo e por eso estamos desplegando a tarxeta sanitaria por primeira vez nos galegos do exterior.

Queremos traballar para lograr unha maior cercanía e implicación. Adaptaremos a Lei da galegitude. E, por último, seguimos, seguimos reclamando ao Goberno de España, que impulse dunha vez por todas a reforma do voto emigrante.

Xa non se pode esperar máis. *(Aplausos.)* Señorías, xa non se pode esperar máis co voto emigrante, porque está en xogo a dignidade dos propios emigrantes, que non poden exercer o seu dereito ao voto coas mesmas garantías que en España, e xa non se pode esperar máis porque está en xogo a propia limpeza nos procesos democráticos.

Señorías, galegas e galegos, Galicia ten hoxe, e antes que a maioría, unha administración máis lixeira; iniciamos e proseguiremos o camiño da austeridade. Galicia ten unha das poucas administracións españolas que acadou a estabilidade orzamentaria no exercicio 2009, un indicador co que nesta crise se pode medir o nivel de responsabilidade dos gobernos na xestión económica.

Galicia ten unha taxa de paro seis puntos inferior á de España e representa unha porcentaxe moito menor no censo de desempregados –3,7%– que nos cidadáns no conxunto da nación –6,1%–. E Galicia, segundo os datos referentes ao PIB recentemente coñecidos, é unha das comunidades autónomas que, según describía literalmente un xornal nunha análise económica: “mellor capeou a crise no 2009”. Estamos menos mal que o resto de España, pero non vou a tratar de esconder o “mal” co “menos”. Centrarme no “menos” sería repetir erros, caer na autocomplacencia, caer na autoescusa e en “pluses” que non se corresponden coa realidade que senten e viven os galegos nos seus fogares. O mal de moitos ou o peor doutros non é consolo para este Goberno nin para un só galego. O refrán di o que di. E é máis que sabido que non existe ningún sentido peyorativo do termo “galego” que nos leve a pensar que todo está ben.

Gobernar esixe facelo con realismo e ser tamén inconformista. Realismo significa ser plenamente consciente da situación na que está o país e a maioría das familias; gobernar coa verdade por diante. E inconformismo significa ser humilde para recoñecer que non está todo feito nin todo o feito está ben.

Sei que non é algo habitual, pero creo que é obrigado ser autocrítico, porque quero ser eu o primeiro en esixirme a min mesmo e a todo o Goberno que tratemos de mellorar cada día. *(Aplausos.)*

Hai plans, hai programas, hai medidas efectivas para cidadáns e empresas que se acollen a eles, pero aínda podemos

facer un maior esforzo para achegalo ao seu conxunto dos potenciais beneficiarios.

Non lles oculto que me gustaría ter acadado un mellor financiamento autonómico para Galicia e un acordo con conclusións útiles na Conferencia de Presidentes. Non foi posible. Ao igual que creo que acertamos ao rectificar e manter o complemento das pensións non contributivas, porque a crise se empeza a combater por quen máis a precisa.

Por primeira vez en sete anos acadamos o obxectivo de atender en menos de trinta días os pacientes prioridade 1, pero aínda quedan outros obxectivos por acadar na sanidade pública.

España fabrica oito de cada dez parados europeos. Galicia, nos doce meses anteriores á chegada deste Goberno, xeraba 140 parados diarios, pero nestes últimos once meses aínda hai 44 galegos que diariamente coñecen o drama do paro. Queda moito por facer e problemas que hai que seguir resolvendo.

Dicía que non quero tapar o “mal” co “menos”, porque o que nos ocupa e nos preocupa é ese mal. A principal preocupación dos cidadáns é a primeira ocupación do Goberno. “Galicia”, “galegos”, “economía”, “crise”, “planificación”, “social” e “emprego” son termos que repetín continuamente neste discurso, non é casual, é o que importa, máis que nunca. Con acertos e con erros, o que non cabe dúbida é que Galicia ten hoxe un goberno único e un goberno unido e que suma todos os seus esforzos en centrarse no que máis urxe e o que máis importa.

Ese “mal”, que é a crise, combater os seus efectos e comezar a recuperación dende o mellor punto de saída posible. Pero ese “ben”, que é a Galicia que nos debe de unir a todos; ese ben que é a capacidade dos galegos para redobrar esforzos fronte ás dificultades e que nos permite ter esperanzas no futuro.

Decía Adolfo Suárez que gobernando trataba de *“elevar a la categoría política de normal lo que a nivel de calle es plenamente normal”*. Eu concordo co presidente Suárez. Os galegos con toda razón nos esixen respostas aos políticos, e os políticos debemos darnos conta de que as mellores respostas están nos propios galegos. Por exemplo, na cordiali-

dade coa que os cidadáns empregan na rúa as dúas linguas oficiais de Galicia. (*Aplausos*.) E, por exemplo tamén, no seu comportamento responsable ante a situación difícil da economía.

Os galegos déronnos a responsabilidade de gobernar e guían e guiarán o noso modelo de gobernar ata o final. É o que nos esixe a situación e é o que nos esixen os galegos: austeridade, rigor, xestión e planificación. Os gobernos deben gastar o mínimo necesario en si mesmos e investir o máximo posible nos cidadáns, eso é a austeridade. As xeracións futuras non teñen que arranxar as irresponsabilidades dos que as precedimos, iso é o rigor. Levar á práctica medidas que resolvan problemas, como pago a provedores en 45 días ou o decreto para a dependencia, eso é xestión. Xerar confianza e certidumes máis necesarias que nunca nun momento de tanta inestabilidade eso é planificación.

Durante estes once primeiros meses temos deseñado polo miúdo e comezado a aplicar programacións, plans, leis que non deixan lugar á improvisación e que buscan dar resposta á maior porcentaxe do noso sistema produtivo e ao 100% dos nosos servizos públicos. Neste debate acabamos de complementar esta guía coa referencia, coa referencia a once leis en aspectos claves que se suman a outros vinte proxectos lexislativos nos que está a traballar o Goberno e remitirá á Cámara neste ano, e se suman a vinte e cinco instrumentos de planificación que completan todas as áreas de goberno, e se suman ás cinco medidas fiscais que acabo de anunciar no apoio ás familias e no apoio á reactivación económica.

Temos tres anos por diante, e, no primeiro ano de goberno, xa hai unha folla de ruta con actuacións, con prazos, con investimentos en todas as áreas.

No que se refire ao territorio, no que se refire ás comunicacións, no que se refire á saúde pública e aos servizos sociais, no que se refire ao mar, ao medio rural e ao medio ambiente, nos nosos principais sectores produtivos, no que se refire á reforma administrativa e á modernización da xustiza, na creación de emprego e a xeración de novas oportunidades, a través dunha educación máis completa e competitiva, e no apartado económico, cun plan estratéxico con máis de 100 medidas, 300 actuacións e 400 indicadores que remitiremos á Mesa do Diálogo Social, a curto, medio e longo prazo perseguimos unidos todas esas aspiracións que

Galicia ten, ás que me referín ao longo da miña intervención nos sete eixos que acabo de expoñer: unha Galicia ordenada e competitiva, unha Galicia preparada, unha Galicia que apoia os seus sectores produtivos, unha Galicia de benestar, unha Galicia saudable, unha Galicia orgullosa de si mesma e unha Galicia aberta e plural.

O Goberno responde aos principios e obxectivos. Son os nosos compromisos e é a nosa planificación consecuente, e os galegos saben qué é o que vai a facer o seu Goberno. Di o que vai a facer e fai o que di que vai facer. (*Aplausos.*) Non hai lugar á improvisación. Cada medida e cada acción responden a unha planificación. Non creo na improvisación —o dixen ao principio—, nin tan sequera fronte aos imprevistos. Creio máis na capacidade de reacción que permita ter un programa realista e reflexionado, sobre todo ter un modelo de país.

Temos un problema conxuntural: a situación económica actual á que o Goberno fai fronte dende a unidade en todos os seus departamentos. A miña man sigue tendida á colaboración con todos os axentes políticos e sociais como dende o primeiro día.

As caixas. As caixas teñen unha responsabilidade social con Galicia, que nos temos gañado conservar e que non podemos permitírnos perder. Pido responsabilidade política para que todos os grupos, sen excepción, traballen por unha gran caixa de aforros galega. (*Aplausos.*)

Neste discurso avancei as liñas dun plan estratéxico 2010-2014, ambicioso para Galicia. Non me gustaría que este fora o plan estratéxico da Xunta de Galicia, senón que para todos sería bo que fora o Plan estratéxico de Galicia.

Diverxemos sobre o noso modelo de xestionar a economía. É certo, pero, se non é pactado globalmente o plan por todos, si espero que nel se poidan incluír medidas propostas e acordadas por todos os partidos.

Ademais do problema conxuntural, temos dous retos estruturais: o desenvolvemento do territorio e o rexuvenecemento da poboación. E para elo volvo a pedir un gran acordo de país. Os gobernos e as oposicións pasan; o país permanece, e temos un modelo para o noso país, unha Galicia global, un espazo único e unido, un país cooperativo, igualitario en

oportunidades, e que ha de ser capaz de competir con calquera capital ou rexión europea. A Galicia que suma, a Galicia do interior e da costa e das cidades e pequenas aldeas, a Galicia que non distingue entre o norte e o sur:

“Desde las planicies de Lugo, llenas de abedules; hasta las rías de Pontevedra, orladas de piñerales; desde las sierras nutricias del Miño o la garganta montañosa del Sil; hasta el puente de Ourense, donde se peinan las aguas de ambos ríos; o desde los cabos de la costa brava de Coruña, donde el mar teje encajes de Camariñas, hasta la cima del monte Santa Tecla, que vence con su sombra los montes de Portugal, por todas partes surge una alborada de gloria. El día de fiesta comienza en Sant-Iago”.

Señorías, logo de citar a visión global da nosa terra que Castelao proclama desde o seu exilio en Arxentina, remato con Lorenzo Varela: “Aí está a clave para comezar a vivir o día: logo: en que nós pertenzamos a Galicia e non en que Galicia nos pertenza a cada un, a un sector, a un bando”.

Señorías, desde ese convencemento, invítolles a traballar unidos, a poñer o mellor de cada un de nós ao servizo de Galicia. É o que nos piden os galegos e é a nosa responsabilidade política: dedicar todos os nosos esforzos no interese supremo de Galicia.

Agora é cando, Galicia é onde.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Rematada a intervención do presidente da Xunta, suspéndese a sesión hasta esta tarde ás deza-seis trinta horas.

Moitas gracias.

Suspéndese a sesión ás doce e tres minutos do mediodía.

Retómase a sesión ás catro e media da tarde.

A señora PRESIDENTA: Boas tardes, señorías.

Por favor, vaian ocupando os seus escanos.

Reiníciase a sesión coa rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Carlos Ignacio Aymerich Cano por un tempo máximo de corenta e cinco minutos.

O señor AYMERICH CANO: Señor presidente.

Señora presidenta.

Señorías.

Esta mañán, señor Feijóo, escoitamos o seu discurso e un sabe –como dicía onte un reporteiro gráfico desta casa– que sempre nestes debates un tende á esaxeración, e cando un escoita ao Goberno parece que está escoitando falar de Suecia e cando escoita á oposición parece que está escoitando falar dalgún país en vías de desenvolvemento. Eu intentarei ser obxectivo, pero francamente eu non recoñecín a Galiza hoxe no seu discurso. Non sei se falaba vostede doutro país, tampouco Suecia, desde logo, quizais estaba falando del “Desván de los Monjes”, un lugar que só existe, desde logo, na súa imaxinación. *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor AYMERICH CANO: Porque, señorías, consumida xa unha cuarta parte da súa presidencia é tempo de facermos un primeiro balanço, de sabermos que foi daquelas promesas coas que vostede, señor Feijóo, construíu a súa axustada maioría. ¿Que foi, por exemplo, do compromiso de rematar coa crise en corenta e cinco días? ¿Que supuxo a austeridade, aquela que segundo vostede non ía afectar ao gasto social? Se alcanzamos xa a prometida concordia lingüística ou, en fin, se este novo Goberno galego logrou facerse respectar en Madrid, conseguir máis competencias e un mellor financiamento para o noso país.

Dalgún xeito nas preguntas, señoría, xa van as respostas. Lonxe de atallar a crise hoxe en Galiza temos 30.000 parados máis que hai un ano. Lonxe de mellorar os servizos públicos este Goberno é responsábel polo seu deterioro. Incapaz de unir o país para enfrontar a crise económica vostede teima en dividilo aínda máis atacando a nosa lingua. E, desde logo, na interlocución co Goberno español as súas negociacións cóntanse por fracasos: fracasou no financiamento autonómico, fracasou na transferencia de novas competencias e está a fracasar na negociación da Lei de caixas.

Dicía vostede hai un ano que non viña restaurar ningún pasado nin tampouco a derrubar o que os seus antecesores fixeran ben. Mais nestes meses, señoría, vostede dedicouse casi exclusivamente a derrubar as conquistas do Goberno anterior. E as súas actitudes lembran perigosamente os piores anos do fraguismo. De feito, mal pasado un ano o seu partido e o seu Goberno volven estar, como nos vellos tempos, divididos. Divididos, señor Baltar –boas tardes–, entre diversas faccións, todas elas coincidentes, iso si, en tirar proveito privado dos recursos públicos.

E, con todo, señorías, hai unha diferenza chamativa entre este Goberno e os anteriores: a manifesta incapacidade, as contradicións internas e a frivolidade coa que este Goberno despacha os asuntos que preocupan aos galegos e ás galegas non ten parangón na historia da nosa autonomía. ¿É este, señor Feijóo –pregúntolle–, o Goberno forte, austero e cohesionado arredor dun liderado que vostede prometera? ¿Non encontrou, señoría, nada millor con que enfrontar a peor crise á que Galiza ten que facer fronte nos últimos anos? ¿Non encontrou nada millor para a Consellería de Cultura que un conselleiro perdido no “Desván de los Monjes”? ¿Non encontrou nada millor para a Consellería de Industria que un conselleiro que fabrica en Portugal? ¿Non encontrou nada millor para Traballo que unha directora xeral que despide ilegalmente a unha traballadora á que tiña sen contrato e sen seguro e que vostede mantén no seu posto, señoría? ¿É este o Goberno “dez” do que vostede presumía hai un ano? Desde logo, non é o Goberno que esperaban os galegos e as galegas.

Mais vaíamos á análise, vaíamos ao balanço do que vostede fixo nestes doce meses. Nunha recente entrevista, aproveitando unha desas frecuentes viaxes para asistir a foros económicos, almorzos informativos e similares, dicía vostede que o Goberno non pode trasladar a quen non goberna as súas responsabilidades, porque iso é pervertir o modelo democrático. Por unha vez, señoría, coincido completamente con vostede.

Falemos pois da crise económica e falemos da secuela que máis preocupa aos galegos e ás galegas: do desemprego. Antes das eleccións vostede non tiña dúbida: no último debate do estado da nación vostede dixo que o Goberno galego, o Goberno bipartito, estaba empeñado en maquillar as cifras do paro. Pero engadía vostede: todos os esforzos de

maquillaxe son inútiles. Hoxe as mulleres e os homes que nos están vendo saben que no último ano máis de 15.000 persoas ingresaron nas listas do desemprego. E non teña dúbidas –como dixer– de quen era responsabilidade, dixo vostede: “Este Goberno é responsábel da situación que hoxe vive Galiza. Creo que todos podemos coincidir en que a situación da Galiza de hoxe ten moito que ver coa acción ou a inacción do bipartito”. Aplicamos o mesmo ao seu Goberno, señor Feijóo. E, díganos, se neste ano non foron 15.000 senón 27.000 os galegos que engrosaron as listas do paro, ¿de quen é a responsabilidade? ¿De quen é a responsabilidade, señor Feijóo? E diante desta realidade, ¿que fan vostedes? Que iso é o que interesa. Adoptan actitudes claramente evasivas. Neste momento hai que crear emprego, emprego de máis calidade, máis estábel. Hai que protexer o emprego que existe e hai que protexer aos parados que carecen de cobertura. Mais vostedes non fan absolutamente nada.

Porque o paro, señorías, non se atalla con programas e con planos que só existen sobre o papel. O desemprego atállase criando actividade económica e protexendo o emprego existente. E, señorías, o emprego non se protexe axilizando a tramitación dos ERE, que no último ano incrementáronse un 450%. E o emprego, a produción en Galiza non se protexe tampouco subvencionando ás empresas que deslocalizan e levan a súa produción fóra do país. O caso de Caramelo é ben emblemático. Pouco antes de autorizar o expediente de regulación de emprego que supuxo o despedimento de 237 traballadoras na Coruña, a señora Beatriz Mato, conselleira de Traballo, dicía: “Cónstame que Manuel Jove lo está pasando muy mal”. Esa era a súa preocupación. Pero pouco despois, despois de despedir ás 237 traballadoras, o seu conselleiro de Industria deulle a esa empresa 5 millóns de euros para levar a súa produción a China e a Marrocos. Esta é a política de emprego do seu Goberno, esta é, señoría, a súa política económica.

E, desde logo, non será reducindo en 38 millóns de euros os recursos destinados a políticas activas de emprego que podemos empezar a solucionar entre todos o principal problema que ten este país. Porque hai –xa lle decía– que apoiar a economía produtiva, pero a que se realice aquí, non a que marcha para fóra.

E mentras esperamos polo plano estratéxico que prometera hai un ano –e que hoxe pola mañán volveu prometer–, desde logo

podemos analizar que pasou nos diferentes sectores da nosa economía. Na industria recoñecemos que houbo algunhas medidas ailladas, adoptadas despois de contradicións, de desmentidos; medidas, por certo, que xa desactivaron, como foi a axuda para a compra de vehículos. Axuda que paliou a crise dos concesionarios, mais non a da industria e a da automoción. Sobre a industria da automoción seguen bailando grandes ameazas; sobre a industria da automoción e as industrias auxiliares, sen que o seu Goberno tome cartas no asunto.

No último ano o desemprego incrementouse sobre todo na industria, especialmente na automoción, no téxtil e tamén no sector naval. ¿Que fixo o seu Goberno? ¿Que iniciativas dignas de resaltar neste debate adoptou? Pois practicamente ningunha, o índice de produción industrial así o demostra. No seu primeiro ano de Goberno, señoría, o índice de produción industrial en Galiza baixou practicamente un 15%, un 14,7%.

Na construción residencial a caída era previsíbel, pero a preocupación do seu Goberno non foi recolocar os desempregados do sector, senón sanear a conta de resultados das empresas construtoras. Xa o dixo vostede na súa investidura, a súa prioridade non é facilitar o acceso á vivenda, a súa prioridade é sanear a conta de resultados destas empresas mobilizando o *stock* de vivendas baleiras.

E, mire, no ano 2009 construíronse apenas 7.500 vivendas novas, menos dun terzo das construídas no ano anterior, no último ano do Goberno bipartito. Á luz destas cifras, señoría, ¿pódeme explicar para que serviu, salvo para que teñamos menos recursos, a rebaixa regresiva dos impostos que gravan a adquisición de vivendas? E despois do anuncio que fixo esta mañán, ¿pódeme explicar e pódelles explicar aos galegos e ás galegas se lles parece lóxico desgravar en plena crise a adquisición de segundas residencias cando hai galegos que non poden acceder á primeira e que teñen problemas para manter a única vivenda que teñen? (*Aplausos.*) ¿Parécelle iso, señor, unha política social feita para a maioría dos galegos e das galegas? No Bloque Nacionalista Galego entendemos que non.

Comprometera vostede hai un ano, señor Feijóo, un vigoroso programa de investimento en infraestruturas públicas, ¿que quedou daquel vigoroso programa? Vaíamos de novo ás cifras. A licitación pública no último ano caíu a menos da metade. No ano 2008 licitáronse 1.200 millóns de euros en

obra pública, no seu primeiro ano de goberno apenas 536 millóns de euros. Así, señoría, convirá comigo que é difícil crear emprego, é difícil dinamizar a economía.

E a parálise é tamén detectábel na promoción de solo industrial. Nos orzamentos para o ano 2010 os recursos para a promoción de solo industrial reducíronse un 16% con relación aos orzamentos do ano 2009. E, desde logo, vostedes están fallando non só na promoción de solo novo, é que nin sequera son capaces de promover a instalación de empresas no solo que lles deixamos feito. Os parques industriais de Vimianzo, de Malpica, de Cee levan máis dun ano construídos e baleiros, non foron capaces nin sequera de que unha soa empresa se instalase neles. E no resto dos sectores, señoría, as cousas tampouco van mellor. En outubro do ano 2008 alertaba vostede de que os produtores tiñan que tirar co leite para chamar a atención sobre a súa situación. No debate de investidura fixo vostede afirmacións semellantes. ¿Que sucedeu un ano despois? ¿Cal é a situación hoxe, señor Feijóo?

Nós, en primeiro lugar, recoñecemos que non é un problema doado. Sabemos que en materia de política agraria e no sector leiteiro Galiza ten que afrontar deseños e políticas españolas e europeas feitas de costas aos nosos intereses. Mais algo terá a ver o seu Goberno, algo terá a ver a súa Consellería de Medio Rural, con que hoxe o prezo do leite estea máis dun 14% por baixo do que estaba hai un ano; por baixo, por certo, dos custos de produción.

Algo terá a ver, señoría, o seu Goberno con que no último ano a entrada de leite francés en Galiza se incrementase máis dun 300% até acadar os cinco millóns de quilos. Non é estraño, señoría, con este balanço que tamén no seu primeiro ano de Goberno pechasen 1.040 explotacións.

E no sector forestal, claramente afectado pola crise da construción, as cousas tampouco van mellor, porque o seu Goberno non axuda. Eliminan vostedes as unidades de xestión forestal, eliminan vostedes 1.200 empregos na empresa Seaga. E, desde logo, coa súa política provocaron tamén a eliminación, a destrución de 1.800 empregos no sector privado da madeira.

E si, nós coincidimos, e supoño que vostede tamén, en que cumpre diversificar economicamente o medio rural para equilibrar territorialmente o país.

Pero mire, no ano 2009 vostedes non convocaron as axudas para proxectos dinamizadores no rural que no ano anterior tiñan unha dotación de doce millóns e medio de euros. Convocáronas este ano, é certo, pero cunha dotación de tres millóns de euros. Así é moi difícil, señoría. Así é moi difícil que este país, que esa Galiza global da que vostede fala, chegue a todos os rincóns do país.

O mesmo para o sector do mar. Decía tamén vostede hai un ano que o Goberno debería centrarse en analizar as prácticas contrarias á competencia, que son as que están na raíz. Decía de que os nosos pescadores tiñan que devolver ao mar o seu traballo, porque o mar non lles compensa. Cando fala de pescadores, supoño que falaba de mariñeiros.

Mais ben, señoría, no seu primeiro ano de Goberno o balanço non é bo. Neste momento, cando o Bloque Nacionalista Galego no Parlamento insta á Consellaría do Mar a defender os produtos da nosa pesca, os produtos do noso marisqueo, sempre nos contestan o mesmo: viven vostedes no pasado, neste mundo globalizado non se pode ser paternalista nin proteccionista, xa o din os portavoces do seu grupo.

Pero eu pretendo, emprázoo señor Feijóo, a que diga aos bateiros deste país como é que o quilo do mexillón baixou durante o seu Goberno a 20 céntimos o quilo. ¿Como é que baixou a 20 céntimos o quilo mentras o mercado está inundado de mexillón chileno sen que o seu Goberno faga absolutamente nada para remedialo?

Os números cantan, señoría. No último ano temos 200 embarcacións menos no sector pesqueiro e perdemos 1.500 postos de traballo na pesca e no marisqueo.

Xa sei que a preocupación do seu Goberno é outra, a acuicultura industrial e a náutica de recreo. E está ben, e está ben. Pero tanto a acuicultura industrial, iso si, fóra da Rede Natura, como a náutica de recreo poden ser un complemento, nunca un substituto do que somos e do que é unha actividade na que Galiza, ao seu pesar, segue sendo unha potencia.

E falemos tamén da enerxía. ¿Que fixeron vostedes este ano en materia enerxética? Destruíron o modelo enerxético do Goberno anterior. Abriron os ríos galegos á construción de novas minicentrales. E, desde logo, a paralización do concurso eólico do bipartito consigue que Galiza teña até o ano

2013 apenas o 2,5% da potencia en enerxías renovábeis. É dicir, o seu sectarismo, a vontade de agradar e de compracer aos seus amigos e aos seus patrocinadores leva a que Galiza perda o liderado en materia enerxética.

Iso si, a súa nova Lei eólica aprobada polo trámite de urxencia permitíralle, como nos vellos tempos, adxudicar os megavatios aos seus amigos, aínda ben que vostede se comprometera na súa investidura a apostar polas enerxías renovábeis e a recuperar para Galiza o papel de liderado que lle corresponde no eido da enerxía eólica. O mesmo sucede, señoría, no ámbito da economía do coñecemento, nas tecnoloxías da información e da comunicación e no I+D+I.

No traspaso de poderes vostedes recibiu senllos planos estratégicos elaborados polo Goberno anterior: en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e en materia de investigación, desenvolvemento e innovación.

É certo que vostede non estaba obrigado a seguiilos, vostede pode cambiar de política e facer uns plans novos. Pero non fixo nin unha cousa nin a outra: formalmente os planos do Goberno anterior están vixentes. Na práctica non se aplican, perderon vostedes un ano.

Perderon vostedes un ano e hoxe xa están desmanteladas iniciativas como Mancomún de promoción do software libre, en tanto asinan con Microsoft contratos multimillonarios, en detrimento, por certo, do sector empresarial, do tecido empresarial galego, das tecnoloxías da información e da comunicación.

Deixan sen convocar axudas para I+D+I provocando o abandono de proxectos e o abandono de carreiras investigadoras e forzando o éxodo dos nosos millores investigadores.

E lonxe de manter o esforzo sostido de converxencia iniciado polo Goberno anterior nesta materia, os seus primeiros orzamentos en investigación e desenvolvemento recortan nun 8% os recursos que dedicamos a ese fin, agravando por certo aínda máis a insuficiencia financeira das nosas universidades.

Esta é, señoría, a súa realidade, esta é a Galiza un ano despois da súa chegada ao Goberno.

Falou tamén pola mañán do sector servizos. Mire, a cifra de negocios do sector servizos no último ano experimentou unha redución do 10,71%. Son datos do Instituto Galego de Estadística, non son datos do Bloque Nacionalista Galego.

Hai un ano dicía vostede: aprobaremos con urxencia un programa de medidas para combater os efectos da crise sobre o comercio galego. Hoxe volveu a prometer outra vez ese plano para os próximos meses. ¿Que fixo neste ano, señor Feijóo?

O único que fixo neste ano foi pór enriba da mesa un anteprojecto de lei de comercio que, iso si, non está feito a medida do comercio tradicional, do pequeno e mediano comercio. Está feito a medida dos intereses das grandes superficies. E non ían vostedes desaproveitar a oportunidade, de paso o que fan tamén é desprotexer neste eido a nosa lingua.

E resulta que tampouco no turismo, no ámbito do Xacobeo, as cousas van ir mellor. Todos esperamos, señoría, que o Xacobeo seña o revulsivo neste ano 2010 que Galiza necesita. Mais mire, o mes de xaneiro foi un mal mes para o turismo. O mes de xaneiro do ano 2010 foi un mal mes para o turismo tanto en visitas, en pernoctacións como en gasto medio por visitante.

E non se trata de que os datos deste Xacobeo 2010 sean piores que os do ano 2004, do Xacobeo anterior, non. É que os datos deste mes de xaneiro do ano 2010 son piores que os do mes de xaneiro do ano anterior, do ano 2009, que non era Ano santo. Esta é a situación do sector turístico. E o problema, señoría, é que as perspectivas non son mellores.

Sabemos que non é fácil, sabemos que hai que afrontar a crise. Mais reconeza tamén vostede, señor Feijóo, que se en pleno ano Xacobeo Galiza perde cota de mercado turístico en favor doutras comunidades autónomas, é que algo está a facer mal o seu Goberno.

Quizais non fose unha boa idea contratar empresas madrileñas para facer a campaña publicitaria, para facer o plan de medios e para facer a programación do Xacobeo.

As campañas non funcionaron, e ademais coincidirá tamén comigo, señoría, en que este tipo de contratos non reflicten, desde logo, moito compromiso co noso tecido empresarial.

E parécenos ben, parécenos ben que o papa Bieito XVI vaia visitar Santiago, aínda que sexa no mes de novembro e co Xacobeo practicamente concluído, desde logo fóra xa da tempada turística.

Pero mire, se a visita do papa vai ter algún efecto positivo sobre o turismo, ¿como é que non se lle ocorreu, cando viaxou no séquito do arzobispo de Santiago cos seus colaboradores, aproveitar que no mes de maio vai pasar catro días en Portugal? No mes de maio vai estar catro días en Portugal, no mes de novembro vai estar unhas horas en Santiago. Sería bastante mellor que aproveitase a viaxe. (*Murmurios.*)

Pero ben, as cousas, señoría, non van ben. Vostede fiou, vostede fiou todo o seu programa económico para o ano 2010... Rían, rían. Vostede fiou o seu programa económico para o ano 2010 no Xacobeo e no sector exterior, e xa estamos vendo que nin o Xacobeo nin o sector exterior están tirando da nosa economía.

Vostede prometeu planos e programas que non cumpriu. Falou dun plano estratéxico nos primeiros días, dun plano de choque que non pasou de ser un informe presentado no Consello da Xunta, falou dun plano de urxencia estratéxico para o leite, que tampouco chegou, e agora quere agachar o incumprimento de todos eses planos e programas detrás de novas promesas.

Nos últimos días, señoría, a través de tres planos diferentes prometeu vostede a creación de 43.000 postos de traballo. ¿Pensa que teñen algunha credibilidade as súas promesas? ¿Non lle sería mellor, señoría, cumprir o que deixou pendente no canto de fuxir cara a diante prometendo novos planes e novas promesas?

E no ámbito do benestar, dos servizos sociais, dos servizos públicos, a cousa desde logo tampouco vai ben.

Vostede na súa investidura dixo que os cidadáns demandan con máis intensidade, se cabe na actual situación de crise, unha importante mellora dos servizos públicos fundamentais. Decía tamén daquela: Galiza é unha das comunidades autónomas coa sanidade peor valorada polos seus usuarios.

¿Que dirá agora á vista dos datos do Sergas, que a pesar de todos os esforzos de ocultación da señora Farjas, cando a

lista de espera en cirurxía hospitalaria incrementouse nos últimos meses en 8,6 días? ¿Que dirá agora cando a lista de espera para as primeiras consultas médicas incrementouse tamén nos seus primeiros meses de Goberno 4,9 días? ¿Que dirá agora cando as mulleres teñen que esperar catorce días máis que antes de chegar vostede ao goberno por unha mamografía, 36,4 días máis por unha ecografía xinecolóxica, cando hai que esperar até cincuenta e nove días máis por unha endoscopia dixestiva? ¿E este o seu esforzo de mello-
ra dos servizos públicos? ¿E este, señoría, o seu compromiso coa sanidade? ¿Que sucedeu, señor Feijóo, porque hoxe pola mañán non falou dela, daquela lei de garantía de tempos máximos de espera; dicía vostede corenta e cinco días para probas diagnósticas, sesenta para intervencións cirúrxicas e espera cero para cancro e patoloxías graves? ¿Que foi daquela promesa, señor Feijóo?

E lémbrolle tamén que outro dos seus compromisos foi crear unidades de atención integral á muller. Non criaron ningunha. Iso si, o que fixeron foi no Hospital Materno Infantil da Coruña pechar a unidade de preparación ao parto para ampliar a cafetería. Toda unha declaración de intencións do seu compromiso coas mulleres.

E a cousa tampouco remata aquí. Vostede foi un dos introdutores das fundacións sanitarias en Galiza e no Estado. Experimento que houbo que abandonar. E agora quer ser tamén en Galiza o introdutor das novas formas de xestión hospitalaria, da privatización dos novos hospitais de Vigo e de Pontevedra, da construción por empresas privadas, que serán as propietarias deses edificios, dos novos centros de saúde e dos novos puntos de atención continuada.

O resultado sabémolo, máis gasto para a Xunta de Galiza, menos calidade para cidadanía e, iso si, pingües beneficios para as empresas construtoras, que parece que é do que se trata.

E a realidade é dura, señora Farjas, si é dura. Pola primeira vez na historia da autonomía vostedes rebaixan os orzamentos sanitarios. Baixan entre o ano 2009 e o ano 2010 38 millóns de euros. Esta é a expresión cifrada, señor Feijóo, do seu compromiso coa sanidade.

O mesmo se diga, señorías, do ensino. Alén das súas consabidas ladaíñas contra o galego –falaremos despois da súa

política lingüística—, vostede ofreceu hai un ano un pacto social pola educación para mellorar a calidade do ensino. O resultado foi nomear a Jesús Vázquez ao fronte do departamento.

Pero miren, a realidade un ano despois imponse ás súas promesas. Vostede eliminou a gratuidade dos libros de texto. Seica non había cartos, despois de ter empregado os cartos en concertar centros privados que segregan os alumnos por sexo.

Recortou as dotacións económicas e de persoal dos centros públicos, que como algúns directores e directoras denunciaban estes días teñen que dedicar o diñeiro destinado á compra de ordenadores para pagaren a luz e a calefacción. Deben ser cousas da austeridade.

E ademais, señor Feijóo, o principal problema do ensino público en Galiza non é a convivencia nos centros non. O principal problema é que vostedes néganlles aos colexios os recursos que precisan e aínda por riba os poucos que lles conceden páganllos con atraso.

Era de esperar. Por primeira vez na historia da autonomía os recursos educativos son menores que no ano anterior, 25 millóns de euros menos.

E nas universidades a situación é similar. ¿É consciente, señor Feijóo, de que as universidades galegas non poden pechar os seus orzamentos en plena adaptación ao Espazo Europeo de Ensino Superior se a Xunta recorta o seu financiamento?

Hai pouco máis dun ano no debate da Lei de orzamentos para o ano 2009 queixábase vostede, censuraba vostede á Xunta porque a partida para universidades medraba só un 4%. ¿Que podemos dicir agora, señoría, que a partida non só non medra, senón que baixa case un dous e medio por cento? ¿Párecelle que é ir polo bo camiño reducir o orzamento para bolsas, eliminar as convocatorias de bolsas de posgrao, pagar tarde aos bolseiros predoutorais ou paralizar as iniciativas adoptadas polo Goberno anterior para dar estabilidade laboral aos nosos investigadores?

Esta de novo é a expresión cifrada do seu compromiso co ensino superior.

E falou hoxe vostede de plans, programas, proxectos. Eu tiña curiosidade por saber que é un plan. Un plan é isto, señorías, isto é un plan, isto é un plan do señor Feijóo. Este é o Plan de actuación social de Galiza 2010-2013 —pon aquí abaixo—, horizonte 2015. Este é un plan. Pois mire, neste plan que di que está dotado con 2.000 millóns de euros —non sabemos onde están os cartos, ¡ah!, si, están aquí na última páxina, perdón— 1.911.357,020 euros, ¡carai, eh, señora Mato!, apurou ben.

Pois contempla varios obxectivos, un deles di que é o impulso demográfico de Galiza. Ben, vostede comprométese, comprométese neste plan, a ampliar a rede de escolas infantís para que no ano 2013 haxa 4.500 prazas máis. De acordo, mais, señor Feijóo, se queren dotar máis prazas de ensino infantil de 0-3 anos, ¿como é que manteñen pechadas as galescolas que construíu o Goberno anterior?, ¿como é que as manteñen pechadas? Se de verdade pretenden fomentar, señoría, a conciliación da vida laboral e familiar, ¿como é que unha das primeiras medidas do seu Goberno foi eliminar o programa de canguras posto en marcha polo Goberno anterior?

E de novo volvemos ao mesmo, aquí fálase tamén de crear un mapa de infraestruturas sociais. Vólvollo repetir, neste momento hai máis de vinte e cinco centros de día construídos, rematados, feitos polo Goberno anterior, e que vostedes manteñen pechados. Eso si, coaccionan aos concellos, dinlles: ou aceptades privatizar a xestión destes centros ou non os abrimos. Esa é a súa política. ¿Que foi, señoría, daquela promesa de construír un centro de día en todos os concellos con poboación superior a 1500 habitantes?

Se falamos de residencias para a terceira idade, o mesmo. Vostedes veñen de anunciar a venda da participación pública na Sociedade Galega de Servizos Sociais, e no ano que levan no Goberno foron incapaces de pór en funcionamento residencias que lles deixaron feitas, rematadas, en Vimianzo, en Viveiro, en Ourense, en Monforte; residencias feitas, que levan un ano pechadas, ¿por que? Porque están esperando vostedes a privatizalas. ¿Cal é a súa prioridade, señor Feijóo? ¿Satisfacer as necesidades das persoas ou satisfacer e sanear as contas de resultados das empresas?

Sigamos co plan. Falan vostedes da infancia, da adolescencia e de familia. A única actuación salientábel que tiveron

neste ano nesta materia foi despedir a sesenta e unha traballadoras das oficinas comarcais de Igualdade e Benestar que atendían estes programas.

E se falamos de dependencia, dirémoslle máis dunha vez, non queremos facer a demagogia que vostede fixo con este asunto. Sabemos que é un problema complexo, pero teremos que empezar tamén, segundo as súas palabras, por dicir a verdade. Voulle dar algúns datos: a última estatística publicada pola Consellaría de Traballo e Benestar é do 27 de novembro do ano 2009, e nesa estatística dise que hai 23.000 dependentes con prestación recoñecida. Primeira pregunta, señor Feijóo, ¿é o mesmo prestación recoñecida que atendidos? Porque non o é. Sabemos que hai moitos dependentes que teñen a prestación recoñecida pero que aínda non están recibindo a súa prestación. Primeira pregunta que terá que responder.

Segunda, o pasado día 8 de marzo a señora conselleira do ramo declarou en rolda de prensa que o número de dependentes atendidos –8 de marzo de 2010– chegaba xa aos 32.000. Bueno, fiáremonos da palabra da señora Mato. E dixo, máis da metade optaron pola prestación de libranza do coidador. Pero se isto é así, señoría, ¿como é que a día 1 de marzo do ano 2010 –datos do Instituto Nacional da Seguridade Social– apenas hai 8.000 coidadoras de dependentes dadas de alta na Seguridade Social. As cifras non casan. As cifras non casan, señor Feijóo.

Algo non vai ben en materia de dependencia. Hai moita propaganda e moi pouca información. E por certo, xa vai para tres veces que as coidadoras de dependentes reciben tarde, cobran tarde a súa prestación, cando co Goberno anterior sempre cobraron antes do día 10 de cada mes.

Pode falar vostede de moitos plans, de moitos programas para discapacidade. Pero mire, eu voulle a dar o único plan que vale. Xa o ten feito, a Lei galega de servizos sociais, desenvolva e aplique vostede a Lei galega de servizos sociais e lembre, por certo, que o próximo 18 de marzo, pasado mañá, vence o prazo establecido por esta lei para elevar a contía da renda de inserción social de Galicia. Vostede non se referiu a esta cuestión hoxe pola mañán.

E se falamos de igualdade, señoría, vostedes neste ano que pasou non desenvolveron en absoluto a Lei integral de loita

contra a violencia de xénero, iso si, tamén despedindo as técnicas de igualdade das oficinas de Igualdade e Benestar, deixaron a cincuenta mulleres vítimas de violencia de xénero sen atención. Esa é a súa contribución. E o salario da liberdade que antes tanto criticaban levan un ano sen pagalo. As perceptoras do salario da liberdade levan sen cobrar esta prestación desde que vostedes chegaron ao Goberno. ¿Como para facer festas, eh, señora Mato, como para facer festas de globos!

Cando se formou o Goberno, señoría, advertimos que a acumulación nun mesmo departamento das políticas ambientais, de infraestruturas, de urbanismo e de ordenación territorial ían ter como primeira consecuencia a subordinación do medio ambiente aos intereses das grandes construtoras, que son ao cabo as que ditan a política desta consellería.

E a verdade é que lamentamos ter razón, lonxe de avanzar na protección do medio ambiente, incumplidas todas as súas promesas nesta materia, ¿onde está ese novo plano de residuos sólidos urbanos que ía estar preparado nos primeiros seis meses? Este primeiro ano é revelador da nula sensibilidade ambiental do seu Goberno. Abren a Rede Natura á instalación de aeroxeradores, á instalación de granxas de acuicultura, non adoptan ningunha estratexia, ningunha medida digna de tal nome para reducir a emisión de gases efecto invernadoiro, e mentras releen e mentras discuten co Goberno español teñen parado o saneamento das rías.

Afirmara vostede tamén que nos primeiros seis meses do seu Goberno estarían aprobadas as directrices de ordenación do territorio, despois o Plano de ordenación do litoral, despois o resto. Iso sería lóxico, empezar polas directrices, seguir polo Plano de ordenación do litoral e seguir despois cos planos sectoriais, entre eles o da acuicultura. Mais vostedes comezan a casa polo tellado e non o fan por casualidade. Comezan a casa polo tellado aprobando primeiros os planos sectoriais, o de acuicultura, levantando despois a prohibición de construír na costa, impulsando despois unha reforma express da Lei do solo, e finalmente aprobarán as directrices de ordenación do territorio. Aprobarán as directrices de ordenación do territorio cando xa os feitos consumados as priven de calquera eficacia real.

Outra vez, señoría, non son os intereses xerais, son os intereses de certas empresas os que ditan a súa política nesta

materia. Reiterámosllo. Nese camiño poderá encontrar a outro, seguro que si, desde logo con quen non se vai a encontrar é co Bloque Nacionalista Galego.

E tamén son os grandes promotores, neste caso secundados polo presidente da Fegamp, os que ditan a súa política en materia de vivenda. Xa llo dixen, o que conta é dar saída ás promocións de vivendas baleiras. O de menos é facer efectivo o dereito a unha vivenda digna. Aí está a reforma do Decreto do hábitat galego —eliminando, por exemplo, a esixencia de que as portas teñan que ter un largo que permita o paso de cadeiras de rodas—; aí está o peche da solicitude para cédulas de rehabilitación, seica porque remataron os fondos; aí está, en fin, señoría, a paralización do programa de vivenda en aluguer e da paralización da construción de vivenda protexida.

E se falamos de poderes públicos, comprometera vostede austeridade e racionalidade. Prometera vostede tamén acabar co enchufismo e co caciquismo, nunha mensaxe sen dúbida dirixida ás súas propias filas. Mensaxe por certo que tivo pouco éxito, lémbrolle as últimas fichaxes de Ourense e tamén as mocións de censura que patrocina o señor Louzán en Pontevedra. Señor Feijóo, ¿aproba e apoia vostede este tipo de prácticas?

Mais se repasamos a estrutura da administración á luz dos seus primeiros orzamentos, señoría, levaremos algunha sorpresa. Porque o gasto corrente non se reduce, o gasto corrente sube dous puntos, porque o diñeiro destinado á alta dirección da Comunidade Autónoma non se reduce, sube case pois mil euros, porque onde vostede decía que se reducían os gastos de persoal, ao revés, os gastos de persoal incrementáanse, e onde vostede decía que se reduce o gasto corrente improductivo non vemos onde está. O que si se leva, señor Feijóo, que vostede decía que no se pode gastar o que non se ten, é o endebedamento. Nos seus primeiros orzamentos Galicia está endebedada en máis 1.197 millóns de euros, e non teríamos nada que dicir se eses cartos foran para os servizos públicos e para o investimento. Pero non é así. Non houbo nin redución nin racionalización administrativa. Todo o contrario. A única reforma que fixeron foi eliminar a obrigatoriedade dunha proba en galego no acceso á función pública.

Curiosamente hoxe pola mañá, señoría, tampouco se referiu á rexeneración ética-democrática —non me estraña—, non se

referiu ás súas promesas de mellorar a calidade democrática, de reformar o Regulamento do Parlamento, de elixir no Parlamento o director xeral da Compañía da Radio Televisión de Galiza, e por certo pasou por riba da principal asignatura que temos pendente hoxe no país, que é a reforma do Estatuto. Vostede evitou fixar prazos, despois de cualificala no seu discurso de investidura como legalmente necesaria e imprescindible en termos políticos. Bastou, aquí como en todo, que o señor Rajoy dixese que o Estatuto non era unha prioridade para Galiza para que vostedes relegasen este asunto na súa orde de prioridades.

Falemos de lingua, señoría. Cando vostede ou algún dos seus conselleiros fala da nosa lingua e da nosa cultura propias o seu ton é de desconfianza e de desapego. Como se a nosa lingua nacional o que nos identifica e nos diferencia como pobo fose unha substancia perigosa que hai que manter fóra do alcance dos nenos e das nenas, aí está o seu novo decreto. No seu discurso a lingua e a cultura van sempre acompañadas de valores negativos, de prevención, o galego si, pero, ¡ollo!, con liberdade, a cultura galega si, pero, ¡coi-dado!, porque está acomplexada e limita.

A tanto chega, señoría, a súa obsesión que hoxe pola mañá permitiuse vostede traducir ao castelán o “Alba de Gloria” que Castelao escribiera no exilio para conmemorar o Día da patria de 1948. Escribiuno en galego. Foi, evidentemente, unha provocación. Mais mire, non será o Bloque Nacionalista Galego, non serei eu quen lle conteste, vai ser o propio Daniel. Castelao deixou escrito: “*Debuxei sempre en galego; escribín sempre en galego; e se tirades o que hai de galego e de humano na miña obra non ficaría nada dela.*” (Aplausos.) Poña as súas coutas, señor Feijóo, fóra de Castelao.

Vaiamos ás cifras. Nos orzamentos vixentes, os orzamentos para normalización lingüística reducíronse un 20%. Os orzamentos para as diferentes políticas culturais reducíronse un 15%. Moito por riba do descenso medio do orzamento.

Non é, pois, de estrañar que deixaran vostedes de financiar as traducións —salvo para Castelao e “Desván de los Monjes”—. Que se reducise, en xeral, o financiamento da produción e da difusión cultural. E que a última edición da feira Cultural, trunque das nosas industrias culturais, se celebrase sen financiamento ningún da Consellería de Cultura. A Real Academia Galega tenta realizar con dignidade as súas

funcións, malia ver drasticamente reducido o seu financiamento nun 30% en resposta, sectoria, a cumpriren o seu deber, o seu deber de defender a lingua deste país.

Suprimen as axudas para as equipas de normalización lingüística e, como nos vellos tempos, os cartos da normalización acaban en medios de comunicación ou en asociacións de empresarios que non destacan, precisamente, pola promoción da nosa lingua.

É certo que as masivas mobilizacións cidadás provocaron algunhas mudanzas no seu discurso, aínda que comparta os seus obxectivos, xa non gusta de aparecer en certas compañías; mais o borrador de decreto presentado o pasado sábado demostra que segue vostede empeñado, cerreñamente empeñado, en limitar a presenza do galego nas nosas escolas.

Hai un ano vostede parecía moi seguro, mesmo se permitiu emprazar en ton ameazante ao BNG: “Incorpórense, nacionalistas, ao acordo lingüístico, pídllelo expresamente”. E rematou: “¡Alá cadaquén!”.

Mais hoxe as cousas sonlle diferentes, señor Feijóo. Quen está só agora é vostede, bueno só en compañía dos amigos de Rosa Díaz en Galiza, que son os únicos que apoian o seu decreto. (*Aplausos.*)

E mire, escoite: “O galego é o principal elemento definidor da nosa identidade. Non se pode querer a Galiza e non ao seu idioma. A Constitución impón a obriga de coñecer o castelán, pero non os idiomas autóctonos. Polo tanto, hai unha discriminación cara ao galego que debe solucionarse desde o Estatuto, establecendo a igualdade entre as dúas linguas no seu ámbito territorial co deber de que os galegos coñezan o galego.” Iso está claro. Non son palabras, señorías, de Bieito Lobeira, non son palabras de ningún portavoz nacionalista, son palabras de Xesús Palmou, militante do seu partido. Eu teño que decirlle que as subscribo. ¿Pode, señor Feijóo, dicir vostede o mesmo?, ¿subscribe estas palabras do señor Palmou?

Agora, señoría, quen convidamos a voltar ao consenso lingüístico somos nós. Volvan, señores do PP, ao consenso, ao consenso da lei e do Plano xeral de normalización lingüística, do que nunca se deberon separar. Volvan ao consenso do decreto vixente e que hai que cumprir, que non fai máis que reproducir o Plano xeral de normalización lingüística. E se

non queren atender ao convite do BNG, atendan, señorías, polo menos ao convite das plataformas cívicas, da cidadanía e das institucións.

Volten ao consenso e abandonen o seu empeño suicida en atacar a lingua e a identidade deste país. E fágao, señoría, non só por obriga legal, está obrigado a facelo; se non é por amor, fágao ao menos por conveniencia. Quen queira ser respectado ten que comezar por respectarse a si mesmo. E neste seu primeiro ano de Goberno, xa llo dixen, as relacións, as negociacións co Estado cóntanse por fracasos: no financiamento autonómico, nas novas transferencias e tamén na Lei de caixas. Pero é que é normal, é normal; alguén que está máis preocupado polo que opinan en Madrid que polas necesidades de Galiza, ¿como pode esa persoa convencer os seus interlocutores de que está defendendo, de que ten un compromiso firme e insobornable cos intereses deste país? ¿Como alguén que vetou o novo Estatuto, e con el a mellora do noso financiamento, pode lograr o financiamento que Galiza precisa? ¿Como alguén que diariamente despreza a nosa lingua e minusvalora o noso autogoberno pode ser tomado a serio cando defende o dereito de Galiza a ter caixas de aforros e un poder financeiro propio?

Os seus ataques contra o galego, señoría, os seus desprezos pola nosa cultura e a minusvaloración do noso autogoberno sáennos moi caros, e estámolos pagando todos, porque á marxe das súas ideas, señor Feijóo, vostede é a primeira institución deste país. Respete a Galicia e logrará que Galicia seña respectada; siga desprezando este país, siga desprezando a súa lingua e seguirá colleitando fracaso tras fracaso. (*Aplausos.*)

E o proceso, señorías, o proceso de negociación da nova Lei de caixas, é un bo exemplo do que lle veño de dicir. Aceptaron vostedes negociar unha lei deste Parlamento cun recurso de inconstitucionalidade xa presentado, seguiron vostedes na mesa de negociación, a pesar do baixo rango e da mala fe dos representantes do Estado. Afirma vostede na Cámara que non pasará por ningunha solución que non supoña a fusión das caixas galegas, mais o seu partido en Madrid defende a fusión entre caixas de diferentes comunidades autónomas.

Cumpre, señoría, firmeza, firmeza na defensa deste país, pasar das declaracións aos feitos, teñen que abandonar as

negociacións, teñen que presentar xa o recurso contra o FROB e teñen que aplicar a lei.

E nisto o Bloque Nacionalista Galego non engana a ninguén, os nosos obxectivos son claros e coñecidos: queremos caixas galegas e comprometidas co país; comprometidas co país a través da súa obra social, comprometidas co país a través dos seus investimentos e comprometidas co país a través da súa política crediticia. Queremos que as caixas se manteñan como o que son, como entidades sociais que non son propiedade de ninguén, de ningunha familia, de ningunha persoa e de ningún grupo, e, desde logo, neste momento sabemos que a vía para conseguir estes obxectivos é apostar por unha caixa galega única, rexida por unha nova lei e con novas persoas ao fronte.

Remato, señoría.

Neste primeiro ano de goberno a conclusión non pode ser positiva. Vostede, señoría, prometeu loitar contra a crise e o desemprego, e hoxe temos 30.000 parados máis que hai un ano. Prometeu mellorar os servizos públicos, mais hoxe a sanidade, a educación e os servizos sociais están peor en calidade e en recursos que hai un ano. Prometeu defender e planificar o territorio, mais hoxe o noso territorio, señoría, está menos protexido e máis desordenado que hai un ano. Prometeu traer a cordialidade lingüística, mais hoxe o galego está menos protexido e o consenso lingüístico máis lonxe que hai un ano. Comprometeuse a garantir a suficiencia e a autonomía financeira que Galicia precisa, mais acabou por asinar un modelo de financiamento insuficiente e discriminatorio para o noso país. Prometeu, señor Feijóo, unir a sociedade galega e hoxe Galiza está máis dividida que hai un ano.

E, se lle digo todo isto, señoría, non é por revanchismo, non é por electoralismo, ten vostede tres anos de goberno aínda por diante, é por ben, é porque queremos que melloren as cousas porque terémonos que facer despois cargo deste país. E, francamente, penso que é iso o que os galegos e as galegas esperan de nós: que podamos chegar a acordos.

Neste ano, señorías, os nacionalistas fomos unha oposición dura, firme e rigurosa respondendo as expectativas dos nosos votantes, mais tivemos sempre a man tendida para procurarmos acordos e posicións comúns nos asuntos do país, e así seguiremos no ano que agora comeza, traballando

desde a oposición para defender o país e traballando desde a oposición para defender os intereses da maioría social. É aí, se quere, onde nos podemos encontrar, señoría.

Se as súas medidas contra a crise defenden os dereitos dos traballadores e dos autónomos, promoven a economía produtiva e restauran a xustiza fiscal, aí encontrará o Bloque Nacionalista Galego. Se está disposto a defender de verdade e con firmeza a nosa pesca e o noso leite en Madrid e en Bruxelas aí encontrará o Bloque Nacionalista Galego. Se está disposto a traballar a prol duns servizos públicos universais e de calidade, aí encontrará ao Bloque Nacionalista Galego. Se quer de verdade protexer e ordenar o noso territorio e os nosos recursos naturais en beneficio do país, aí encontrará o Bloque Nacionalista Galego.

Se de verdade quere un consenso lingüístico —o que xa existe— representado na Lei e no Plano xeral de normalización lingüística, señoría, tamén aí nós poderemos encontrar. E se está disposto a promover a elaboración dun novo estatuto que nos devolva o status que nos corresponde, xunto a Euskadi e Cataluña, que amplíe as nosas competencias, que mellore o noso financiamento e, como dicía o señor Palmou, que proclame a igualdade real entre o galego e o castelán, tamén aí nós poderemos encontrar.

De vostede depende, señor Feijóo. Vostede é o presidente deste país. Pola nosa parte, nós, os nacionalistas, seguiremos onde sempre estivemos: traballando en beneficio de Galiza e en beneficio do benestar dos galegos e das galegas, traballando para construír desde a oposición a alternativa que unha maioría de galegos precisan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Aymerich.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don Manuel Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Boas tardes, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, señor presidente, invitados, este debate chega nun momento clave, tócanos afrontar os problemas de Galicia, o país que queremos e o país no que

queremos vivir, respectando sempre o noso territorio, a nosa lingua e a nosa cultura, promovendo o seu desenvolvemento cara a unha sociedade responsable na procura do benestar dos seus cidadáns, avanzando para garantir á nosa xente traballo e dignidade nunha sociedade competitiva. Somos un país que desexa afondar no seu autogoberno, defendendo as súas sinais de identidade e que anxeia progresar dende o respecto aos seus cidadáns, abrindo horizontes e creando oportunidades de desenvolvemento con carácter sostible.

Señor presidente, vostede á mañá falou moito de galeguismo. Un bo galeguista nunca atacaría a lingua propia do seu país, un bo galeguista nunca pondría obstáculos para alcanzar o teito do autogoberno do seu país. Vostede, señor Feijóo, poderá chegar a ser, ou será ou é, un bo galego, pero nunca será un galeguista. (*Aplausos.*)

Señoras e señores deputados, ante a situación de crisis máis importante que vive Galicia nos últimos anos, este debate do Estado de autonomía só pode ter un obxectivo: aportar solucións para mellorar a vida dos nosos cidadáns, e debémolo facer con rigor, dende as perspectivas, lexitimamente, distintas, pero buscando sempre puntos de encontro que den alternativas aos grandes problemas de país. Non é tempo de dogmas nin para adoptar visións excluíntes; é o momento de compromiso con Galicia, cos galegos e coas galegas, sen voluntarismos estériles, senón realizando unha análise realista que defina as solucións posibles.

Permítanme que, por deformación profesional, intente definir a situación facendo primeiro un diagnóstico dos nosos problemas e logo buscando un tratamento axeitado.

Estamos, señorías, ante un debate do primeiro ano de goberno do señor Feijóo, que nos expuxo esta mañá o que xa podemos considerar e calificar como o discurso de reinvestidura. Vostede mesmo reconeceu, señor Feijóo, que perdeu un ano de goberno. Non atopo outro xeito de cualificar a súa intervención, máis propia dun presidente que vai a iniciar unha nova lexislatura que de quen leva xa un ano no cargo. Levou moito traballo para explicar unha situación que é ben fácil de explicar: estamos a analizar a situación xeral de Galicia e, lamentablemente, se a tiveramos que significar nun só dato, nunha soa cifra, isto explicárase con claridade absoluta en 234.171 homes e mulleres de Galicia, a cifra máis alta desde que existen rexistros do paro na Comunidade

de Autónoma de Galicia. ¡Que fácil, señor Feijóo! Tanto traballo pola mañá, tantas voltas pola mañá e que ben se concreta neste dato o ter alcanzado o récord histórico no seu Goberno dos homes e mulleres parados neste país.

Nun ano de goberno quedou claro que a xestión do Partido Popular se caracteriza por unha inoperancia e unha incapacidade que é transversal a todas as políticas do Goberno da Xunta. Pero se hai un campo en que esta incapacidade resulta particularmente paradigmática é no campo da economía. Poucas veces na historia viviu o mundo un momento económico tan delicado. A este desafío respondeu o Goberno de Galicia co máis estrepitoso dos fracasos; un goberno que ten sido incapaz de poñer en marcha unha política económica contra a crise, un goberno que se ten limitado a xustificar sempre a falla de iniciativa cun pretendido halo de austeridade e que o único que intenta é ocultar un panorama desolador en canto ao coñecemento, ás ideas e á iniciativa política.

O Goberno do señor Feijóo deixou a Galicia sen política económica. Alí donde na lexislatura anterior outros gobernos procuraron construír un futuro para Galicia, impulsando a competitividade da nosa economía a través do coñecemento, do diálogo social, o balance do Partido Popular a día de hoxe é un auténtico baleiro.

Na pasada lexislatura se puxeron en marcha iniciativas de calado económico como a definición do marco estratéxico de convergencia de Galicia, que marcaba a folla de ruta para un cambio de modelo económico deste país. Ou o acordo pola competitividade de Galicia 2008-2011, como resultado do diálogo social, ou o Plan de reequilibrio territorial.

Frente a este inventario de actuacións, o Goberno actual da Xunta de Galicia non presenta nin unha sola estrategia relevante, ben ao contrario, señor presidente, levan un ano tratando de desmontar todo o bo que en política económica se levaba a cabo na lexislatura anterior. Ideas unanimemente aplaudidas por Galicia como a Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento, apostando pola innovación e o coñecemento como follas de ruta hacia o futuro, con vostedes desapareceron sen deixar rastro.

O liderazgo de Galicia en enerxías renovables está a punto de pasar á historia. O parón do sector eólico é unha cousa

clara que augura unha travesía do deserto para un sector transcendental pola súa aportación ao PIB galego. Nestes últimos meses Galicia só se fixo co 2,5% da potencia nacional en enerxías renovables. Perdimos a posición de cabeza a favor de Castela e León. Os recursos xudiciais nos que vostede mete o sector van a costarlles aos galegos moito máis do que pode aportar o que vostede está falando do canon.

En I+D, en formación e capital humano e no impulso da iniciativa empresarial como elementos cruciais para o fortalecemento da nosa competitividade todo o feito caeu en saco roto.

As políticas específicas de resposta á crise brilan pola súa ausencia. Os orzamentos presentados para este ano apostan por un recorte indiscriminado de partidas sen distinción entre o investimento e o gasto corrente, o que reflicte unha falla de perspectiva que non podemos deixar de observar con absoluta preocupación. Non se poñen..., non solo non se poñen senón que bloqueáronse as políticas contracíclicas que estimulaban a nosa economía; límitanse unicamente a ocorrencias puntuales, e o propio Plan Renove foi un espedimento que apenas durou tres meses.

¿Que dicir, señoras e señores, na inversión pública? Era unha das principais palancas coas que contaba o Goberno para estimular a actividade económica. Abonda sinalar que mentras o Estado intensificou a licitación de obra pública na comunidade, a licitación da Xunta de Galicia cae no ano 2009 un 60%, deixando desamparado a todo o sector de obra pública, que sofre especialmente o embate da crisis, pero sobre todo provocando o desemprego de máis de 16.000 homes e mulleres que vivían pendentes destas adjudicacións.

Hai tres datos, señor Feijóo, que definen perfectamente a licitación pública no ano 2009. Vostedes licitaron no ano 2009 537 millóns de euros; o Estado licitou en Galicia, no 2009, 1.509 millóns de euros; e os concellos, señor Feijóo, licitaron en Galicia 654 millóns de euros. Está claro quen está tirando pola economía deste país, está claro de que mentras uns vigilan os outros pagan e traballan. *(Aplausos.)*

Vostede, señor Feijóo, ten que reconocer que é o Goberno central quen está investindo e transformando este país con infraestruturas do AVE, con vías de alta capacidade, con por-

tos e con aeroportos. A Xunta deixa de facelo naquelas infraestruturas das que vostede tiña a competencia. Quen está apostando por Galicia está claro que son os concellos e o Goberno do Estado.

Señor Feijóo, en momentos de extrema dificultade vostedes foron incapaces de facer incluso os deberes en cuestións nas que parece imposible que non saliran ben. Estoume referindo ao Xacobeo. Hai que poñerlle moita vontade para que salga mal un Xacobeo. Eso é unha cuestión en que practicamente ningún goberno o podería conseguir. Pero vostedes están conseguindo que o barco do Xacobeo vaia absolutamente á deriva e esté claramente embarrancado. O dixo o señor Aymerich: é inexplicable que no mes de xaneiro caigan as pernoctacións en Galicia nun 6% –no mes de xaneiro, con relación ao mes de xaneiro do ano anterior–. O sorprendente é que vostede é o que dá uns datos completamente distintos de todas as estadísticas que temos na man. Mire, é moi importante, moi importante, que o produto interior bruto de Galicia recupérase pulso a través deste Xacobeo; pero está claro que vostedes, co conselleiro de Cultura á cabeza, pero sobre todo con vostede de presidente, decidiu que este Xacobeo sexa o peor Xacobeo de todos os tempos desde que se levan instaurado, que xa parece difícil.

Vostede, señor Feijóo, sabe e dixo ao comezo do seu mandato que en 40 días arreglaba a crisis económica e o paro. Galicia está hoxe máis alonxada que nunca dese obxectivo. Se tivéramos que definir a súa política en materia de economía e emprego, recurriría a parafrasear a iniciativa que está tan de actualidade nos medios de comunicación por “esto lo arreglamos entre todos.org”; no seu caso sería: “arreglense-las como puedan.org”. *(Aplausos.)* Vostede decidiu, señor Feijóo, que os problemas deste país son problemas que teñen que arreglarse solos; xa escampará e xa veremos cómo nós podemos sacar rédito de todo eso.

Mire, os efectos da falta de ideas e de iniciativa son palpables en indicadores económicos. Desde o 2006 ao 2008 Galicia estivo sempre entre as tres comunidades autónomas con maior crecemento económico. A día de hoxe a situación é ben distinta. Vostede está sendo responsable de dilapidar o plus de crecemento económico do que disfrutabamos. E as últimas cifras correspondentes ao cuarto trimestre demostran que xa perdimos ese plus de resistencia e que estamos equiparados co Estado.

No camiño da converxencia con España e con Europa a política económica do anterior Goberno propiciaba que íbamos 6 puntos por diante no que era o elemento diferencial. Con vostedes xa se perdeu completamente eso.

Mire, non vou a darlle máis datos porque a súa xestión en termos económicos non pode calificarse nada máis que dun desastre. Heredou vostede unha economía que, como o resto do mundo, estaba azotada pola crise pero con políticas ben articuladas, con elementos diferenciales e que auguraban unha maior capacidade de resistencia. Un ano despois, señor Feijóo, vostede e o seu Goberno, por unha ausencia de políticas e de ideas, arrojan unha situación preocupante na que Galicia perde claramente postos no concerto económico nacional e europeo.

Falando de economía, señor Feijóo, permítame que lle fale e que lle de tamén unha opinión sobre o sistema financeiro de Galicia. O sistema das entidades de aforro galegas está sometido a unha fortísima tensión. Sucede no resto de España e sucede en Galicia. Temos que ser capaces, señor Feijóo, entre todos de definir un futuro para as caixas de aforros que garanta a súa solvencia e a súa galeguidade. Pero, señor Feijóo e señores do Partido Popular, cando decimos entre todos quere decir, en primeiro lugar, contando coas propias caixas de aforros. Vostede fala con todos menos con quen ten que falar. Dígame na réplica canto tempo leva vostede sen falar coa caixa de aforros de Caixanova ou con Caixa Galicia. Moito pedir diálogo e interlocución en Madrid e ¿é normal que vostede non fale con Caixanova desde fai meses?

Señor Feijóo, temos que asumir a realidade do noso sistema de aforro coas súas fortalezas e coas súas debilidades. Non podemos construír soamente un futuro se descoñecemos a profundidade das dificultades que afrontamos e o que pasa no noso entorno. Formamos parte dun estado, con órganos independentes que supervisan e regulan, cun marco de distribución de competencias que debemos de respectar e con sistemas de apoio como o FROB –fundamentales– que debemos aproveitar.

Hoxe vostede, mellor que nadie, pero todos, sabemos que non hai atallos, que só convencendo e non vencendo gañaremos o futuro do aforro de Galicia. Pero se somos todos capaces de pórnos de acordo sobre o que cómpre facer eso será decisivo. Garantir o futuro das nosas caixas só se pode

lograr, señor Feijóo, dende o consenso entre as caixas e Galicia. Non é posible acadar acordos nos que as caixas non participen. Nós ofrecémonos para colaborar nesa imprescindible colaboración urxentemente con todos eles. Si... (*Murmurios.*) Non permita, señor Feijóo...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. Silencio.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ:... que a soberbia volva a cegar o seu xuício, e acepte este ofrecemento. Asegúrolle que o Partido Socialista apoiará calquer solución que acepten as caixas galegas, garantindo a súa solvencia e a súa galeguidade. De mutuo acordo, si, de mutuo acordo, calquera cousa é posible, sen ameazas, sen trampas, coas cartas boca arriba, cumprindo coa Constitución e cumprindo coa lexislación básica do Estado. Ese é o futuro que ten o sistema de aforro deste país.

Remato decíndolle nesto que con acordos a fusión será difícil pero é posible, sen acordos a fusión é imposible. (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, o que verdadeiramente nos preocupa aos socialistas galegos é o retroceso de Galicia, un retroceso que non atinxe solamente á conxuntura económica, ao paro, atinxe fundamentalmente tamén ás políticas sociais. Son as que máis se precisan cando estamos nun momento de crise. E as políticas sociais deben garantilas cun goberno con sensibilidade de cara aos seus cidadáns.

Vostede levou moito traballo tamén pola mañá para explicar situacións que a nós nos parecen extremadamente fáciles de explicar. Sanidad, vai facer un ano da súa toma de posesión. Hoxe 250.000 galegas e galegos están e saben que o seu compromiso non solo non se cumpriu senón que aumentaron as listas de espera e están facendo listas de espera na sanidade pública. Por primeira vez en cinco anos empeorou a lista de espera quirúrxica e a de primeiras consultas e especialistas, que viña paulatinamente mellorando desde o ano 2006. Por moito que lle conte a conselleira, hoxe hai máis pacientes esperando unha intervención quirúrxica que fai un ano. Dende que vostede ten a responsabilidade de presidir a Xunta na metade dos hospitais de Galicia empeorou ata límites preocupantes a espera quirúrgica, acadando os incrementos do 40% nalgún dos casos. Hoxe, señor presidente, das 32 especialidades médicas que atende o Sergas a situación empeorou en 25, e empeorou tamén en 11 dos 14 hospitais

que hai en Galicia. Permítome ensinarlle e lle farei chegar unha proposta que se fai a un ciudadano, na que lle dan cita para neurociruxía para o día 29 de xunio do ano 2011. Estas son as consecuencias que estamos a sufrir miles de galegas e galegos que precisan atención sanitaria. E, ¿por que? Por mor do recorte orzamentario nesta materia, pola supresión da actividade nos centros pola tarde, desviando unha parte á atención privada, e pola non renovación de contratos a máis de cen especialistas que tiñamos nos hospitais. Coa súa política, señor Feijóo, está contribuíndo a que unha parte importante dos galegos xa estén militando na segunda división da atención sanitaria hospitalaria.

Señor presidente, os datos que ofrece a sanidade pública despois dun ano da súa xestión –recórdeos– son os peores datos dos últimos anos, e isto significa un estrepitoso fracaso do seu modelo.

Pero estando isto mal, inda nos podemos poñer peor. ¿Por que? Porque vostede elixiu, ademais, hipotecar o futuro da sanidade pública, porque ao privatizar os novos hospitais de Vigo e Pontevedra vai a dar o mesmo servizo e multiplicar por catro os custos destes hospitais. Vostede non solo está lesionando o presente senón que está hipotecando o futuro.

Señorías, se hai un baremo para medir a situación dun país e as súas perspectivas de futuro, ademais da economía é a educación. Non só é unha prestación esencial, é un servizo prioritario que debe garantir antes de nada a calidade, a equidade, a gratuidade e a excelencia. Estes son os catro pilares dun sistema educativo que está a recibir en Galicia un dos maiores ataques frontais que nunca se teñen realizado no noso país. Hai tres fitos claves que poñen en xaque o noso modelo educativo: primeiro, a supresión do dereito á gratuidade dos libros de texto; segundo, a redución por primeira vez na historia da Comunidade Autónoma dos orzamentos da Consellería de Educación; e, terceiro, un proceso de implantación dun decreto de galego que convulsiona a sociedade e o modelo educativo. Tres decisións que non teñen precedentes e que son relevantes tanto como que cando vostede fala de cordialidade se están dando protestas masivas en todo o territorio que fan que tanto a comunidade educativa como a sociedade galega teña que salir en mobilizacións sen precedentes a plantarse diante do seu Goberno.

Señor Feijóo, o proxecto de galego de plurilingüismo que presentou o conselleiro de Educación o sábado –e que non sabemos onde está, o presentou el, o saben algúns medios, vostede fala..., díganos xa– o que fai é reinstaurar o conflito lingüístico e a confusión nas aulas e no sistema educativo. Con isto vostedes eluden as súas propias responsabilidades e as trasladan aos pais e aos centros, asumindo un caos sen precedentes. ¿Non se lles ocorreu a vostedes, que tanto lles gustan as consultas –¿por que non o fixeron?– preguntarlles aos pais unha pregunta máis: se estaban de acordo coa supresión da gratuidade dos libros de texto? Que fácil era eso, ¿verdad? Pero eso non hai que preguntarllo, eso, sencillamente, se lle suprime.

Mire, señor Feijóo, consuman a ruptura do consenso social respecto á nosa lingua. Traicionan o acordo unánime das forzas políticas galegas acadado no 2004 coa certificación da defunción do Plan de normalización lingüística. O galego con vostedes volve a ser unha lingua inferior, unha lingua denostada. Señor Feijóo, non se pode falar de galeguismo e ser vostede o presidente que lle dá a puntilla ao idioma, á lingua propia do noso país. *(Aplausos.)*

Señor Feijóo, un ano despois, descubrimos que non eramos os deputados da Cámara os que íbamos a ter os libros de texto gratuítos, os que íbamos a ter que pagar. Descubrimos que ademais de nós –¿acórdalle?– son 54.000 alumnos de toda Galicia que tiveron que pagar os seus libros de texto; 54.000 alumnos que tiñan gratuidade total de libros e que os tiveron que pagar. Diga a verdade, señor conselleiro, diga a verdade, señor presidente, vostedes non dicen que son mileuristas, non son xente adiñeirada, son mileuristas e convertiron vostedes todo isto nun novo modelo de beneficencia. Vostedes dirixen o modelo de gratuidade a un modelo de beneficencia, cando estamos falando dun servizo universal e que ten que ser gratuíto. Vostedes... *(Aplausos.)*

Señor presidente e señor conselleiro, a toda a xente que nos escoita, as pegadas que vai deixando o conselleiro de Educación son claras. Mentras baixan o orzamento do sistema educativo público, suben os orzamentos adicados á ensinanza privada, renovan os concertos a centros que segregan alumnos en función do sexo. O único inexplicable de todo o modelo educativo, señor Feijóo, é por que vostede non cesa fulminante o conselleiro de Educación. *(Aplausos.)*

No tema de universidades, rapidamente a aposta da consellería pola Sociedade da Innovación e o Coñecemento queda ben patente no orzamento previsto para as tres universidades. Tiveron que reducir unha parte fundamental e clarísima das súas actividades de investigación. Vamos a dicirlllo claro e rápido, señor Feijóo: propoña, faga xa o Plan de financiamento 2011-2015 e consiga unha cousa que é: iguale o coste por alumno á media que temos en toda España.

Señorías, a dereita que representa o Partido Popular tivo sempre un certo recelo coa esquerda respecto á defensa das políticas sociais. Para a inmensa maioría da sociedade o Partido Popular é o partido que menos se interesa polas prestacións sociais, e esta percepción das galegas e dos galegos non é un tópico, senón que ten unha auténtica base real. O xa dito sobre a sanidade, a educación, podemos amplialo tranquilamente á dependencia, aos centros de día, ás residencias para maiores, á vivenda, á emigración e á igualdade do home e da muller.

Anunciaba vostede un plan no que iba reconducir e reducir multitude de servicios. Pero o Servicio Galego de Igualdade entre o Home e a Muller non pudo esperar. Ese había que suprimilo xa. E vén vostede a presumir de que crea unha secretaría xeral de igualdade que xa estaba creada e que vostede mesmo ten que asumir que era un elemento clave nos procesos de igualdade.

Vostede suprime o Servizo Galego de Igualdade sencillamente porque o quere suprimir. E vostede remove a Lei de igualdade no traballo para homes e mulleres porque sencillamente o quere facer. E vostedes o fan porque sencillamente non cren nas políticas de igualdade. *(Aplausos.)*

Señor Feijóo, mire que fácil e canto traballo levou á mañá para explicalo. Nun ano non foron capaces de crear nin un só novo centro de día, nin unha soa nova residencia. E tampouco nun ano construíron nin proyectaron nin unha soa nova vivenda social. ¿A que é fácil e rápido? Iso si, modificaron substancialmente a prestación sanitaria dos residentes en Bos Aires privatizando e entregándolle a unha empresa amiga de maneira privatizadora unha operación para o Hospital do Centro Galego en Bos Aires por importe de 27 millóns de euros.

Cando falamos de dependencia, señor Feijóo, vostede, que se lle dá moi ben tamén a enxeñería contable, explicou que

nun plan 2.000 millóns de euros uns subían, outros baixaban... Voullo explicar e verá como o entende rapidamente. En Galicia hai 53.468 homes e mulleres que teñen dereito a percibir unha prestación de dependencia. Soamente reciben a prestación de dependencia 30.657 personas. É dicir, hai a día de hoxe 22.000 homes e mulleres de Galicia que teñen dereito a unha prestación de dependencia e non a están recibindo. *(Aplausos.)*

Señor Feijóo, recórdolle un detalle. Os nosos dependentes non viven de porcentaxes, viven de euros. Non vale dicir que vai o 20 ou o 30. Aos que non teñen non lles chegan os cartos. E, mire, vostedes presumen de que subiron este ano moi orgullosos alí e aquí, incrementamos un 22% no ano 2009 o pago de prestacións. ¿Sabe cal é a media de incremento no 2009 en España? O 64%. Vostedes van 42 puntos por detrás de toda España. E, sabe máis, sabe que temos comunidades autónomas como Castilla-León, Andalucía ou o País Vasco que xa teñen avaliado practicamente, solo lle falta entre o 15% e o 17%. Vostede terá un plan magnífico de 2.000 millóns para generar 45.000 postos no futuro. Por agora, o que fai é que desde que vostede é presidente 33 homes e mulleres que traballaban en servicios sociales van ao paro cada día nos últimos tres meses. Esas sonlle as contas, señor presidente.

Vostedes teñen que reconocer que todos os plans de actuacións que estiveron presentando son planes que solamente están na teoría, porque hai unha cousa que se lle olvida, están aprobados os presupostos do ano 2010, e todos os planes que vostede falou esta mañá, consultados os presupostos, non hai nin un solo euro para eles. E dicíamos os que levamos moito tempo en política que cando falamos de presupostos, señor presidente, o que non son contas son contos. E vostede sabe que subiu aquí a explicarlle contos a esta xente. *(Aplausos.)*

En ordenación do territorio, señor presidente, señoras e señores deputados, coincidiremos todos que o feito máis reseñable desde que vai de lexislatura foi o acordo do Obradoiro, no que conseguimos sacar adiante, conseguiron sacar adiante o Goberno central e o Goberno autonómico, unha gran infraestrutura por importe de 5.000 millóns de euros. Non podo máis que amosar a miña satisfacción polo acordo suscrito entre Fomento e a Xunta. Esta mañá, cando o sentía falar e cando daba o balance de obras efectuadas, pensei

que estaba aquí o ministro de Fomento, porque todo o que vostede dixo, obras, aeroportos, portos exteriores, todo son obras financiadas con gobernos do Estado. Hai que recoñecerlle, eso si, que vostede vixilando, vostede vixilando. *(Aplausos.)*

Mire, eu lle propoño que sigamos avanzando en políticas de infraestruturas. A modernización das infraestruturas, que viuse abandonada, non solo non se licitou, senón que paralizaron proxectos; unha cousa moi importante, o compromiso iniciado polo Goberno anterior de levantar peaxes, que quedou paralizado.

Demandámoslle agora mesmo que se priorice a xestión de suprimir o peaxe do tramo da autoestrada entre Lalín e Santiago. Non vaia ser que a vostede lle pase como ao noso alcalde de Lalín, que solo pide levantar o peaxe cando gobernan os socialistas e cala cando gobernan os gobernos do Partido Popular. *(Aplausos.)*

As infraestruturas representan o futuro deste país, pero eu pídolle claramente, señor Feijóo, para rematar este concepto, un acordo. Fixemos un gran acordo do Obradoiro, pero eu pídolle outro acordo do Obradoiro, tan importante como o primeiro; un acordo no que vostede firme con Galicia os compromisos e os prazos das obras que ten que facer vostede cos seus diñeiros.

Vostede é especialista en poñerlle prazos ao diñeiro dos outros, en incumprir os prazos e os compromisos da súa propia estrutura económica.

Mire, no futuro de Galicia hai un elemento clave que actúa como o tractor das políticas económicas. As sete grandes cidades galegas e as súas áreas metropolitanas nelas viven máis da metade dos galegos. Durante o último ano estas cidades foron ignoradas pola Xunta: nin investimentos nin axudas, problemas de accesibilidade, equipamentos, servizos... Non pasaron vostedes nunca da fase de anuncios publicitarios. Estas áreas son o motor económico e social deste país: cooperar no seu desenvolvemento e impulsar a capacidade de crecemento que repercutirá no PIB, no emprego e na calidade de vida.

Propoñémoslle, señor Feijóo, que non se deixe levar pola pasión partidaria e cree un plan especial de apoio ás áreas

urbanas, que leve orzamento suficiente e que aborde os investimentos en estradas e infraestruturas, implantar o transporte metropolitano integrado, cooperar cos concellos nos grandes equipamentos de carácter cívico e cultural e establecer convenios cos concellos para rehabilitar e mellorar a habitabilidade dos barrios.

Señor Feijóo, vostede no seu discurso da mañá non abordou –e non porque non tivera tempo– unha das claves que ten Galicia pendente. Galicia necesita unha reforma da Administración, fundamentalmente da Administración local. Temos máis de 200 concellos con menos de 5.000 habitantes, e destes 100 concellos non chegan a 2.000 habitantes.

Señor Feijóo, pídolle e comprometo o noso apoio para abordar políticas de incentivación, a colaboración entre os propios concellos, que derive en mancomunar servizos.

Mire, en ordenación do territorio, solamente quero rematar dicíndolle que os socialistas galegos vimos de propoñerlle un acordo importante en materia de ordenación. Para nós o territorio é unha cuestión de país. Vostedes están a desenvolver hoxe unhas directrices de ordenación do territorio que lle quedaron practicamente rematadas, un plan de ordenación do litoral que lle quedou practicamente..., rematado non..., que incluso vostedes manteñen a mesma empresa que o estaba executando. E temos, ademais, un principio de acordo –que eu agradezco por Galicia– sobre..., que empece a sonar ben que podemos chegar a concitar as proteccións de espazos naturais e resolver outros problemas a través desta Lei do suelo que estamos reformando. Solamente lle pedimos unha cousa, señor presidente, membros do Partido Popular, Goberno de Galicia, o obxectivo dun gran acordo polo territorio ten que estar por encima dos intereses dos partidos. Este obxectivo solamente será creíble cando academos o compromiso todos de que unha vez que pactemos unha nova lei do solo, para reformala sexa necesario 2/3 da Cámara para evitar que calquer partido poda ter veleidades cando teña o Goberno.

Recórdolle que nós fumos os que propuxemos o pacto. Dígolle que é certo que vamos avanzando de maneira importante no acordo da reforma puntual da lei, pero que a gran asignatura pendente que ten este país chámase as directrices, o Plan de ordenación e unha nova lei do solo para Galiza.

Da mesma maneira que en ordenación do territorio vemos algún avance, nós o que lle dicimos é que en políticas medioambientais sencillamente o medio ambiente e o desenvolvemento sostible deixou de ser unha prioridade para este Goberno. Non solo é o feito de que volatizaran, desaparecera a Consellería de Medio Ambiente, senón que hai constatación de que están paralizadas todas as políticas medioambientais de Galicia. Paralizaron o Plan de xestión de residuos, paralizaron o plan de acción de cambio climático, paralizaron o plan sectorial hidroeléctrico, permitindo a posibilidade de que se volvan a recuperar encoros e mini-centrais e, dende logo, Galicia, señor presidente, señor conselleiro, se unha das principais sinais de identidade de Galicia é o noso patrimonio natural, un dos principais elementos diferenciais son os nosos ríos, as nosas costas, as nosas rías, non é xusto que vostedes sencillamente, dun plumazo, suprimisen as políticas medioambientais deste país.

En canto a medio rural, quero dicirlle que a crise que padece Galicia afecta a todos os sectores, pero resulta especialmente grave no caso do noso mundo rural. Aos abandonos de actividade agrogandeira e forestal provocados pola actual conxuntura económica, hai que sumar os abandonos producidos por unha estrutura territorial, administrativa e poboacional avellentadas. Os cambios estanse a producir neste sentido de xeito inexorable. A poboación galega abandona o rural para asentarse nas cabeceiras de comarca. Hai xa un 15% máis de lugares abandonados e hai 1.700 lugares donde xa solo vive un veciño na nosa Galicia.

A configuración histórica dos asentamentos rurais en Galicia está a mudar de xeito acelerado. Isto, sumado ao parcelamento do territorio, dá como resultado un desequilibrio territorial que se acentúa máis cada día, que impide resolver o país con harmonía.

Estamos, pois, diante dun dos problemas que debemos resolver en Galicia de maneira perentoria, e ningunha administración ata o de agora quixo acometelo. O Goberno socialista anterior tomou unha decisión importantísima a través do Banco de Terras e cremos que é a clave para seguir concentrando os espazos territoriais no noso mundo rural.

Se non artellamos Galicia, se non somos capaces de mellorar as condicións de benestar e incrementar as posibilidades de crear emprego nese tercio da poboación que vive nos 2/3

do territorio, non conseguiremos nunca un desenvolvemento harmónico que sexa sostible e rache coa dicotomía da Galicia interior e a Galicia rural.

É preciso adoptar, introducir reformas, que garantan unha maior rendibilidade do sector agrogandeiro e forestal. As explotacións gandeiras están a soportar situacións límite. Arredor de mil explotacións botaron o peche no ano 2009 ao non poder facer fronte aos préstamos contraídos. Na crise do sector lácteo a Xunta non estivo á altura do que representa este sector estratéxico para Galicia. Por iniciativa do Partido Socialista e presión dos gandeiros acabaron concedendo unha minúscula axuda, insuficiente. Desinteresáronse pola consecución de contratos homologados. E o máis importante –e que é máis grave– boicotearon un proxecto para transformar máis de 500 millóns de litros anuais de leite que integraba a máis de 20 cooperativas e que podía ser o xerme do grupo lácteo galego.

Están en perigo 3.000 empregos no sector forestal, acuciado pola crise e pola carencia dunha política axeitada. Pero permítame que lle diga que o máis sorprendente, señor conselleiro, é o recorte de 8.700.000 euros no Servizo de Prevención de Incendios, Silvicultura Preventiva, Repoboacións, Infraestruturas de Prevención. Eso solo ten unha palabra: insensatez. Este país, nos veraos, arde. A única política que hai é a política preventiva, e vostede, señor Feijóo, nun alarde de insensatez, recortou os fondos para as medidas preventivas. E cando vostede dá datos esta mañá, sencillamente teño que dicir que o verao pasado foi o verao máis chuvioso dos últimos dez anos. Non bote as campanas a rebato, faga política preventiva e ojalá que eu me equivoque de punta a cabo, pero con que as condicións climatolóxicas este verao sexan hostiles vamos a pasalo moi mal.

Señor conselleiro, señora conselleira de Pesca, terá que explicarlle vostede e o presidente a toda a Costa da Morte como é posible anular a base de salvamento e a adquisición dun helicóptero para a Costa da Morte que xa estaba presupostado e en fase de licitación. (*Aplausos.*) Vostedes terán que explicar que facemos coa flota de baixura e artesanal, con barcos que teñen máis de trinta anos e están esperando fondos para a súa renovación. Todos os recursos da consellería están destinados a desmantelar a flota con 37 buques de altura, pero realmente quen o está pasando mal é a xente que non está recibindo axuda. Non deixemos no olvido o

bloqueo de 2.200 embarcacións pendentes de regularizar pola súa consellería, porque, se non, se non o fariamos, obligariamos a un peche patronal de 2.000 pequenas empresas.

Do Plan acuícola, por falta de tempo, solamente lle vou dicir dúas cousas: sencillamente, señor Feijóo, se cargou vostede a acuicultura neste país. ¡Fácil! Se cargaron vostedes a acuicultura neste país, e o emplazo para que cando construya a primeira planta da acuicultura en Galicia na súa lexislatura suba aquí e mo explique a min e a todos os deputados. Se cargou o Plan de acuicultura, se cargou o Plan eólico, máis de 20 proxectos dotados con 300 millóns de euros, que significan mandar e romper a expectativa de traballo de 2.000 postos de traballo directos e máis de 3.000 indirectos.

Con relación ao departamento de cultura, é o único conselleiro que creo que podemos felicitar. Conseguiu unha cousa difícil na nosa Galicia, puxo de acordo a todos, actores, escultores, escritores, dicindo que esta é a peor consellería de Cultura que hubo nunca en Galicia. Vostede conseguiu, señor conselleiro, que non só non haya política cultural, senón que promover a cultura galega sexa ou poida ser case un sinónimo de imposibilidade.

Señor Feijóo, debe de reconducir a situación, especialmente na situación económica, e para eso quero ofrecerlle, cando falamos de economía de emprego, un pacto polo emprego e a reactivación da economía galega, con propostas e con compromisos concretos. Hai que garantir a liquidez das empresas, señor presidente. Un dos problemas que lastran a recuperación económica é a dificultade das empresas para obter liquidez. Non faga vostede o que fixo esta mañá de política de café para todos. Non hai café para todos, vamos a ir a políticas de contención, políticas económicas que, por premura de tempo, lle adjunto no documento que lle remitimos e que quedan claramente como un compromiso de loita contra o paro e a crise económica, con medidas específicas –a contratación–, con incentivos adicionais para a contratación de xóvenes, con incentivos para parados de larga duración, con sistemas de protección.

Temos que facer o desenvolvemento de sectores industriais con planes de apoio a sectores estratégicos, un maior desenvolvemento de I+D+i, a internacionalización das empresas galegas, desenvolvemento dun sistema comercial máis competitivo, impulso á licitación pública. E vostede, que cando

licitaba o Goberno de Touriño 1.200 millóns dicía que iso era pouco, tome nota e acade vostede unha licitación similar a esa ao longo do ano 2010, cousa que xa non fixo no ano 2009.

Mire, o estatuto é a clave do noso futuro. Non se empeñe en seguir na política de transferencias por onde non vén. O futuro de Galicia debe sustentarse sobre unha base económica sólida e duradeira. Pero Galicia, máis que nunca, precisa dun pulo no seu autogoberno que incremente a capacidade de financiamento e acade o teito competencial, en consonancia coa Constitución española. Non pode ser vostede o único presidente autonómico de España que rexeita modernizar e modificar o estatuto da súa Comunidade Autónoma.

Señor presidente –e lle roubo uns segundos, coa venia da señora presidenta– coincidimos con vostede plenamente: Galicia é unha bomba demográfica. Galicia, con taxas de fecundidade de 1,1, abócanos como país a unha desaparición inevitable. Poñer en marcha un grupo de traballo que promova políticas activas para favorecer a natalidade, pero, señor Feijóo, seamos coherentes, axudarlles ás familias é darlles libros de texto gratuítos, axudarlles ás familias é conciliar a vida familiar e laboral, axudarlles ás familias é crear escolas de 0-3, axudarlles ás familias é poñer garderías infantís nos lugares de traballo. Non hai milagros na loita contra a taxa de fecundidade e natalidade, hai que poñer en marcha políticas concretas.

Remato, señor presidente. En corenta e cinco minutos intentei expresar a nosa preocupación pola situación de Galicia. Perdimos un ano en paralizacións, confrontacións e demolicións. Vostede, señor presidente, vén hoxe a confirmar que este ano foi un ano perdido, e vén tamén a pedir unha segunda oportunidade nun novo discurso de investidura.

Señorías, dende unha visión crítica, quero rematar expresando o compromiso con Galicia, e, cando queira, buscar acordos, o compromiso, co Goberno de Galicia, dende a realidade, dende a aportación de solucións ás galegas e galegos, traballando para afrontar o principal problema, a crise, e, facendo dun novo modelo económico para Galicia, había para impulsar un país competitivo, responsable socialmente e comprometido medioambientalmente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra don Manuel Ruíz Rivas.

O señor RUIZ RIVAS: Señora presidenta, señorías, permítanme que empece a miña intervención rememorando unha frase pronunciada nesta Cámara no debate de investidura: “É certo que os galegos optaron polo cambio, pero creo interpretar ben o ánimo colectivo ao afirmar que o cambio que o noso país quere e que o noso país necesita é un cambio en positivo e que mire cara adiante. Se os galegos decidiron darlle paso a un goberno novo e distinto é porque queren avanzar máis e máis de présa, porque tiñan a moi xustificada impresión de que o Goberno anterior se convertera nun freo para Galicia”. Son palabras que perfectamente podería ter pronunciado o presidente Alberto Núñez Feijóo, pero son palabras que se pronunciaban nesta Cámara no debate de investidura do señor Touriño –ao cal aproveito para desexarlle o mellor, para desexarlle que siga aportando a Galicia, o noso respecto e agradecemento, que parece ser que é o que non lle ten o seu grupo–. (*Aplausos.*)

Pois ben, e quixen lembrar ao comezo da miña intervención... (*Murmurios.*) –por favor, siga vostede en *twitter*– E quixen lembrar as súas verbas ao comezo da miña intervención porque creo que poucas frase poden, coma esta, definir coas mesmas exactas palabras os motivos dun inicio, do inicio do novo Goberno e os motivos dun final, do final do seu Goberno.

Señor Aymerich, temos algo que ver con Suecia. Cando aquí un goberno leva a ese país ao seu desenrolo, cámbiano. A vostedes cambiárono. E esta mañá foi o deputado Alberto Núñez Feijóo quen dou conta da súa xestión como presidente, e, se o dou, é porque precisamente fai un ano os galegos optaron polo cambio, por un cambio en positivo, por un cambio que mire cara adiante, porque tiñan a moi xustificada impresión de que o Goberno anterior se convertera nun freno para Galicia; en definitiva, porque os galegos decidiron hai un ano nas urnas poñer fin a ese breve etapa que se iniciaba con esas mesmas verbas do señor Touriño coma mensaxe de ilusión e esperanza e que tardou moi pouco tempo en converterse en decepción. Non é hoxe o momento de relatar en detalle os motivos que levaron a tal decepción, pero si quixera –porque pode axudar a situarnos– concentrar

eses motivos nunha soa palabra, o engano, o engano de crer desde o primeiro momento que todo o que non votara o Partido Popular estaba en contra do Partido Popular, o engano de non deixar gobernar a maioría de Galicia. E ese primeiro engano siguiu con outros enganos: as súas disputas, as súas diferencias, deixando ao marxe a cidadanía. Ese engano foi traizonar as primeiras palabras e compromisos que ese mesmo discurso de investidura deixaron para todos os galegos: un Goberno sustentado por dous partidos, pero non dous partidos que se reparten áreas de goberno, aquel compromiso de gobernar ao 100% para os galegos.

O segundo engano foi aquel de dicir que iban a buscar consensos, que iban a falar con todos; vostedes, que eran incapaces de falar con vostedes mesmos. Pois ben, a ese compromiso tamén se uneu o de buscar un país máis forte democraticamente. ¿Que lle van a dicir a este grupo parlamentario, que precisamente foi condenado repetidamente ao silencio por votedes, e convertiron a este Parlamento, sede da nosa soberanía, a rebaixalo ao papel de mero altavoz daquela coalición ou matrimonio mal avenido? Vostedes, que iban a facelo, precisamente, o centro da vida política.

Hubo engano tamén naquelas promesas de transparencia, ¿verdade? Hubo engano na limpeza dos procedementos, na submisión dos gobernantes respecto dos gobernados, de substituír a política de favores pola de dereitos da cidadanía. Hubo engano cando se dixo que se iba construír un goberno estrito e rigoroso na administración dos recursos económicos. Houbo engano cando se lle intentou convencer á xente de que a esquerda é a que trae xusticia social; nada máis lonxe da realidade. Os galegos tristemente o comprobaron.

E veu o engano final: o Goberno bipartito instalouse na realidade absoluta e pintou unha Galicia ficticia nunha das súas actuacións máis irresponsables e cuxas consecuencias estamos hoxe en día a pagar. A Galicia das marabillas solo existía na súa cabeza.

E quixen començar a miña intervención con esta breve retrospectiva porque considero que hai que ser conscientes do punto de partida para valorar o feito nestes meses. Non é a miña intención nin a do grupo que represento traballar continuamente mirando o pasado. Eso foi o que fixo o Goberno anterior, chegando case á obsesión por vivir de recordos ou

por intentar borrarlos, e á vista está que non lle dou resultado. Moi ao contrario, o noso partido mira sempre cara adiante, pero o fai consciente de que non hai que perder nunca a perspectiva das cousas. E a perspectiva destes once meses de goberno autonómico comezan precisamente na constatación desa irrealidade da ficción que deixou a coalición PSOE-BNG.

Precisamente, sobre a herdanza que recibeu o Goberno actual, o primeiro que cómpre dicir é que a recibeu con moitas dificultades. O traspaso de poderes foi, efectivamente, o primer síntoma da oposición que vostedes iban facer e que se plasmou *ni cien días ni cien minutos ni cien segundos*. Deron poucas facilidades e menos información. ¡Que lexos quedaba aquilo de facer unha lei de traspaso de poderes! Moi ao contrario do que a vostedes lles pasou, que recolleron a mellor Galicia da historia, o Goberno do Partido Popular. Á chegada do presidente Feijóo e do seu Goberno constatouse como o bipartito deixou un orzamento absolutamente irreal, con numerosos compromisos de gastos que non tiñan o correspondiente respaldo orzamentario e unha previsión esaxerada de ingresos. É dicir, que o anterior Goberno prometía moito sin preocuparse de ter cartos para cumprir esas promesas, algo que o tempo descubriu como nefasto no que afecta á nosa planificación económica.

Concretamente, e tal como se pudo constatar ao peche do exercicio 2009, a realidade é que ingresamos 600 millóns de euros menos de orzamento e que tivemos que cubrir máis de 400 millóns de gasto previsto sin respaldo presupostario, todo para aparentar que as cousas estaban moito mellor do que en realidade estaban.

Todo desde o absurdo convencimento de que os galegos poden ser enganados facilmente. Vostedes fuxiron da realidade, vostedes convertéronse nun avatar no que a súa árbore sagrada era nin máis nin menos aquela *champions league* na que se debatían olvidando o mundo real, a Galicia deses paisanos que estaban vivindo problemas.

Decía o portavoz socialista, e agora enlace, *arréglate como puedas.org.*, eso foi o que vostedes lle deixaron ao Partido Popular, *arréglate como puedas.org.*, pero no seu caso debía de ser punto... (*Aplausos.*) No seu caso debía de ser mellor punto.ex: ex alcalde, ex conselleiro e dentro de pouco ex secretario xeral do Partido Socialista (*Aplausos.*)

Pois ben, a todo isto temos que engadir outra desagradable sorpresa, que Galicia ten que devolver, fruto dese optimismo desmesurado dos socialistas de alá e dos de aquí, 1.900 millóns de euros, tamén por esa mala planificación destes dous gobernos, un goberno que tamén nesta mesma etapa abreu o melón da negociación do novo sistema de financiamento autonómico no que Galicia xa é seriamente perxudicada, o que vén agravar máis a difícil situación derivada da crise económica.

En definitiva, o Goberno de Núñez Feijóo atopouse co peor dos escenarios posibles para iniciar a súa xestión e para elaborar os seus primeiros orzamentos, uns orzamentos que por mor desa mala planificación e desa xestión irreal dos seus antecesores diminuíron por primeira vez na historia con respecto aos anteriores. Todo isto coa dificultade engadida de que o Goberno do señor Zapatero se nega e se empeña tamén en negar a evidencia, fai uns orzamentos do Estado erráticos, se adoptan medidas económicas cuxos únicos resultados ata o de agora, lonxe de atallar a crisis, foron profundizar nesa crisis e perxudicar claramente a Galicia, aos seus intereses e, sobre todo, aos seus cidadáns.

O Goberno de Núñez Feijóo hereda, polo tanto, un problema que require dunha solución urxente e nada doada, unha solución que só podería partir dunha premisa, había que gobernar cos pes na terra, desde a realidade, sin enganar, sin facer política-ficción, había que ser conscientes da situación e trasladala aos cidadáns tal como era, e as solucións chegaron de inmediato: austeridade, o primeiro compromiso adquirido por Núñez Feijóo e os galegos cúmprese coa política de austeridade, a austeridade non entendida como unha medida publicitaria, senón como primeiro síntoma de que Galicia ten un goberno serio e coherente que quere facer creíble a súa política económica e social e que ante os problemas é o primeiro en axustarse o cinto.

Señores do PSOE e do BNG, esa si é a verdadeira política social e a nós non nos preocupa atribuírnos paternidades, nós estamos pola política dos feitos, Galicia pasou do despilfarro ao aforro, poucos poderán discutir que ese era o mellor comezo. E empezouse a planificar unha estrutura administrativa racional co cumprimento de compromiso de reducir a 10 o número de consellerías; de reducir de 52 a 5 os delegados, reducindo ao 50% os altos cargos; reducindo ao 30% o persoal eventual e de gabinete; reducindo drasti-

camente gastos administrativos; aforrando en gastos improdutivos, en publicidade, en atencións protocolarias e en gastos de representación. E por si todo eso non fora suficiente, reducíronse as retribucións dos altos cargos da administración e dos entes dependentes nun 3%, os únicos que o fixeron en toda España, porque este Goberno é o primeiro en aplicarse medidas que outros non teñen máis remedio que levar a cabo, os que están fóra deste hemicycle.

Este conxunto de medidas de austeridade supuxo un aforro de 144 millóns de euros, non sei si para os deputados da oposición suporá unha cantidade digna de valorar, pero este grupo parlamentario considera que é significativo, e ademais foi un goberno de todos e para todos, con diálogo e con consenso, diálogo coa Fegamp, a través do que son os pactos aos que se chegou coa Lei do suelo, coa administración electrónica ou co pacto local.

Amosou tamén cofinanciamento autonómico, donde se pediu nin máis nin menos a axuda, a colaboración, e donde se dou toda a colaboración dese goberno co resto dos grupos.

E tamén cando elabora o novo decreto sobre o galego no ensino, para o que mantivo xuntanzas cos partidos políticos e con todos os sectores implicados nesta decisión, e iso a pesares de que este foi o primeiro goberno contra o que se manifestaron antes de tomar posesión ou contra o que teñen feito manifestacións preventivas, por eso non me estraña que o señor Vázquez dixera manifestacións sin precedentes; efectivamente, non as había, e na Lei de pesca igualmente, aprobando unha lei co apoio maioritario de todo o sector.

Igualmente co sector lácteo ou o sector agrario, co sector do comercio. Señor Aymerich, o consenso é coa Federación Galega de Comercio, e, ¿sabe vostede por quen está integrada? Precisamente por esos pequenos comerciantes de Galicia que son os que lle din si á Lei de comercio do Partido Popular, (*Aplausos.*) á Lei de comercio que antes en vez de servirse aos intereses dos comerciantes, esa lei servía para os intereses dos nacionalistas. E fixemos o mesmo coa Compañía de Radio e Televisión de Galicia. Pois ben, aí a pesar de materializarse o acordo, rachouse pola deslealtade do líder do Partido Socialista. Eu creo que é o máis claro exemplo da política bilardista, *al enemigo ni agua*, é capaz de chegar a acordos e é capaz de rachalos coa mesma cara que o día que os firmou.

Pois ben, a pesar diso seguimos abrindo as mans a través da Ponencia parlamentaria que aprobamos a través deste grupo; non esperamos, por certo, ningún tipo de agradecimento polo que supuxo tampouco que esta casa hoxe en día sea un lugar donde a oposición pode, con eficacia, desenrolar a súa laboura.

E chegamos aos orzamentos do ano 2010. Eu creo que precisamente aí é onde se ve a máis clara expresión desa vontade de diálogo que vostedes tamén negaron. Ese mesmo diálogo que piden en Madrid donde vostedes, a súa incapacidade de xestión llo esixe, aquí non o quixeron, si cadra tiñan medo de atoparse de bruces coa cruda realidade que durante tanto tempo se empeñaron en negar e lles puido máis a vergonza que a responsabilidade.

Pois ben, decía que as mostras de incoherencia súas con respecto tamén ao que ocorre en Madrid están perxudicando altamente o que é a economía de Galicia, e o decimos por esas políticas erráticas, por esas subas de imposto, por esas decisións de ida e volta que están perxudicando nin máis nin menos as contas da Comunidade.

Pois ben, a pesar de todo elo fomos quen de facer uns presupostos donde o gasto social medra e chega ao 70%, un gasto que prioriza o gasto produtivo e que atende ás principais necesidades de país co freo da destrución de emprego, a dinamización económica, a sanidade, a educación e o benestar. E o fixo buscando novas receitas que permitisen manter o esforzo inversor, tal e como é o financiamento público e privado. ¿Dígame, señor Vázquez, si non é verdade que nos oito primeiros meses do Goberno bipartito vostedes licitaron 41 millóns de euros? ¿Sabe cantos licitou o Goberno de Núñez Feijóo? 476 millóns de euros. ¿Sabe multiplicar 41 por 10? Pois aínda así lle dá moito máis o que licitou o Partido Popular. (*Aplausos.*)

E ademais fomos quen con esa senda de rigor de que se pechase o exercicio 2009 dentro da lei de estabilidade presupostaria cun déficit do 1% sobre o PIB, eu creo que eso dá unha mostra máis que palpable das diferencias entre dous modelos: o do Partido Popular, baseado na seriedade, o rigor a austeridade, a transparencia, a aposta por poñerse ao lado das familias e das empresas, e o do bipartito, que se caracterizou pola propaganda, opacidade, despilfarro, ausencia dun claro proxecto de país e o empeño en vivir de costas aos problemas de Galicia.

Uns orzamentos que plasman ademais o contraste entre a maior carga fiscal, máis déficit e máis paro que vostedes, señores deputados do PSOE e do BNG, representan e o da actual Xunta de Galicia, de menos impostos, de máis servizos e máis emprego.

Son uns orzamentos que buscan o crecemento con máis solidariedade e investimento e que parten do realismo pedíndolles aos galegos coraxe en lugar de decirlles, como lles decía o bipartito, que se entregaran á vagancia porque tiñamos un plus de resistencia. Estes orzamentos demostraron ademais a capacidade de xestión do Goberno de Núñez Feijóo, facer máis con menos, e por eso nestes once meses transcurridos podemos sentirnos satisfeitos sin caer en triunfalismos do realizado, agora temos máis forza para mirar ao futuro con optimismo, porque este Goberno gasta nos cidadáns e non gasta en si mesmo.

O 14 de abril de 2009 Alberto Núñez Feijóo reafirmou nesta Cámara o contrato coa cidadanía co que o Partido Popular concurreu ás eleccións do 1 de marzo, un contrato baseado en cinco grandes compromisos, de entre os que quixera destacar especialmente o de formar un goberno forte, austero, cohexionado e dialogante. Creo que a austeridade e a vocación de diálogo quedaron perfectamente acreditadas desde o primeiro momento, como xa relatei.

Galicia pasou de ter un goberno dividido, ata o punto de ter que asumir a realidade de que había dous gobernos en moitos casos dispare, a contar cun goberno único, unido, baixo unha única dirección, cun proxecto claro, ben coordinado e estruturado.

Non se trataba simplemente do cumprimento dun compromiso, tratábase de algo moito máis alá, de premisa indispensable para abordar a difícil tarefa de reconducir a Galicia pola senda do avance.

Unha premisa á que se unía outra igualmente fundamental, como dixo Alberto Núñez Feijóo, só indo coa verdade por diante, por moi dura que esta resulte, poderemos contribuír a xerar confianza, confianza no goberno e nas institucións, algo que resulta imprescindible para afrontar a recuperación económica.

Creo que eso tamén se conseguiu en once meses, coa verdade por diante o Goberno de Núñez Feijóo iniciou a súa xes-

tión por donde había que iniciala. As casas, señorías, hainas que empezar polos cimentos, non se pode comenzar pola decoración, pola estética, pola imaxe, polo superfluo, non se pode comenzar por tirar o presuposto en mobles.

O primeiro é asegurar a estrutura, e asegurar a estrutura pasaba por abordar con seriedade a situación da crisis económica que Galicia padecía e adoptar medidas para paliar as súas consecuencias. Nese obxectivo centrábanse os primeiros puntos daquel contrato asinado por Núñez Feijóo. Un contrato que reflectía que o Partido Popular e o seu presidente querían ir máis alá das meras promesas electorais, querían facer partícipes a todos os galegos e galegas do seu compromiso persoal e moral, subscribindo publicamente por escrito, por primeira vez, un contrato con Galicia, un contrato que podía o señor Vázquez estar polo menos aquí e velo, porque este contrato, señor Vázquez, é unha cousa moi seria; este contrato que teño nas mans constitúe a proba de que entre os socialistas e nós hai unha gran diferenza, o que fai o Partido Popular e o seu presidente con este contrato é cumpililo. Si, señor Vázquez, está a cumpililo escrupulosamente, e vostede só supo facer unha cousa con este contrato, rachalo, vostedes só saben rachar, ese é o seu grado de compromiso cos cidadáns, esa é a súa seriedade, esa é a súa capacidade de xerar confianza nos galegos. Esa, señor Vázquez, é a constatación de que os seus pasos guíanse só pola búsqueda de imaxes, de fotos na prensa, de momentos estelares, que en nada sirven aos galegos. *Desayuna All Bran... (Aplausos.)*

Gustárame, señor Vázquez, señoras e señores deputados, leer directamente a mensaxe final deste contrato: catorce obxectivos irrenunciabes para os próximos catro anos que me comprometo a acadar desenvolvendo as miñas funcións coa máxima dedicación e co máis duro dos esforzos.

Habrán escoitado vostedes catro anos, verdade, catro anos, señoría, se cadra habería que lembrar que este Goberno non leva máis que once meses de traballo sobre ese contrato, non leva nin a cuarta parte do tempo estipulado. Si cadra, haille que lembrar —porque a algúns parece que lles entraron de súpeto as présas— que nada tiveron cando precisamente se lles demandaba celeridade. Algúns vén agora toda a urxencia que non tiveron cando tiñan a responsabilidade de non perder tempo e traballar nos asuntos urxentes, non tiveron esa celeridade. Tantas présas lles entraron que mesmo che-

gan a inventarse prazos que ninguén dou. Acusan ao Goberno de incumprir o seu suposto compromiso de arranxar a crisis económica en cuarenta e cinco días, ¿onde escoitaron vostedes tal absurdo? ¡En cuarenta e cinco días!, ¡xa nos gustaría a nós! E xa nos gustaría a nós que vostedes cando gobernaban non houberan tardado cuarenta e cinco días en resolver a crisis, que houberan tardado cuarenta e cinco meses en reconocer a súa existencia. (*Aplausos.*)

Sólo quen falta ao respecto aos galegos pode decir semellante tontería, vostedes fano sin rubor, nós non. Unha promesa así non se pode cumprir por ninguén, salvo por vostedes, ¡que máis lles dá facer promesas se ao fin e ao cabo son os reises das promesas incumpridas!

O compromiso deste Goberno foi traballar desde o primeiro momento para que nun máximo de cuarenta e cinco días se puxeran as bases para loitar contra a crisis, e fíxose. Estes once meses son o reflexo dun goberno que non está ao seu, que non ten que estar preocupado en liortas internas, como ocurría na etapa anterior, un goberno que se pode dedicar ao que lles preocupa aos galegos: a atallar o paro. Temos agora un Goberno que non vai a descansar mentras un solo galego esté no paro. O Partido Popular substituíu a un goberno que destruíu emprego de forma alarmante: 144 parados/día; un goberno que prometeu crear 20.000 empregos e que destrúe 50.000.

Así, o Goberno de Núñez Feijóo elaborou un plan de choque cifrado en 1.100 millóns de euros que, coa humildade debida, está a mostrar os seus primeiros resultados. Os datos de paro do mes de febreiro falaban dunha redución á metade do ritmo de destrución de emprego, mantemos o diferencial positivo co resto de España e nos convertimos na terceira Comunidade Autónoma onde menos se incrementa o paro en términos interanuais.

Hoxe lles daban uns datos que poden vostedes comprobar, como o paro de Galicia pouco máis do 3% do total de España supón. Un balance razoablemente positivo, máis se temos en conta o contexto estatal, porque vostede —que está tan preocupado, señor Abel Losada— ten ao Goberno de España que convertiron a este país no líder europeo de parados. Vostedes non tiñan un plus de resistencia, o que tiñan era o plus de negatividade de ter un Goberno en Madrid como é o do señor Rodríguez Zapatero. (*Aplausos.*) Sei que

para vostedes esto non vai a ser suficiente, tampouco para nós, por iso seguimos traballando. Pero no seu caso entendemos que non sexa suficiente o avance en once meses, dados os grandes pasos que deron vostedes e que antes lles recordaba: de crear e prometer 20.000 postos de traballo a destruír 50.000. Iso si que ten un triste mérito.

Tomando como base ese ritmo desenfrenado que vostedes aplicaron á súa xestión, voulles a propoñer unha análise resumida tamén deste escaso primeiro ano de Goberno. Fagamos un exercicio de reflexión, desos que se fan ás veces cando un mira para atrás e cando —rememorando o que podía ser a súa vida— di: *¿Que tería sido si siguiera saliendo con aquel chico o aquella chica que salía en COU, ¿verdad?* Pois, bien, ¿que tería sido si, por exemplo, seguira o bipartito xestionando a economía de Galicia? Se seguira xestionando a economía de Galicia un goberno que eran dous. Un goberno sen proyecto, un goberno que se reconeceu que se negou a reconocer a crisis, ¿un goberno máis preocupado en accións propagandísticas que en atender problemas? Pois, sin duda, Galicia estaría moito peor e estaría a sufrir unha crisis cunha maior intensidade que o resto das comunidades autónomas. Unha crisis xeneralizada en todos os sectores da actividade económica, continuaríamos sin modelo económico empresarial, cun bigoberno perdido que non sabe como afrontar esa situación, e que ademais aprobaría uns orzamentos inútiles donde se inflarían os ingresos, donde se reducirían os investimentos e donde medrarían os gastos correntes.

Afortunadamente a fotografía actual é outra, temos un goberno forte cunha dirección clara, un goberno que foi quen de aprobar decididamente as novas empresas para que lograsen saír a adiante. Aí están as axudas do Igape, que medraron no 2009 respecto ao anterior nun 207%, pasando de 208 a 640 millóns de euros. O financiamento subsidiado polo Igape medrou nada menos que un 1.146% e plans como o Resolve e o Rebrote destinan 400 millóns para financiar circulante das empresas.

Decía o señor Aymerich, e se refería a Caramelo, seu Goberno doulle sin ningunha prestación social para esta Comunidade 30 millóns de euros, e agora quéixanse de que se lles dan 5 millóns de euros para internacionalizar esa empresa. ¿Ulos?, ¿U-los 30 millóns que podían voar pola súa ineficacia e 3 millóns para que podan seguir traballando e internacionalizando? (*Aplausos.*)

Aí está o novo Plan Reforza 2010 que quere apoiar a melloira da competitividade e internacionalización do tecido empresarial galego. Un goberno que aposta de verdade polas novas tecnoloxías como o motor de desenvolvemento, que destina 100 millóns de euros para I+D. E, por certo, cando se fala de converxencia lle vou a dar uns datos, señor Aymerich, converxencia en I+D entre o ano 2005 e 2008 en Galicia sobre o PIB creceu o 0,17, no Estado o 0,23; con vostedes diverxeron. Este ano o Goberno Zapatero rebaixa un 15%, a Xunta de Galicia mantén ese esforzo nas políticas de I+D.

E hoxe o presidente falaba dunha nova iniciativa. Pois ben, a Axencia Galega de Innovación vai servir para seguir traballando nese camiño. Un goberno que dou o pulo necesario ao malferido sector da automoción, do que dependen directa e indirectamente milleiros de postos de traballo. Pois ben, eso logrou que en Galicia as matriculacións subiran un 5%, mentras no resto do Estado baixaron ao 18%. Falaban de pesca e falaban de desguaces, neste Goberno hai 37, vostedes tiñan 93, e vostedes destinaban fondos propios da administración galega en desguazar barcos.

Pois ben, nós o que fixemos foi desbloquear o que vostedes habían condenado a esas empresas galegas que se tiñan que ir para fóra na agricultura, ou ben voltar á normalidade co sector a través dunha lei de pesca consensuada. E do sector gandeiro podemos dicir exactamente o mesmo co adianto do pagamento das axudas europeas ou a búsqueda dunha sensibilidade ao respecto de Madrid cara ao sector estratéxico da nosa economía, afectado gravemente pola crisis. O plan estratéxico do que se falou. E no plano eólico vostedes o que fixeron é nin máis nin menos un cambalache no que podían discutir precisamente as dúas partes do Goberno.

Señor Aymerich, o que é terrible é ver aquela foto do barco, sobre todo porque a aquel barco non lle facía falta vento, que era a motor, (*Aplausos.*) o seu barco era a motor. Pois ben, miren, por primeira vez si que vamos a conseguir que o sector eólico beneficie a esta Comunidade, e se fai a través do canon eólico e se fai a través da recaudación dos 23 millóns que este ano xa se levan e non a través dunha participación na que Galicia nunca vería nin máis nin menos ese beneficio do que vostedes falan. E nós falamos dunha Galicia global, non daquel plan de reequilibrio territorial que era un copiar e pegar. E estamos realmente impulsando o acabar con ese

desequilibrio a través do Plan impulsa de Lugo ou o Plan impulsa de Ourense.

Na política financeira estes once meses transcurridos son o reflexo fiel de que agora si contamos cun goberno serio e con capacidade de xestión, o que se traduce nunha política financeira rigurosa a través de múltiples ferramentas: os orzamentos, o Igape –cos que xa falamos–, unha xestión eficaz dos fondos europeos que recibimos, o feito de afrontar en tan pouco tempo importantes retos como o financiamento autonómico ou a reordenación do sistema financeiro. Por certo, aspecto no que vostedes non tiñan absolutamente nada previsto nin traballado no traspaso de poderes.

Pensemos seriamente no que tería sido de Galicia e da súa posición no mapa financeiro se nestes momentos seguira gobernando o Partido Socialista, que non foi quen hasta o de agora de fixar unha posición definida e definitiva neste asunto, máis alá de boicotear polo único interese de boicotear a única opción válida para a nosa Comunidade: unha caixa de aforros forte, galega e solvente. Que boa ocasión, señor Vázquez, para exercer de galleguista, e si non se pode ser galleguista de bo galego, ¿verdad?, para non permitir ese bloqueo e non permitir perder as caixas galegas. Por certo, ¿canto tempo fai vostede que non fala co señor Zarriás? (*Aplausos.*) Tamén me gustaría sabelo.

Mire, con acordo a fusión é posible, ¿por que vostede o rachou?, ¿por que vostede vai para alá e para acolá? ¿Por que é capaz de aprobar nesta Cámara un compromiso co resto dos grupos dunha lei, dos seus prazos e se volta atrás? ¿Por que o Partido Socialista o que di hoxe non é capaz de decilo mañá? ¿Tenlle medo ou tuvo que vir a vigíalo hoxe o señor Caballero para que usted esté condicionado (*Aplausos.*) co que é o seu posicionamento polas caixas?

Pero non son capaces de ter por un solo momento concepto de país e pensar no país. Non son capaces de ver que o aforro galego tense que quedar en Galicia e non fuxir. Non son capaces de ver que coa quinta caixa máis importante que habería no Estado español Galicia seguiría presente no mapa financeiro e os intereses de todos os nosos sectores estratéxicos estarían protexidos. Fale con Zarriás, fale e dígalle que se aparte dunha vez e que deixe de boicotear, que se deixe de boicotear o que é o futuro e a posición de Galicia no mapa financeiro español. (*Aplausos.*)

E a política fiscal, ¿como imaxinaríamos a Galicia e á política fiscal se seguiran gobernando quen nos gobernaban? Pois ben, seríamos gobernados por un partido cuxas mellores ideas para combatila consisten en subir impostos, é dicir, que os cidadáns paguen do seu peto a falta de ideas do seu goberno. O Goberno de Núñez Feijóo está en contra desa folla de ruta tan desafortunada, conxelou as taxas universitarias para o curso 2009-2010; rebaixou as taxas portuarias, o que supón un alivio fiscal para os sectores estratéxicos da nosa economía relacionados co mar, e impulsou unha lei de rebaixa do imposto de transmisións patrimoniales e actos xurídicos documentados, o que se traduce nun claro beneficio, tanto no que se refire á compra de vivendas como ao seu efecto dinamizador no sector inmobiliario –señor Aymerich, no sector inmobiliario–.

Pois ben, pero vostedes a única decisión que tomaron foi apostar polo seu partido en vez de apostar por Galicia. ¿Que sería –decía– de nós coa súa política fiscal? As súas ideas consisten en subir impostos –como antes lles decía–; pois ben, estas rebaixas constitúen o primeiro paso nun firme compromiso do noso partido de levar a cabo unha política de alivio fiscal máis ambiciosa e que terían seguido xa outros novos pasos de non ser polo burato que vostedes deixaron e polos 1.900 millóns que impiden novas rebaixas como as que pretendemos nestos momentos. E, sen embargo, hoxe o presidente foi quen de anunciar neste mesmo imposto cinco novas rebaixas.

Pois ben, en política social este grupo parlamentario coida que foi o resumido hasta agora nesta intervención respecto ao que constituía a primeira prioridade, isto é, a economía e o emprego, un bon comenzo e un bon desenvolvemento do camiño trazado no contrato con Galicia. Reitéroo e non me cala xa, pois este grupo, oiga, é o maioritario e ten o mesmo dereito a falar que calqueira de vostedes. *(Aplausos.)*

En políticas de igualdade simplemente recordarlles que o Servicio Galego de Igualdade creouno o Partido Popular e creouno o Goberno de Manuel Fraga. Vostedes o que fixeron foi duplicalo para facer o mesmo.

Pois ben, repasemos un pouco a sanidade, repasemos precisamente que neste eido estase a facer realidade a construción de dous grandes e necesarios hospitais: Vigo e Pontevedra,

e a posta en marcha do Hospital de Lugo que o bigoberno deixou como un edificio baleiro.

Trátase dunha clara aposta que vai a permitir 3.000 novas camas públicas, un 50% máis.

Unha das súas incongruencias, señor Aymerich, é criticar que hai pouca inversión. Vamos á deuda máxima, ¿de donde sacamos os cartos? Para iso hai que pensar, para iso hai que aplicar novas liñas e medidas. Esa é a financiación público-privada.

¿E por que lles parece mal que hoxe en día as listas de espera sean por primeira vez, non sei se peores ou non, pero lle podo dicir que nos últimos anos son as únicas certas, as únicas certas? *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, vostedes agachaban no caixón máis de 30.000 pacientes.

Pero, señor Modesto Pose, que usted sabe que en Barbanza hai máis de 35.000 mulleres, ¿saben cantas esperaban según vostedes por unha cita xinecolóxica? Dezasete. ¿Saben cantos estaban lesionados en Barbanza e tiñan que ir á cita de traumaloxía? Dez. ¿A quen llo queren vostedes dicir? Vostedes meteron nun caixón a máis de 30.000 pacientes e hoxe en día estase traballando seriamente, conseguindo logros que vostedes non foron quen de conseguir en catro anos. Que por primeira vez os pacientes de preferencia 1 sexan atendidos en menos de trinta días cunha redución importantísima. *(Aplausos.)* E non queda aí, queremos en menos de sesenta días os de preferencia 2.

E vamos a falar de dependencia. Porque tamén, ¿que tería ocorrido neste país se vostedes siguen? Eu creo que para este grupo parlamentario unha das mostras máis lamentables da política propagandística levada a cabo polo bipartito foi precisamente a xestión da Lei de dependencia en Galicia. E así o denunciámos en reiteradas ocasións.

Por eso para nós é un orgullo poder dicir que o Goberno do Partido Popular cumpriu a súa promesa de non gastar un solo euro en propaganda nin en campañas bochornosas que só pretendían sacar réditos electorales.

Perdonen que mire unha vez máis para atrás, pero esta vez no sentido literal. Íballe a dicir boas tardes, pero tampouco

vexo por aí ao señor Quintana. Non lle debe importar moito. *(Aplausos.)*

O gran logro do señor Quintana seguramente foi aquela campaña pola independencia. Se hoxe seguira estaríamos facendo tipo Carod consultas soberanistas en los pueblos de Galicia.

Moi ben. A realidade é que a situación mudou. A realidade é que nestes momentos 34.000 dependentes están sendo atendidos e 29.000 son grandes dependentes.

Por certo, cando fale co señor Zarriás, ¿por que non lle pide os 400 millóns que o Estado lle adeuda a Galicia para cumprir nin máis nin menos coa Lei de dependencia? *(Aplausos.)* ¿Por que non exerce de galego e por que non exerce a súa galeguidade para decirlle ao señor Zapatero que cumpra cos dependentes de Galicia, cos compromisos dunha lei que aprobou, da que agora se desentende?

Pois ben, tamén aprobamos un plan de acción social. Por certo, por certo, señor Aymerich, que a vostedes lles deixaron cen gaurderías preparadiñas para abrir, ¡eh! ¿Non se acorda? ¿Non? Pois entón... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, non, non, 200, foi a súa ineficacia o que fixo que non foran capaces de levalas a adiante. Exactamente.

Mire, sigamos imaxinando como sería a nosa terra,...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor RUÍZ RIVAS como sería o noso ambiente, como sería a nosa ordenación territorial se non tivera cambiado o goberno o día 1 do pasado ano.

A resposta é clara. Non teríamos avanzado o necesario nin na dotación de infraestruturas...

Si, por certo, falando de infraestruturas, falando do Plan MOVE e falando dese peito que inflan os socialistas cando falamos do Pacto do Obradoiro. Pero se o Pacto do Obradoiro é precisamente o peso do novo Goberno galego, o peso de Núñez Feijóo, *(Murmurios.)* é o gran recoñecemento da súa mentira. *(Aplausos.)* É o gran recoñecemento da mentira coa que estiveron enganando a todos os galegos, decindo

que iban estar no ano 2012 e houbo un goberno que foi quen de aceptar as disculpas da súa mentira, firmar uns novos prazos e vixiar eses prazos. Ou sexa, que non infle tanto o peito, señor Vázquez, porque o que hoxe están invertindo é algo que tiña que estar invertido en Galicia e que tiñan que estar rematadas entre a outra, verdade, *(Aplausos.)* a alta velocidade do eixo atlántico. Porque nós estaremos vixiando. Pero, ¿sabe o que estiveron vostedes facendo? Tac, tac, tac, aplaudindo á señora Magdalena Álvarez. Esa é a diferenza. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* Nos outros vixiamos e ustedes taconeaban e aplaudían.

Eso me recorda, verdade, o que vimos nesta casa del Niño Josele que tanto lles gustaba, e vostedes seguían nin máis nin menos aplaudindo a aquela ministra que o que fixo foi atender contra todos os galegos non invertindo o compromiso que debían ter.

Pois ben, neste tempo se aprobou o Plan MOVE, neste tempo están en marcha o Plan de ordenación do litoral, a reforma da Lei do solo, as normas de hábitat axeitada e as directrices de ordenación do territorio.

E agora tamén vou a mirar á esquerda, pero á esquerda tamén literal, señor Vázquez, porque vamos a falar de medio ambiente. ¿E que sería de Galicia si vostede seguira en medio ambiente? Para decir Sogama seguiría cheirando, pero é que, ademais deso, *(Murmurios.)* o que lle podemos decir é verdade, que non se houberan invertido no Plan de saneamento das rías 25 millóns de euros, ou nas infraestruturas hidráulicas case 900 millóns de euros. Daquela... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Sí, usted se acuerda que esa só servía para loa del señor Vázquez. Porque a xestión do señor Vázquez a verdade é que é para poñelo onde vostedes o puxeron. Si señor, eso é recoñecimento de méritos, porque de depuradoras eu aínda non vin unha, e mire que lle vivo nunha das rías máis importantes, e nos seus catro anos non foi quen de inaugurar ningunha.

Pois ben, educación e lingua. O primeiro que se fixo foi xusticia social e xusticia social, si señora, é que os que aquí estamos e temos fillos paguemos os libros dos nosos fillos, para que quen non o ten, para que quen non o ten o poda ter gratuíto e non prestado. *(Aplausos.)* Para que nas librerías dos nosos rapaces existan libros en propiedade.

E vostedes nese socialismo do século XXI queren que os señores deputados sigan tendo libros en préstamo gratis (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) mentras non hai galegos que os tiveran en propiedade. Si, señores, para que os que non teñen podan ter libros en propiedade, os que temos temos que sacrificarnos. *¡Ay si Marx levantara la cabeza! (Risos.) (Aplausos.)*

Falarlle da formación profesional, falarlle da universidade, donde fixo un importante esforzo a Xunta de Galicia nun plano de financiamento que aprobaron vostedes, que mal aprobaron e agora bótanlle a culpa a este Goberno que fixo un esforzo por encima dese plano de financiamento.

Tamén podo falar da formación profesional, do Proxecto Avalar. Pero quero falar do decreto do galego.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor RUÍZ RIVAS: Porque eu son galego, porque eu falo galego, porque eu amo o galego, e porque os meus compañeiros son tan galegos como eu son vamos a defender o galego. (*Aplausos.*) E vamos a defender o galego desde a liberdade, e vamos a defender o galego con amabilidade. Non me mova a cabeza, señor Lobeira, porque hai moitos galegos que tamén son galegos e tan galegos como usted,...

A señora PRESIDENTA: Señor Lobeira...

O señor RUÍZ RIVAS:... aínda que exerzan o dereito a falar nas súas dúas linguas propias. Porque o que nace e fala castelán é tan galego como é vostede. (*Aplausos.*) Porque nace-mos nunha terra que ten dúas linguas e hai quen todavía non sabe que esta terra ten dúas linguas. Eso si, os galeguistas de salón, os que ao salir van a falar castelán, están en contra da liberdade. (*Protestas.*) (*Aplausos.*) Están en contra de que os nosos rapaces teñan unha educación en galego e en castelán equilibrada, en que se podan dirixir ao profesor no idioma que consideren máis apropiado...

A señora PRESIDENTA: Señor...

O señor RUÍZ RIVAS:... e en que os pais podan falar da educación dos seus fillos e participar. En que o galego siga vivo con outras medidas de promoción.

A imposición levounos a donde vostedes nos levaron, e non nos van a dar leccións, a ningún dos que estamos aquí, de amor pola terra e polo galego con esa política que o único que fixo foi perxudicar ao galego que cada vez se fala máis pola rúa.

Saquen esa bandeira, porque esa bandeira tamén é nosa e é de todos os galegos que están fóra. Mentres vostedes fagan unha arma política e arroxadiza do idioma teremos os problemas que hoxe en día temos.

Sigan facendo manifestacións preventivas, síganse queixando, pero esta Cámara estaría moito mellor, moito mellor —e sigo mirando para a esquerda—, cun Pachi López e non cun Pachi Vázquez. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias. Remate xa, señor Ruíz.

Señor Ruíz Rivas, remate por favor.

O señor RUÍZ RIVAS: Remato, presidenta.

Recargamos Galicia dándolle a confianza que necesitaba. Chegou o momento o 1 de marzo que necesitaba este pue-blo, cambiar o goberno. Empezamos a traballar e empezamos a pedir-lles aos galegos que traballaran e fixeran un esforzo colectivo con nós. Eso mesmo llo pedimos a voste-des. Hai ideas e hai traballo, hoxe falábase de once leis, de vinte que se van a reformar, de vinte e cinco plans. Non escoitei aquí a ningún solo grupo coas mesmas ideas, ganas de traballo, amor a Galicia e saber por onde tiñamos que ir como este grupo.

Sólo lle pedimos, digan vostedes donde queren estar, se ao lado dun goberno serio, rigoroso, dos galegos que queremos sacar a Galicia a adiante, ou desos que o único que poñen é pedras no noso camiño.

Vostedes teñen unha ocasión de ouro para decidir si son bos galegos, galeguistas ou simplemente unhas personas que o que fan é poñer atrancos ao desenrolo de Galicia.

Moitas gracias, presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Ruíz Rivas.

Moitas gracias, señorías.

Suspendemos a sesión por un tempo de quince minutos e a reiniciamos, pois, ás dezanove e quince horas.

Moitas gracias.

Suspéndese a sesión ás dezanove horas da tarde.

Retómase a sesión ás dezanove e quince minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Reiníciase a sesión coa resposta do presidente da Xunta de Galicia.

Ten a palabra don Alberto Núñez Feijóo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías, agradezo moito as aportacións e os puntos de vista feitos polos voceiros dos grupos parlamentarios, polo señor Aymerich, polo señor Vázquez e polo señor Rivas. Agradézoos porque é a pluralidade, a sensibilidade e as distintas opcións da tres forzas políticas que acadaron representación parlamentaria nas últimas eleccións.

Agradezo no que vale e seguro que algunhas cousas podemos compartir, espero que as cousas máis importantes, e noutras cousas estou convencido tamén que o lóxico é non compartir.

Señoría, vostede, señor Aymerich, di que non recoñeceu a Galicia no discurso desta mañá, falamos da Galicia global, da Galicia que pode e debe ter a quinta gran caixa española, da Galicia da austeridade, da Galicia do rigor, da Galicia da planificación, da Galicia bilingüe, da Galicia libre.

Falamos, señorías, dunha zona de España que forma parte dunha rexión europea, falamos, en definitiva, do noso país. Comprendo, señorías, que ás veces algúns grupos non recoñecen este país, pero lamentablemente, señor Aymerich, o importante é que a maioría si recoñece o país onde vive.

Deberían de recoñecelo e recoñecer tamén que este país non é nacionalista, e como este país non é nacionalista, ás veces o partido nacionalista non recoñece a este país, pero lle pode

asegurar que non defende Galicia quen non lle gusta como é, senón que defende moito mellor Galicia quen asume o que é, onde está e a onde quere ir. Esa é a Galicia, señoría, que pretendemos e que buscamos. *(Aplausos.)*

Tamén a vostede, señor Aymerich –llo digo con total cordialidade–, non lle gustan algúns dos conselleiros que forman o actual Goberno *(Risos.)* O comprendo. Recorde vostede que na anterior lexislatura a vostede nin sequera lle gustaban a metade dos conselleiros que formaban o anterior Goberno *(Aplausos.)*

É certo, señoría, que na anterior lexislatura non era responsabilidade do presidente mudar a metade do Goberno, nesta lexislatura a responsabilidade é miña e teño a confianza plena en todos os membros que compoñen o Goberno. Señoría, o galeguismo é o que quere a maioría dos galegos, non o que queren as minorías dos galegos. O galeguismo non o defende nin o presidente da Xunta, nin o señor Aymerich, nin o señor Vázquez –convertido en galeguista dende o Partido Socialista Obreiro Español–, nin sequera o defenden as deputadas e os deputados desta Cámara. O galeguismo o defendemos os galegos. Señor Aymerich, non nos van a dar leccións de galeguismo, probablemente de nacionalismo, pero de galeguismo non nos van a dar leccións. *(Aplausos.)*

Señoría, non sabía que o BNG tiña os dereitos de autor de Castelao. Mire, señoría, eu estudiei nun instituto público de Ourense que se chama Blanco Amor. Nese instituto Blanco Amor veu a dar unha conferencia. Blanco Amor naceu en Ourense e morreu en Vigo, ao mellor a min me toca tamén ese destino. E Blanco Amor traduciu a Castelao, e eu citei simplemente a tradución de Blanco Amor de Castelao. Señoría, ¿lle parece que Blanco Amor non ten carné de galeguista nin é bo galego? A min si, señoría. A min si sin ningunha dúbida. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Lobeira, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Mire, señoría, llo volvo a reiterar con total cordialidade. Castelao, Blanco Amor e moitos outros existiron moito antes que vostedes e que nosoutros. E lle volvo a reiterar, Galicia non lle ten que pedir permiso a ninguén para falar en galego nin para falar en castelán, a ninguén. E eiquí pode falar todo o mundo en galego e en castelán e pode ler a Blanco Amor,

a Castelao e ao resto dos galeguistas e a cultura galega. (*Aplausos.*) Moitísimas gracias.

A señora PRESIDENTA: Señor Lobeira.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Señoría, seguro que vostede se trabucou nos datos de índice de produción industrial. É certo que o índice de produción industrial está caendo en España, pero é certo tamén, señoría, que nos primeiros meses do ano dez en Galicia o índice de produción industrial crece 2,7 puntos e baixa en España máis de 4,6 puntos. Sin dúbida, señoría, que temos que seguir vendo a serie, pero non é razoable dicir que estamos cunha caída libre na produción industrial. En todo caso, si estamos, señorías, estamos polo menos empezando a recuperar, e non peor que o resto de España.

Señoría, o que fixemos co solo industrial é moi sinxelo, sacar da quebra a Xestur Pontevedra e a Xestur Ourense. Sacar da quebra as empresas públicas que xestionaban o solo industrial en Galicia. (*Aplausos.*) Eso foi o que fixemos, señoría, eso foi o que fixemos. Señoría, vostede seguro que alguén lle pasou un dato mal, pero eu con todo interese lle paso os datos do presuposto.

A diminución do capítulo 1 de retribucións do persoal directivo é a seguinte: un 24% en altos cargos, un 21% en persoal eventual de Gabinete e un 23% no total xeral. Señoría, o orzamento do ano dez baixa un 25% do gasto adicado a todo o persoal directivo e a todos os altos cargos. Como non pode ser doutro xeito, si temos un 50% menos, temos un 50% menos de gasto.

Señoría, me sorprende sin ningunha dúbida a defensa que fai vostede da política enerxética, da política eólica. Pero se me permiten me gustaría contestarlle ao seu compañeiro de coalición, o señor Vázquez, de forma conxunta para saber realmente a quen teño que contestar e ante quen teño quen teño que rendir contas. A vostedes que querían proseguir co concurso eólico opaco ou ao señor Vázquez que o advertiu de prevaricación polo concurso eólico opaco que estaba facendo o Goberno ao que vostede apoiaba.

Señoría, sin dúbida non hai ningún problema, ao contrario, creo que as políticas sociais teñen que ser políticas sempre suxeitas a debate e a contraste. Miren, nós non privatizamos

Sogaserro. Sogaserro foi unha empresa participada pola Xunta, creada por vostedes, que xa era privada. A maioría de Sogaserro estaba en mans das caixas de aforro, polo tanto non se pode privatizar o que privado é.

Señorías, pero como a vostedes lles gusta falar da política social e a nós tamén, o número de prazas –vamos a contar as prazas– das escolas infantís en marzo do ano 09 era de 3.400, en decembro do ano 10 será de 5.184, un 34% máis. E hoxe 500 prazas máis das que había cando chegamos ao Goberno. Mire, cando nós chegamos ao Goberno había 71 escolas, en decembro do ano 10 101 escolas.

Seguimos, mire, o que non vamos a facer é prometer a sabendas de que non o vamos a cumprir. Vostedes prometeron nada máis e nada menos que facer 120 centros de día. O custe superaría cen millóns de euros, ¿canto había no presuposto? Sete. Prometen cen millóns de euros e deixan no presuposto sete millóns de euros, así todos podemos falar de política social, pero de política social ciencia-ficción.

Mire, señorías, cando vostede fala de contratos, xa falou a inspección de traballo, os contratos feitos en fraude de lei son contratos fraudulentos, e os que vostedes fixeron en case douscentos foron contratos fraudulentos nos servizos sociais da Xunta de Galicia.

Sin dúbida que non hai tampouco ningún inconvinte en comparar as políticas de dependencia, ningún inconvinte. Fomos capaces entre todos de incrementar o 72% o número de dependentes que están cobrando a Lei da dependencia.

En segundo lugar, fomos capaces de modificar un decreto para que en vez de dezoito meses de tramitación media en recoñecer a dependencia estemos en seis.

E por último, fomos capaces de pagar as débedas que vostedes deixaron do ano 07, do ano 08 e do ano 09 a máis de 9.000 dependentes. Esa é a radiografía e ese é o balance.

Mire, cando vostede fala de privatización, ¿a que se está referindo? ¿Se está referindo ao programa “Xantar na casa” que vostedes fixeron exactamente da mesma forma que o que estamos a falar agora cos centros de día e as residencias da terceira idade? Cando vostede fala de privatización, ¿a que se está referindo? Hai 4.500 prazas de residencias sosti-

das con fondos públicos, máis do 50% desas 4.500 prazas están sendo xestionadas da mesma forma que as estamos xestionando nós agora. ¿que pasou, señor Aymerich? Eu lle digo o que pasou. Mire, o que pasou foi facer un consorcio en quiebra. O que pasou foi deixar un consorcio cos seguintes datos: catro millóns de euros de déficit, é dicir o 6% do total do orzamento. Sin inventarios de bens, non tiñan nin contabilidade minimamente rigorosa, nin sequera o Consorcio aparecía nos presupostos da Xunta de Galicia; así vostedes xestionan así. Cando os presupostos dos servicios sociais, a través do Consorcio, nin sequera están nos presupostos da Xunta de Galicia que aproba este Parlamento por lei, ¿esa é a súa forma de xestionar os servicios sociais? A nosa non, señoría: transparencia, claridade, publicidade e concorrência. Esa é a forma de transformar os servicios sociais. *(Aplausos.)*

Señoría, a súa forma era esta de transformar unha política que vostedes chamaban social, cunha política que non vou a calificar. Hai outros que teñen outras fórmulas, como subir os impostos. Hai outro partido, co que vostedes gobernan en todas as cidades, que o que propoñen neste momento é subir os impostos e baixar as pensións. Subir o imposto do valor engadido a todos e baixar as pensións. Subir o imposto de valor engadido, subir o imposto das rentas ás persoas físicas e baixar as pensións. E por se acaso, señoría, e por se acaso, vostedes esta tarde presentan algo sorprendente, que se suba o IVE ás rentas máis altas, e sen embargo están en contra de que os libros non se lles paguen ás rentas máis baixas, ¿como se entende a proposta no congreso e no Parlamento galego no mesmo día, señoría? No mesmo día. *(Aplausos.)*

Señorías, as políticas de privatización é de negar a asistencia a 70.000 pacientes que se eliminaron da lista de espera. As políticas de privatización é esconder 30.000 solicitudes de dependencia nos caixóns da administración pública. As políticas de privatización é contratar de forma irregular 4.000 persoas sen mérito e capacidade na empresa pública xerada. As políticas de privatización é contratar en fraude de lei máis de 200 contratos no ámbito dos servicios sociais. As políticas de privatización é deixar sen pagar 4 millóns de euros nos comedores escolares. As políticas de privatización é non pagar aos letrados e aos procuradores, e a xustiza gratuita. As políticas de privatización é contratar en época electoral 3.000 persoas co disimulo de limpar as cunetas e de

limpar os márxenes fluviais. Non o sei, señoría, creo que está desta parte.

Señoría, pagando pola tarde o que se fai pola mañá, tamén é política de privatización.

Mire, señor Aymerich, con todo respecto lle podo asegurar que as políticas de turismo non coinciden, hai algunhas partidas que efectivamente faltan no presuposto, basicamente dúas. Unha partida de dous millóns de euros para ir a Cuba e outra partida importante de hoteis en Nueva York para ir a ensinar nada máis e nada menos o que ao principio chaman mausoleo, o que despois decían que había que dinamitar e que finalmente será a Cidade da Cultura. Esas partidas non están no presuposto da Consellería de Cultura. *(Aplausos.)*

Señoría, vostede sabe igual que eu, que é universitario e profesor, que o financiamento das universidades ten unha relación directa cos ingresos do Estado, e vostede sabe, que é universitario e profesor, que ás universidades lles correspondía unha diminución dos seus presupostos, en máis dun 12%. E vostede sabe igual que eu que puxemos un 10% máis do que lles correspondía ás universidades para o que o presuposto soamente baixara entorno do 2,5%. É sorprendente que lle pida ao Goberno de Galicia un esforzo que non está a facer o Goberno do Estado, e é sorprendente, señorías, que nos digan a nós que non apostamos polas universidades galegas, cando a diminución dos ingresos do Estado non se lles repercutiron ás universidades de Galicia.

Señoría, non teño ningunha dúbida que vostedes e nós compartimos algunhas cousas —creo que importantes—, non teño ningunha dúbida que vostedes e nós estamos traballando de momento na máis absoluta soidade no mantemento do aforo en Galicia. Constatamos que ata o de agora, ata hoxe, soamente unha forza política apoiou ao grupo maioritario da Cámara e ao Goberno; constatamos que ata hoxe soamente unha forza política, xunto co grupo maioritario, as organizacións sindicais e empresarias, están ocupados e preocupados por facer unha gran caixa galega. Pódolle asegurar que tomamos boa nota do seu apoio e pódolle asegurar que coa mesma lealdade —que vostedes non están apoiando ao Goberno senón que están apoiando os intereses de Galicia—, o Goberno respostará á súa forza política.

Non teña ningunha dúbida, non imos dar un paso atrás que non sexa conquistar a unión do aforro galego en beneficio dos sectores estratéxicos da nosa economía, en beneficio das rendas do traballo e en beneficio das familias. Por iso, señoría, é moi importante –creo que por riba de todo– esta coincidencia, moito máis que as posibles diverxencias que tiñamos noutro tipo de políticas.

Por iso quero dicirlle que de momento, neste primeiro ano de lexislatura, a súa oposición foi máis útil para Galicia que a oposición do outro grupo parlamentario, e por iso eu reitero hoxe aquí que seguiremos traballando nos grandes asuntos do país, con acordos ou sen acordos, pero dende logo con lealdade, coa mesma lealdade que vostede están facendo co aforro galego, que sen dúbida é dos temas máis importantes do ano 2009 e 2010 que están ocorrendo en Galicia.

Señorías, non teño tampouco dúbidas de que o señor Vázquez se converteu ao galeguismo. Di que son un bo galego, pero que non son galeguista. ¿Agora vostede tamén dá carnés, algúns de nacionalistas e vostede de galeguista? Señor Vázquez, non coñezo a ningún bo galego que non sexa galeguista; agora tamén o Partido Socialista Obreiro Español quere ter carné de galeguista, benvidos ao club de galeguistas de verdade.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Señorías, ...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Si, señoría, porque ser galeguista non é falar só, hai que actuar, e o que falamos durante este primeiro ano, coa política das caixas de aforro, de momento non teñen vostedes o carné de galeguistas *(Aplausos.)* De momento, de momento.

Señor Vázquez, vostede agora desde esta tribuna deunos unha lección de como se pode diminuír o desemprego en Galicia. Eu agradézollo moito, pero si lle podo asegurar que de momento, de momento, a única lección que vostede pode darlle ao seu partido é de como se pode incrementar o paro en Galicia.

Mire, señoría, o paro rexistrado no 2009 aumentou en España 8 puntos máis que en Galicia, o 17% rexistrado en Gal-

icia, o 25% en España. A taxa de paro en España é 6 puntos maior que en Galicia, case o 19% fronte ao 12,8 en Galicia. Dende a chegada ao Goberno, a taxa de paro aumentou máis do dobre en España que en Galicia, en Galicia 0,7 puntos, en España 1,5.

Señor Vázquez, vostede di que se incrementou o paro en Galicia, que temos douscentos trinta e pico mil; é certo, todos, todos, salvo 11.700, durante o Goberno do que vostede formaba parte. No último ano o paro incrementouse en Galicia, no último ano do bipartito, 51.000; o número de desempregados diarios durante o último ano do bipartito, 144 desempregados diarios; o número de parados durante o primeiro ano do Goberno Popular, 11.700, diariamente 40 desempregados diarios.

Eses son os datos, esas son as cifras, señoría, e o resto, con todos os respectos, non é razoable neste momento plantexar o que vostede está plantexando en relación co paro.

Mire, señoría, o paro é un problema de todos, dende logo do Goberno tamén, do presidente da Xunta, por suposto, pero, con todos os respectos, non veña arroxar os parados enriba do Goberno cando vostedes durante a súa etapa en catorce anos en España e durante a última etapa, durante seis anos en España, acreditaron que son o partido que máis desemprego destruíu e máis paro destruíu en España na historia democrática; o que máis; polo tanto, señoría, non parece razoable que veña vostede a falar neste momento das tarefas e das prioridades do paro.

¿Cal é, señor Vázquez, a súa receita? ¿A receita do bipartito? ¿140 parados diarios? ¿Ou a receita do señor Rodríguez Zapatero, campión de Europea no paro? ¿Cal é, das dúas, a política que vostede propón en relación co paro? ¿Non será máis razoable empezar a traballar todos xuntos, sen arroxar ao Goberno a responsabilidade única, en relación coas políticas de emprego? ¿Non será máis razoable, señoría, non será máis razoable que cada un saiba cal é a súa situación en relación co desemprego e o paro?

A historia recente de España acredita que as dúas crises máis importantes dende o punto de vista económico na nosa democracia foron namentres gobernaba o seu partido, e a historia recente de España acredita, no caso de Galicia, que o seu Goberno no último ano produciu 51.000 parados e nos

últimos vinte meses 71.000 parados. Polo tanto, señoría, non parece razoable que neste momento veña vostede a plantexar unhas políticas para copiar no ámbito do desemprego.

Señorías, é certo que herdamos unha situación gravísima de crise no sector lácteo; o señor Aymerich facíase eco dela; en abril do ano 2009 os prezos do leite levaban baixando 16 meses consecutivos, 16 meses consecutivos; puxemos todas as medidas para intentar paliar esa situación: 90 millóns de euros, adiantamos as axudas da política agraria común, as axudas de emerxencia de 1 céntimo por litro, os créditos subvencionados e as novas liñas de axudas.

No que se refire a axudas directas, este é o contador: a Xunta aportou 20 millóns de euros, a Comisión Europea 5 millóns de euros e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Medio Mariño 0 euros; esas son as cifras. Buscamos entre todos unha solución para volver activar a planta de Pascual en Outeiro de Rei, buscamos unha solución para buscar e atopar unha saída ante o acordo do leite, un plan estratéxico do sector lácteo pactado coas organizacións sindicais; estamos na procura por primeira vez dunha marca propia do leite galego para que no mercado poidamos ter máis apertura e máis posibilidades de venda.

Estamos, señorías, reiterando, reiterando ao Goberno de España que clarifique dunha vez as importacións masivas de toneladas de leite dos países de Europa facendo *dumping*, práctica contraria á competencia na Unión Europea. Estamos, señoría, pedíndolle ao Goberno de España que por unha vez, se hai algún acordo que asinou coas industrias e cos produtores e cos distribuidores, se cumpra, e vostede vén aquí a dicirlle ao Goberno de Galicia, que puxo todas as súas posibilidades, todos os seus acordos –o plan estratéxico do leite, a marca do leite–, a traballar e resulta que tamén temos a culpa da venda de Puleva.

Mire, señoría, Puleva, como vostede debería de saber, é unha empresa participada polo Estado, e foi o Estado o que decidiu vender as accións que tiña en Ebro-Puleva á firma francesa. Polo menos, señoría, debería de coñecer vostede este dato.

Señorías, imos seguir traballando e imos seguir traballando pola acuicultura. Que vostede fale agora de acuicultura, mire, señor Vázquez... O balance da acuicultura durante o

seu Goberno foi trasladar a acuicultura a Portugal, ese foi o balance de catro anos de lexislatura do Goberno bipartito, todo a Portugal, a acuicultura a Portugal, e agora resulta que está vostede preocupado pola acuicultura; nós tamén, señoría.

Mire, da mesma forma que se están facendo plantas acuícolas e granxas mariñas, nas mesmas condicións, é dicir, en rede Natura, que as que se queren facer noutra zonas, e reitérolle: en Cambados, en Camariñas e en Valdoviño estanse facendo, e están autorizadas no Plan acuícola, plantas acuícolas en rede Natura, ¿que ocorre? ¿Que hai dous tipos de rede Natura: aquela que apoia o Partido Socialista Obreiro Español e aquela que criminaliza o Partido Socialista Obreiro Español, e o resultado é que se vaia a maior planta acuícola galega a Portugal?

Nós, señoría, non podemos estar de acordo con iso, e por iso reiteramos que a acuicultura é fundamental na nosa distribución e na nosa produción no ámbito da pesca tanto en catividade como a pesca xeral.

Mire, todos estamos preocupados polo funcionamento dos servizos públicos, todos, o que pasa é que os datos hai que dalos correctamente.

Mire, señoría, teño aquí os datos da súa lexislatura en materia de sanidade. Entre seis e doce meses o Goberno anterior tiña máis enfermos, de seis a doce meses, que no primeiro ano do Partido Popular. Entre máis de doce meses o Goberno tiña máis pacientes que o actual ano 2009 do Goberno do Partido Popular. E o tempo medio de espera durante as catro lexislaturas do Partido Socialista foi 91 días e o tempo medio agora son 79 días...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Se me di se estou satisfeito, dígolle que non; se me di que temos que diminuír as listas de espera, dígolle que si; se me di que temos que traballar nos modelos de xestión, dígolle que si. Pero si lle digo, señoría, que non fagamos demagogia, se é posible, se é posible, coa sanidade pública. Vostede é médico e polo tanto ten unha maior responsabilidade.

Mire, señoría, ¿a vostedes lles parece ben ou mal que fagamos o complexo hospitalario de Vigo en catro anos? ¿A vostedes lles parece ben ou mal que fagamos un complexo hospitalario en Pontevedra en catro anos? Vostedes investiron dez anos en finalizar o edificio do hospital de Lugo –digo edificio, porque para que un hospital estea completo hai que equipalo na súa totalidade–. Pois ben, nós queremos facer o gran hospital de Lugo e poñelo a funcionar de forma inmediata no verán, queremos iniciar o hospital de Vigo este ano e queremos iniciar o hospital de Pontevedra o próximo ano, conforme os compromisos acadados.

Non é razoable –e iso supón mala fe– dicir que por pagar as infraestruturas con diñeiro público e prezo aprazado iso é privatizar os servizos públicos; iso supón mala fe, porque é dicir algo a sabendas que é falso, e vostedes saben exactamente que é falso... (*Murmurios.*) e polo tanto reitero solemnemente desde esta tribuna que é falso. (*Aplausos.*)

Señorías, a fórmula de pago aprazado está intimamente unida cos gobernos socialistas cando xestionan a sanidade. O gran hospital de Baleares, o Hospital de Son Dureta, estase facendo exactamente co mesmo sistema que Vigo; o gran hospital de Castela-A Mancha, en Toledo, co mesmo sistema que en Vigo; os hospitais comarcais en Cataluña, co mesmo sistema que en Vigo.

Pero, señorías, ¿a quen queren enganar? ¿Por que vostedes están dicindo que o hospital de Vigo non vai ser público, cando vai ser 100% público e seis anos antes do que se faría se o fixeramos co modelo tradicional, é dicir, sen un euro no presuposto, como nolo deixaron? (*Aplausos.*)

Alá vostede, señoría.

Presentaron o hospital de Vigo catro veces, fixeron distintas maquetas, pero non expropiaron un metro cadrado de solo, non puxeron nin sequera licitación no *Diario Oficial das Comunidades Europeas* desta gran infraestrutura, non plantexaron nin sequera o anuncio de contratación, e agora, señorías, temos avanzado as expropiacións, presentamos o plan funcional en setembro, puxemos a información pública o estudo de viabilidade económica e financeira en xaneiro, en abril publicaremos os pregos de licitación e adxudicaremos o contrato no último trimestre do ano 10. Eses son os prazos do complexo hospitalario de Vigo. (*Aplausos.*) E

faremos o mesmo no hospital de Pontevedra; había dúas posibilidades: ampliar o vello hospital de Montecelo ou facer un gran hospital accesible para os próximos corenta anos en Pontevedra. Agora resulta que por primeira vez na historia democrática de Galicia os que se autodenominan esquerdas están en contra de facer un complexo hospitalario de nova planta en Pontevedra. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Pois ben, señoría, seguiremos a facer o hospital, faremos dous grandes hospitais: un en Vigo e outro en Pontevedra, e seguiremos cos plans directores na Coruña, en Ourense, no Salnés, en Burela e en Ferrol. Eses son os nosos compromisos e esas son as nosas concrecións.

Mire, señor Vázquez, teño aquí os datos da licitación –e está á súa disposición–, vostede pode comparar o que considere oportuno. Pero, mire, nós comparamos o primeiro ano do seu Goberno e o noso; pero podemos seguir comparando, sen dúbida; o primeiro ano do seu Goberno e o noso está perfectamente reflectido polo portavoz do Partido Popular. Multiplicamos por dez a licitación no *Diario Oficial de Galicia*, levamos dous anos do ano 10, somos a segunda comunidade autónoma –despois de Madrid– en maior licitación de obra pública.

Voulle dicir, señor Vázquez, o que tivemos que facer coas obras públicas. Mire, o primeiro que tivemos que facer é desbloquear a autovía entre Carballo e Fisterra, porque, como vostedes saben, adxudicaron, puxeron a primeira pedra e a empresa non a podía facer. En segundo lugar, tivemos que retomar o contrato entre Ourense-Celanova-fronteira portuguesa, porque había unhas tensións financeiras no contrato que estaban a punto e a piques de pasar o que lles pasou en Carballo-Fisterra. Señorías, imos seguir traballando.

Vostede fálame do tren de alta velocidade; sen dúbida, nós estamos de acordo. Estamos de acordo en poñer prazos, estamos de acordo en poñer prazos a cada autovía, a cada infraestrutura, os prazos están no Plan Move, que está presentado nesta Cámara e que asumimos o seu compromiso. Señoría, o que non imos dicir nunca é que o tren de alta velocidade chega a Galicia no 2012, porque iso é mentir, e mentir de forma reiterada non é facer política senón todo o contrario. Señor Vázquez, recórdolle que vostede e o seu Goberno ata a saciedade nos dixeron que no 2012 chegaría o tren de alta velocidade a Galicia e intentamos de novo facer un acordo; temos agora un acordo.

E, por certo, señoría, aínda que sirva simplemente con carácter amistoso, vostede díxome que por un momento pensaba que eu era o ministro de Fomento. Mire, eu non o sinto por min, o que si lle podo asegurar é que se o ministro de Fomento está aquí é que vostede non estará. *(Risos.) (Aplausos.)*

(Murmurios.)

A señora PRESIDENTA: Por favor, escoiten con respecto. Por favor.

Paréceme que o lóxico é escoitar co mesmo respecto que nos gusta que nos escoiten. Pido, por favor, respecto e silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Señorías, o Goberno de España parece que non ten claro o que debería ter claro. As caixas de aforro non é un tema de partidos: nin do PP, nin do PSOE, nin do Bloque Nacionalista Galego. Isto é un traballo conxunto entre os gobernos e entre os grupos parlamentarios, que deben de respostar ao interese xeral. O Goberno de España non é o Partido Socialista, é o Goberno dos españois; e o Goberno da Xunta non é o PP, é o Goberno das galegas e dos galegos. Converter isto nunha cuestión de partidos é unha grave irresponsabilidade, e por iso, señoría, creo que o PSOE está cometendo polo de agora unha grave irresponsabilidade. En primeiro lugar, en Galicia, por ser capaces de querer prexudicar a custa incluso –aparentemente polo menos– de ameazas ou de dimisións dalgúns dos seus responsables se se fai unha unión do aforro galego. E, en segundo lugar, a irresponsabilidade en Madrid, por tratar de forma desigual aos supostos que son iguais; no futuro haberá comunidades con caixas e sen caixas. E a próxima carta dende logo eu non lla remitirei ao señor Zarrías –ao seu amigo–, non; eu a próxima carta remitireilla ao presidente do Goberno de España, porque neste momento os interlocutores que puxo o Goberno de España está claro que teñen unha instrución de bloquear a unión das caixas de aforro galegas. *(Aplausos.)*

Dime vostede, señor Vázquez: ¿cando falei coas caixas? Pois mire, con Caixa Galicia fai unha semana e con Caixanova fai vinte e catro horas. Eu non lle vou preguntar a vostede con quen fala, eu pódolle asegurar que falo para intentar acordar unha unión das caixas galegas. Vostede estame dicindo que hai que incorporar aos órganos independentes a

decisión do Parlamento. ¿Quere dicirse, señoría, que os directivos das caixas son órganos independentes? ¿Quere dicirse, señoría, que este Parlamento, que representa a vontade do pobo galego, ten que negociar cos directivos das caixas de aforro? ¿É vostede o que me quere dicir?

Mire, señoría, eu creo –como vostede dende esta tarde, polo menos por vostede– que a fusión pode ser posible, non é tarde; se vostede se quere incorporar ao acordo, se se quere incorporar á unión e á fusión das caixas, benvido ao acordo polo aforro galego. Cumprirá vostede o seu compromiso cando prometeu ou xurou a súa acta de deputado, e aínda que de momento todo o conquerido ata o de agora é en contra de vostede gustárame que vostede estivera ao final no gran acontecemento de ter a quinta gran caixa de aforros de España. Creo que Galicia ben o merece e vostede está invitado permanentemente a celebrar con nós a unión do aforro, a unión das galegas e dos galegos, a unión das caixas de aforro galegas. *(Aplausos.)* A esa invitación llo volvo reiterar e llo volvo plantexar.

Remato, señorías.

Mire, nós non improvisamos –dixémolo esta mañá–, os cidadáns foron ás urnas sabendo cal era a claridade da aposta da política lingüística de Galicia, do PP de Galicia. Somos claros como Goberno, fomos claros como candidatos e somos claros cando estivemos na oposición. Señor Vázquez, déixolle á súa disposición a proposta do plurilingüismo rexistrada neste Parlamento o 19 de xullo do ano 2007, fai dous anos. Fai dous anos e medio dicíamos exactamente o mesmo que di agora o Decreto do plurilingüismo na escola. *(Murmurios.)*

Permítame, señoría, que lle lea simplemente o que dicía o decreto, porque hai alguén que probablemente nin sequera o consultara. Mire, señoría, somos claros, dicimos o mesmo: o equilibrio do 50% entre galego e o castelán, a garantía de que os alumnos poidan elixir libremente a lingua coa que se expresan nas aulas, a garantía de que serán os pais os que elixan a lingua vehicular da ensinanza nos fillos da educación infantil e que serán consultados no resto e a garantía de que ao final de cada ciclo educativo haberá igualdade no coñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia.

Estas son as catro garantías que aquí se sinalan, non enganamos a ninguén, dixemos o que iamos facer, sometémonos

ás urnas, sometémonos ao mandato imperativo, fixemos unha consulta cos pais e despois desa consulta presentamos o proxecto de decreto. Por certo, nunca antes se sometera a tantas consultas, a tantos períodos de información e a tantas alegacións como ata o de agora. Pero si me gustaría polo menos saír desta tribuna sabendo algo... (*O señor Lobeira Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.*) Eu non comparto a política lingüística do BNG..

A señora PRESIDENTA: Señor Lobeira, chámolle á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):...pero a política lingüística do BNG é coñecida por todos os galegos. O que me sorprende, señoría, é: ¿cal é a política lingüística do Partido Socialista Obreiro Español en Galicia? ¿Cal é?

Señor Vázquez, díganos: ¿está de acordo co 50% en galego e o 50% en castelán, si ou non? Esa é a pregunta. ¿Está de acordo co 50%, si ou non? Miren, señorías, propor a inmersión dunha lingua na educación é lexítimo, pero non o compartimos. A proposta do BNG para o galego sería a mesma proposta que farían desde o outro extremo en relación co castelán. Galicia non lle ten que pedir permiso ao BNG, señor Lobeira —e a vostede tampouco—, para falar en galego nin para falar en castelán, non. Pero o BNG está a facer o seu papel, o sorprendente é que o Partido Socialista está facendo un papelón, (*Aplausos.*) un papelón, señoría, un papelón.

Señoría, sacrificaron os seus principios para estar na Xunta de Galicia, agora parece que tamén queren sacrificar os seus principios lingüísticos para manter algunhas vilas. Iso é a súa responsabilidade. Eu vólvolle reiterar esta pregunta: ¿vostede está de acordo co equilibrio lingüístico, si ou non? ¿Vostede está de acordo co 50% das clases en galego e o 50% en castelán, si ou non? ¿Vostede está de acordo, señoría, coa cordialidade lingüística, si ou non? Volvamos ao consenso, o consenso durou vinte e dous anos en Galicia e rachouse no ano 2007. Agora queremos volver ao consenso dos vinte e dous anos en Galicia e que a paréntese do ano 2007-2009 non sexa máis que unha paréntese na política lingüística de Galicia.

Miren, señorías, a Galicia global é a Galicia que respecta aos concellos, é a Galicia que respecta aos municipios, é a Galicia que respecta as cidades. Porque un Vigo máis forte fai unha

Galicia máis forte, e a Xunta, que pechou o ciclo de dicir e non facer en Vigo, agora toca facer. E por iso estamos á disposición de iniciar o complexo hospitalario público en Vigo, de iniciar a maior depuradora que se fixo en Galicia co maior financiamento que nunca puxo a Xunta de Galicia nunha depuradora, a poñer á disposición os terreos da ETEA á cidade de Vigo e a iniciar a área metropolitana e a desbloquear o que lamentablemente volve estar bloqueado, que é a expansión do gran porto de Vigo. Niso nos encontrará sempre.

Porque unha Pontevedra máis forte é, sen dúbida, unha Galicia máis forte. E por iso estamos comprometidos en facer un moderno e un gran hospital en Pontevedra, e por iso imos conectar Pontevedra co corredor do Morrazo e coa autoestrada, e por iso imos facer un saneamento do rural de conformidade co concello e por iso iniciaremos e licitaremos e contrataremos a autovía entre Pontevedra e Vilagarcía.

Porque un Lugo máis forte tamén é unha Galicia máis forte. E por iso no verán iniciaremos o equipamento para a posta en funcionamento completa do hospital de Lugo, e por fin faremos o auditorio de Lugo, e por fin, señoría, uniremos Lugo con Sarria e con Monforte. (*Aplausos.*)

Señoría, facer unha Coruña máis forte é facer unha Galicia máis forte. E por iso finalizaremos a vía ártabra, e a terceira ronda, e o estudo do metro lixeiro metropolitano; e intentaremos co Estado buscar unha solución para o saneamento financeiro do porto exterior na área metropolitana.

Señorías, seguiremos co Plan Ferrol e, por suposto, seguiremos cos asteleiros de Ferrol e con que Ferrol teña un oco no mapa do tren de alta velocidade.

Seguiremos, con axudas ou con atrancos, para facer un bo Xacobeo. Dicía vostede, señor Vázquez, que era difícil facelo peor; estou de acordo: é ben difícil para un Goberno, o Goberno central, facelo peor no Xacobeo 2010, é ben difícil; non ao sorteo extraordinario da lotería que deu 10 millóns de euros no ano 2004 ao Xacobeo, non a facer un cumio de ministros da Unión Europea en materia de cultura previsto en Compostela e non a facer nin un só acto durante a presidencia española en cultura en Santiago de Compostela.

Señoría, facer un Ourense máis forte é facer unha Galicia máis forte. E por iso estamos comprometidos en facer por fin

un novo edificio xudicial en Ourense, e por iso estamos comprometidos co Plan Impulsa Ourense, e por iso estamos comprometidos cun plan director de remodelación completa do hospital. E por iso estamos comprometidos co resto das vilas, dos pobos e das cidades galegas.

Señorías, imos traballar por unha Galicia comunicada entre si con igualdade de oportunidades, por unha Galicia comunicada polas infraestruturas, pola tecnoloxía, polo desenvolvemento e polos servizos sociais. E tamén vamos a seguir traballando por unha Galicia comunicada polo entendemento político. Vamos a seguir traballando, señor Vázquez. Todas as propostas en relación co emprego, en relación co Plan estratéxico da economía 2010-2014, en relación co territorio, en relación co Plan demográfico de Galicia, todas esas propostas serán benvidas e non teña vostede ningunha dúbida que todas esas propostas atoparán unha resposta razoable, construtiva, dos bancos do goberno, da mesma forma que vostede atopou unha resposta razoable e construtiva no territorio, no pacto polo territorio, que espero que felizmente se poda chegar a termo.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Carlos Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor presidente, eu a verdade lamento, lamento que non estea vostede á altura da alta maxistratura que ocupa, de verdade que o lamento. *(Aplausos.)*

Lamento que neste momento de crise, neste momento no que fai falta unha persoa que terme solidamente do timón do país, teñamos unha persoa que en vez de unir o país contra a crise se dedique a dividilo, se dedique a acentuar os piores preconceitos que hai contra o que temos de máis noso, o que nos identifica, o que nos diferencia como pobo, que é a nosa lingua.

É de verdade unha lástima que o presidente de Galiza, que máis alá da súa obriga legal de protexer a lingua, de defendela, de defender a identidade dos intereses deste país, teña como único logro no seu primeiro ano de goberno precisamente dar marcha atrás na protección e na promoción da nosa lingua. Porque ese é, señoría, o seu único logro. Ese é o único logro que puxo enriba da mesa. ¡Valente cousa, señor Feijóo, valente cousa!

E mire, nós non lle pretendemos dar leccións de galeguismo, nós non pretendemos ter a razón absoluta, sabemos que temos o apoio que temos. Supoño que os 270.000 galegos e galegas que votaron polo BNG serán galegos de pleno dereito, digo eu.

E supoño que neste país onde hai xente que, efectivamente, falamos galego, hai xente que fala castelán, hai xente de dereitas, de esquerdas, terá dereito tamén este país a ter un goberno que governe para todos, un goberno que non divida, un goberno que non actúe de forma sectorial e un goberno, señoría, e un presidente, que non aplique o manual do mal gobernante. O manual do mal gobernante di que cando as cousas van mal e cando se queren agachar as vergoñas do goberno, o que o goberno non fixo nin en emprego, nin en servizos públicos, nin en sanidade, nin en educación, nin en defender en Madrid e en Bruxelas os intereses do país, ¿que di o manual do mal gobernante? Busquemos un inimigo exterior ou se non dividamos o país, dividamos a sociedade, e mentras discuten, mentras discuten, nós agachamos a nosa responsabilidade.

Lamento profundamente, señor Feijóo, que Galiza neste momento non teña un presidente á altura do que o país necesita. E que teña un presidente que francamente diga a verdade. Eu penso que o mínimo é dicir a verdade. Porque é evidente que vostede e mais eu temos ideoloxías diferentes. Eu son unha persoa de esquerdas, son nacionalista galego. Vostede é unha persoa de dereitas, non sei como chamalo, españolista ou que ten dereito a selo.

Pero mire, poderemos discutir e poderemos chegar a acordos desde posicións diferentes, home, se aceptamos os dous a realidade dos feitos, se non falseamos a realidade.

É que vostede non pode dicir, señoría, non pode dicir que as listas de espera son o que non son. E non llo di o BNG, llo

di a páxina 324 do Informe do Valedor do Pobo que foi presentado hoxe.

Listas de espera en consultas médicas de especialistas a 31 do 12 do ano 2008, 207.047 pacientes. Listas de espera a 31 de decembro do ano 2009, son os únicos datos que dá o valedor do pobo, 214.672 pacientes; 7.000 persoas máis. Non o di o BNG, dío o valedor. Supoño que tampouco será sospeitoso de ser do Bloque.

Pacientes en lista de espera estrutural cirúrxica. De novo non llo di o BNG. Informe do Valedor, páxina 325, publicado hoxe. A 31 de decembro do ano 2008 había 32.122 persoas, a 31 de decembro do ano 2009, xa con vostede no goberno, 35.318.

E logo podemos facer interpretacións diferentes dos feitos en función da ideoloxía, dos puntos de vista diferentes que temos, pero, por favor, non minta, señor Feijóo, non minta. *(Aplausos.)* Este país o último que necesita neste momento é un presidente que minta, e vostede moito amor –recoñeza– non ten pola verdade, moito amor pola verdade non ten.

Mire, podemos falar de benestar. Eu o único que lle pregunto, señor Feijóo, di vostede: é que os orzamentos do Consorcio non estaban na lei de orzamentos da Xunta. Claro, porque até o ano pasado foi a primeira lei que aprobou o Parlamento nesta lexislatura, non se modificou a lei de réxime financeiro e orzamental de Galiza para incluír os orzamentos do Consorcio na lei de orzamentos que se aplica e aprobamos aquí.

Pero é que resulta que este ano temos dous orzamentos do Consorcio. Temos un na lei de orzamentos e outro aprobado pola asemblea do Consorcio cos votos do Partido Popular o 5 de febreiro. *(Aplausos.)* ¿Cal vale, señor Feijóo? ¿Cal é o que serve?

¿E sabe por que tiveron que aprobar a súa conselleira, por que tivo que aprobar un novo orzamento ilegal? Señora Fernández Currás, dígalle que as cousas non se fan así, así non. ¿Sabe por que o tivo que aprobar? Para meter no capítulo II unha partida que non estaba no que aprobamos nesta Cámara de catro millóns de euros para privatizar os centros de día, por iso tiveron que aprobar un segundo orzamento.

Pero mire, vostede fala de que en decembro do ano 10, pero non me fale de decembro do ano 10, fáleme de marzo do ano 2010. Non me fale do que vai facer, fáleme do que fixo.

E o que fixo é que o orzamento do Consorcio no capítulo VI, aí coinciden os dous, ¿sabe cantos cartos teñen para investimentos? Cero euros, señoría. Con cero euros, ¿que prazas de gardería van facer? ¿Con cero euros que centros de día van facer e que residencias novas para a terceira idade van facer? ¡Ningunha!

Esas promesas, ese plan social é simplemente abrir o que lle deixaron construído, señor Feijóo. E está ben, recoñézao, recoñézao e terá todo o apoio do Bloque Nacionalista Galego, porque aí estamos todos, de esquerdas, de dereitas, nacionalistas ou non, supoño que todos queremos que as persoas neste país teñan unha boa asistencia. Que a xente maior, que os dependentes, que os nenos estean ben atendidos con servizos de calidade. E logo podemos discutir, efectivamente, como se prestan eses servizos.

Mire, para nós a prioridade é dar un servizo de calidade ás persoas. Eu entendo que para vostede seña utilizar as necesidades das persoas como unha oportunidade de negocio para certas empresas, o modelo San Rosendo. Non é o noso, é o seu.

Pero claro, cando as cousas son así eu simplemente vou lembrarlle o que se di nesas manifestacións, nesas protestas para defender servizos públicos universais e de calidade, nas que se di: o público é servizo e o privado é beneficio, señor Feijóo. E como non manteñan o servizo e o beneficio separado chegamos aos problemas que vostede ben coñeceu con ese invento das fundacións sanitarias. É o que vai pasar nos hospitais, é o que vai pasar nos hospitais. Subordinan vostedes a calidade asistencial aos beneficios, ao lucro das empresas privadas que van ser as propietarias do hospital.

E di vostede, claro, é que así podemos ter un hospital en catro anos e da outra maneira necesitaríamos dez. ¿Por que? Iso depende dos cartos que meta vostede en sanidade nos orzamentos, claro. Vostede recorta os cartos en sanidade e di: é que non temos cartos. Entón temos que ir a fórmulas de privatización dos hospitais.

Ten unha solución moi simple. Emenda do Bloque Nacionalista Galego nos orzamentos que vostedes non aceptaron.

Meta o diñeiro para facer os hospitais nos orzamentos da Sociedade Pública de Investimentos. Aí o podía ter. Pero desta maneira que sucede, que igual que nas autoestradas imos pagar os hospitais catro veces, imos pagar os hospitais catro veces.

Efectivamente, señoría, ten vostede unha longa experiencia nos servizos públicos, que pregunten en Correos, ¿verdade? Foi vostede quen o privatizou. Que pregunten no Insalud, que pregunten nas autoestradas. Foi vostede quen privatizou tamén a autoestrada, quen lla entregou a Sacyr ampliando o prazo de concesión. Esa é a súa experiencia ao fronte dos servizos públicos, señor Feijóo. Si, si, e isto si que é verdade.

¿Quere falar de impostos? Falemos de impostos. Mire, eu quero que un multimillonario vaia a calquer hospital público galego e que non teña que pagar. Non quero que teña que pagar, porque eu quero que os servizos señan públicos, universais e de calidade para todos. Eu quero que un multimillonario vaia aos colexios públicos e que os seus fillos non teñan que pagar os libros, porque é parte dese servizo público, universal e de calidade para todos. ¿Onde hai que pagar? A través dos impostos, señor Feijóo, a través dos impostos. Aí é onde hai que pagar. (*Aplausos.*)

Pero vostede hoxe anunciou unha rebaixa de impostos para adquisición de segundas residencias. Esa é a rebaixa de impostos que vostede anunciou, (*Aplausos.*) ¿é unha rebaixa de impostos, señor Feijóo, que vai na liña de restablecer a xustiza fiscal, por tanto, a xustiza social?, ¿é unha rebaixa de impostos que vai na liña de dar máis recursos aos poderes públicos galegos para dar servizos de maior calidade ao conxunto da poboación? Non, non, señor Feijóo.

E non minta de novo dicindo: é que rebaixamos os impostos que gravan a adquisición de vivenda para xente máis nova e para as familias numerosas. Diga toda a verdade. Diga rebaixamos con independencia dos cartos que teña esa familia ou do prezo desa vivenda. Diga todo. (*Aplausos.*)

E diga entón, diga entón que un cidadán de trinta e cinco anos que gañe 100.000 euros ao ano e compre unha vivenda de 300.000 euros vai ter unha rebaixa do 50% nos impostos que gravan a adquisición desa vivenda. Pero que unha nai cun fillo, por tanto que non é familia numerosa, que gañe 20.000 euros ao ano e que compre unha vivenda de 100.000

euros non, vai ter que pagar os impostos completos. Esa é a súa reforma fiscal, (*Aplausos.*) esa é a súa reforma fiscal.

Eu, o BNG non quere que a xente teña que pagar os libros. Non, non, gratis para todos, e páganse despois a través dos impostos. Ese é o modelo que nós queremos, ese é o modelo que nós queremos.

E vostede, señor Feijóo, fala que está en contra da suba do IVA, nós tamén, nós tamén. Pero mire, ¿que vai facer a través dese novo proxecto de lei da auga que vai establecer tamén un imposto indirecto que vai gravar ao conxunto dos galegos e das galegas con independencia dos cartos que teñan ou da renda que teñan? ¿Ese canon que vai establecer a través da lei da auga non é un novo imposto indirecto que sube de forma inxusta a presión fiscal sobre o conxunto do país? Aí tamén vostede ten que falar, señor Feijóo.

Vostede, señoría, o 16 de abril do ano 2009 na súa última intervención no debate de investidura resumiu os grandes compromisos para esta lexislatura.

Falou da formulación dun plano estratéxico para incrementar a competitividade e impulsar as infraestruturas, e dixo tamén para pactar e facer o seguimento do ferrocarril de alta velocidade que non chega e das autovías que non comezan.

O pacto chegou. Eu cada día estou máis sorprendido de que neste país se aplauda un pacto que retrasa tres anos as infraestruturas que tiñan que chegar no 2012. (*Aplausos.*) Ese é o seu gran logro. O tren que tiña que estar eiquí no 2012, vostede consegue despois dunha intensa negociación que chegue a finais do ano 2015. Ese é o seu único logro, señor Feijóo.

Dixo tamén daquela que é necesario fundamentar, ordenar e planificar o territorio. E dixo: aprobaremos as directrices de ordenación do territorio e o plano do litoral este ano, era o ano 2009. Marzo do ano 2010, é agora. Estamos á espera. Aínda estamos á espera.

Empeñou a súa palabra en reformar a administración, dixo para adaptala xustamente aos momentos nos que estamos. Aquí poño eu, *sic*, ¿non?. E dixo, contando cos empregados públicos. Si, salvo os que xa despediu das oficinas de Igualdade e Benestar, do Seaga e tantos outros.

Comprometeuse, dixo, a acadar un grande acordo a prol do financiamento de Galiza e dixo literalmente: “Porque por conseguir unha serie de millóns de euros para que poidamos levar mellor esta lexislatura non prexudiquemos aos que nos sucedan por unha mala negociación do financiamento autonómico”.

Vostede dicía que había que evitalo, máis isto foi xustamente o que fixo, isto foi xustamente o que fixo, aprobou e asinou un acordo de financiamento lesivo para este país. É bon para Madrid, é bon para Valencia, é malo para nós, e vostede o asinou. (*Aplausos*.)

Falou tamén dun pacto por educación –dixo– con especial consideración pola lingua, xa vemos. Xa vemos, cos amigos de Rosa Díez. E neste punto púxose transcendental, dixo: chamo a este pacto para beneficiarnos a todos, pero sobre todo a aqueles que aínda non poden votar. Moi ben, un ano despois o que temos que constatar é a súa incapacidade para retornar ao consenso lingüístico –ten que retornar vostede– e ao abandono do ensino público.

Ofreceu tamén en termos lapidarios a reforma dos medios públicos de comunicación, dixo: a sociedade xa non acepta que os medios audiovisuais se comporten como voceiros do Goberno de quenda. Supoño, señoría, que suprimir os programas de debate político na Televisión de Galiza obedece a este compromiso. Antes tiñamos o “Hai debate” agora temos “o Foro Alberto”. (*Risos*) (*Aplausos*.) É o que temos agora.

E vostede tamén que daquela se comprometera a reformar o Estatuto de autonomía, bastou unha palabra do señor Mariano Rajoy para que esa reforma quede aplazada xa *sine die*, xa non é unha prioridade.

E mire, pasou un ano e temos 30.000 desempregados máis, ¿cal foi a súa resposta? Na súa intervención vostede, señor Feijóo, propuxo trinta e cinco novos plans, non teño tempo de lerllos todos, pero hai algún curioso: Plan de mobilidade alternativa verde, o primeiro Plan do litoral, porque había outro, Plan corrector dos camiños, Plan Re-Brote, Plan Resolve, Plan Ágora –esperemos que non acabe como Hipatia de Alexandría etc., etc.,–.

Ben, ¿vostede pensa que prometendo plans para cubrir os plans que xa prometera o ano pasado e que non cumpriu

imos resolver o problema do paro? Mire, como vaíamos a este ritmo acabaremos a lexislatura con 140 plans, 35 por ano, pero o que é peor, acabaremos a lexislatura con 120.00 parados e paradas máis. E iso é o que Galiza non está disposta a admitir.

O Bloque Nacionalista Galego sabe vostede que sempre pon por diante os intereses do país, que non está pendente de conxunturas electorais. Por certo, lamento utilizar este debate para abrir a campaña das eleccións municipais. Nós defendemos o que pensamos que é millor para Galiza sen estar ao cálculo de canto pode supoñer en votos. E na Lei de caixas estamos traballando nese sentido.

Pero mire...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: Remato, señora presidenta.

Na Lei de caixas o Bloque Nacionalista Galego cumpriu coa súa responsabilidade, impulsou neste Parlamento os consensos que fixeron posíbel a aprobación dunha lei que propuxemos nós, non é que nós lle deamos apoio a vostede, non se engane, é que vostede apoiou a lei que propuxo o BNG. (*Aplausos*.) Non se engane.

Pero unha vez que a lei está aprobada, señoría, esa lei o que pon é ferramentas na súa man, ferramentas na man do Goberno para conseguir o obxectivo dunha grande caixa galega para o conxunto do país con novas persoas ao fronte. O uso que se faga desas ferramentas é responsabilidade súa. O éxito e o fracaso na negociación é responsabilidade súa. Polo tanto, señor Feijóo, que se consiga ou non esa nova caixa que todos queremos depende de vostede. E nós constatamos que até o de agora quedou nas declaracións, aínda non pasou os feitos.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Aymerich, por favor.

O señor AYMERICH CANO: Énchese de moitas declaracións, como onte a conselleira de Facenda: “*Es que Madrid no nos respeta*”. Moi ben, comecen por respectar vostedes a este país, por amar a súa lingua, por defendela, por protexela, por facerse respetar en Madrid, por presentar o recurso contra o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria e por aplicar aquí a lei na parte que está en vigor.

Constatamos que aínda non o fixeron e, señoría, lamento que non contestara a ningún dos emprazamentos que lle fixen. Só lle vou lembrar un: ¿avala ou non vostede –que non falou en ningún momento de rexeneración democrática, non é casualidade– as prácticas que se están a dar en Ourense neste momento e as mocións de censuras patrocinadas polo señor Louzán? Os profesores de ética, señor Feijóo, no Bloque Nacionalista Galego escollémolos nós, vostede non ten ningunha credibilidade.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Aymerich.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don Manuel Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señorías, señoras deputadas, señores deputados.

Cando estaba escoitándoo falar, señor Feijóo, díxennme a min mesmo: “este é o meu presidente”. O presidente que conozco eu, o da confrontación, o presidente que empeza como hoxe pola mañá coa man tendida e acaba pola tarde co puño pechado. O presidente que sempre fai o mesmo en Galicia, que empeza pedindo consensos e cando alguén llos rompe empeza a dar golpes.

Señor Feijóo, vostede subiu hoxe irritado. Subiu irritado e é normal. Vostede dixo a primeira hora da mañá –para os que non estaban aquí llo recordo eu– dixo: “Eu en Galicia non sei onde está o norte nin o sur”. O que non sabe onde é o norte nin o sur está desnortado, (*Aplausos.*) non sabe por onde anda, non sabe a donde vai, e vostede politicamente, señor Feijóo, acaba de dar unha antoloxía de que non ten proxecto de país, de que non sabe que facer cun goberno que se topou con el. Non ten proxecto non só para a crise, senón que non ten proxectos para Galicia, nin para o problema estrutural, nin para o problema coyuntural que nos invade.

Vostede, señor Feijóo, non ten credibilidade porque é capaz de subir aquí e volver a baixar os impostos e a fiscalidade habendo incumplido totalmente a rebaixa de impostos do tramo autonómico do IRPF, e non cumpre o que dixo fai un ano e volve a seguir baixando impostos. Vostede nin os baixou nin os baixa, intenta botar uns fuegos de lucerío a ver se

pica alguen, pero xa non lle pica nadie, señor Feijóo. Vostede enganou a esta sala e enganouna moitas veces, por exemplo, ¿cantas veces pediu vostede unha lei de radiotelevisión de Galicia xusta, para que non haxa o control partidario? Onte dabamos os datos, señor Feijóo. Vostede ocupa o 80% dos informativos da galega. Ten que atreverse, ten que animarse, ten que conseguir ese 20%, dé o parte meteorolóxico tamén. (*Aplausos.*) E con eso xa non lle queda nada, xa vostede solo será o rei da televisión de Galicia, ¿como cambia o tempo, verdade, señor Feijóo? ¿Onde quedan aqueles momentos en que vostede pedía aquí vehementemente que había que ter unha televisión neutral? Que fácil o ten. Saque a lei, poñas encima da mesa, pacte a dirección, e a partir de aí teremos uns medios públicos bos para todos.

Mire, eu só lle quero recordar algunhas cousas porque mas preguntou, e llas vou recordar, ¿que queremos co galego? Nós o que queremos xa o dixemos, o decreto que aprobamos e aínda hoxe, ata onte, estaba aprobado. Nós temos un proxecto de galego, quen romperon o modelo foron vostedes e hai que ser moi valiente ou moi cínico para falar de galeguismo cordial, tendo na calle a manifestación histórica deste país máis grande contra o ataque ao galego. A vostede, (*Aplausos.*) a vostede, señor Feijóo, lle vou a dar algún dato máis que sei que non lle vai a gustar. Non, repítolle, vostede nunca será un galeguista. Vostede será un galego histórico, por varias cousas, unha por ser presidente de Galicia e outra por haberlle feito dano á nosa lingua, o máis grande desde a época democrática (*Aplausos.*) Vostede vai a pasar á historia deste país, ¡claro que vai a pasar!, e por eso anda desesperando buscando consensos, non hai consenso para atacar a nosa lingua, señor Feijóo, os socialistas galegos non queremos ser amigos seus para atacar a lingua deste país. Cando queira recuperar o plan de normalización, cando queira falar traía a esta Cámara un proxecto, e se entre todos vemos que hai algo que mellore o que fixemos antes, facémolo e tranquilos, pero sucumbir por un puñado de votos a entregarlle a lingua deste país a quen a quere atacar eso non é digno dun presidente de Galicia. (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, temos que recordarlle máis cousas. Mire, o único goberno, o único partido que nunca conxelou as pensións en España foi o Partido Socialista. Quen conxelou as pensións de todos os españois foi o Partido Popular cando gobernou este país, por eso que a nós de pensións non nos veñan a dar leccións.

Nós, señoras e señores deputados, que vexo que están preocupados, nós queremos que este discurso de hoxe sexa un discurso para falar de futuro. E nós cando falamos de futuro non bote cortinas de fume, non bote elementos de disuasión e de dispersión. Hai un problema grave en Galicia, temos a cifra récord de parados de toda a historia de Galicia. Por iso que a min ás veces, permítame que o diga dunha maneira así rotunda, me parece hasta unha certa falta de decencia que estemos falando aquí doutros problemas cando temos 49.000 familias, xa en Galicia, nas que todos os seus membros xa están no paro. A dignidade dunha persoa empeza pola dignidade de ter un traballo e levar un bocado de pan a casa. E vostede, señor Feijóo, que repasou nesta sala cen veces dicíndolle ao Goberno Socialista que o paro se acabaría cando os socialistas e nacionalistas nos fomos para a casa, vén agora aquí dicindo que non sabe o que está pasando. Está atónito, ¡dios mío, que pasa agora! pois moi fácil, señor Feijóo, o mesmo ca antes. Pasa o mesmo ca antes (*Aplausos.*) Si, señor Feijóo, pasaba que por moitas voltas que lle queira dar vostede, cando nós rematamos un período de goberno deixamos 50.000 postos de traballo en positivo, e vostedes nun ano levan 30.000 en negativo. (*Aplausos.*) Eses sonlle os datos que por moito que vostede queira...

Mire, señor Feijóo, cando se lle quere a este país, e eu non dudo, eu non podo dudar de que o meu presidente lle queira ao noso país, como o vou a dudar, pero é que cando se lle quere de verdade vaise un á maior, e a maior chámase reforma estatutaria. E a maior chámase poñer a Galicia na primeira división do sistema estatutario deste país. E quererlle a este país chámase non bloquear o Estatuto cando gobernábamos nós e non querer falar do Estatuto cando gobernan vostedes. Pero si quen lle damos a maioría, que non teñen, somos nós, si non lle pedimos nada a cambio, por eso que cando falamos de acordos e pactos por Galicia, ¿é posible que falemos do pacto polo emprego?, vamos a estar con vostedes. ¿É posible que falemos do pacto por territorio?, vamos a estar aí. ¿É posible que falemos do pacto pola demografía?, claro que vamos a estar aí. Eu son pai de familia numerosa.

Pero o que lle quero dicir é: ¿é lóxico que falemos de pactos polo territorio, pola educación ou polo que sexa e non falemos dun pacto polo Estatuto de Galicia? ¿Podemos saír tan campantes deste Parlamento sin decirlles aos cidadáns galegos que lles vamos a mellorar os dereitos e deberes, que

vamos a mellorar a financiación autonómica, que vamos a mellorar o poder sentarnos en igualdade de oportunidades, coas mesas de negociación da financiación? Claro que uns van con papeles e outros van a tocar de orella, señor Feijóo. Vostede, cando chegou a negociación da financiación autonómica non levaba nada, máis que unha dosis exagerada de vanidad, e dixo que non pasaría nada ata que chegara vostede, e cando chegou vostede xa acabara a festa, e xa non había nada que facer. Por eso, que, tomemos decisións.

Se lle queremos a este país, eu lle vou a dar unha recomendación: enfádese menos, riña menos, sexa menos autoritario, escoite máis, vaia mais aos sitios onde lle leven a contraria e non vaia aos sitios onde lle fan a pelota, vaia aos sitios onde lle digan as cousas e ao final vai a ver como todo é moito máis fácil.

Señor Feijóo, no modelo de caixas, permítame que llo diga, non hai ningún parlamento autonómico, de toda España, que aprobe fusións. As fusións decídenas as entidades de aforro e non hai ningún Parlamento galego que saque leis para que haxa fusións, salvo que alguén queira usar unha lei para conseguir algo que non consegue politicamente.

Mire, voulle dar unha recomendación no tema das caixas. En vez de arrumbar a porta, use a chave e abra a porta. ¿E sabe como se abre a porta? Falando, falando, falando. Con Caixanova, coa xente, cos grupos políticos. E despois unha cousa que lle quero dicir a vostedes e ao BNG: non hai concuxura mundial contra Galicia. O Tribunal Constitucional, a Geca, o Partido Popular de Madrid, o Consello de Estado, ¿están equivocados todos e só saben vostedes a verdade?

Señor Feijóo, lle vou a pedir solemnemente unha cousa nesta Cámara que, si lle quixera ben a Galicia, a tería que facer. Dígalle a verdade a este país de como está o noso sistema financeiro. Vostede sábeo. Vostede sabe que a auditoría que fixo non conta a verdade. Vostede sabe o que está pasando. E lle digo máis, señor Feijóo, sabendo o que está pasando, conte co Partido Socialista que queremos axudar, queremos estar aí. Si, queremos estar aí. Que lle conte o seu presidente a vostedes o que está pasando, que non os engatuse, porque este lío non se arregla contando mentiras.

Señor presidente, en Galicia nos fan falta políticas económicas activas, nos fai falta reconducir a situación especialmen-

te en economía, temos que garantir a liquidez das nosas empresas. Un dos problemas que lastran a recuperación económica é a dificultade das empresas para obter a liquidez que precisan. Debemos de facer un esforzo utilizando todas as armas que a Administración autonómica ten nas súas mans, como fai o Estado co ICO. Proponémoslle dous programas de subsidios, en créditos para autónomos e microempresas, e de avais que xa viñan funcionando, pero fáganos operativos e amplíenos en tempo para mobilizar 1.200 millóns de euros ao longo do ano 2010. Proponémoslle tamén que facilite o desconto de contratos e subvencións da Administración autonómica nas entidades financeiras cun aval do Igape, e impulse a súa extensión á Administración local. É preciso, señor Feijóo, non agachar a cabeza debaixo da ala. Galicia ten o cen por cento das políticas activas de emprego transferidas. Repito, Galicia ten o cen por cento das políticas activas de emprego transferidas. Vostede ten a obriga de poñer en marcha políticas activas de emprego e non de reducir, na crisis máis grande da historia de Galicia, as partidas para as políticas activas de emprego. Vostede o ten que facer. *(Aplausos.)*

Temos que axudarlle, señor Feijóo, ao desenvolvemento dos sectores industriais. Temos que facer planes de apoio aos sectores estratéxicos que teñen dificultades. Non se poden retirar as axudas do Plan Laxa ao sector da minería, ao sector da pizarra, e dicir que agora lle vamos a dar solucións. Vostede sabe que os está deixando solos.

Temos que crear axuda a empresas con bases tecnológicas. Temos que propoñer programas de eficiencia energética. Temos que invertir nun Plan de consolidación de emprego nas unidades de I+D+I no sistema universitario e noutros organismos de investigación. Temos que fomentar os grupos de investigación de excelencia e de mobilidade e a internacionalización dos nosos investigadores. Señor Feijóo, temos que internacionalizar máis as empresas galegas, sobre todo temos que facer un impulso á licitación pública. Temos que comprometernos, ten que comprometerse polo menos a licitar a cantidade de 1.300 millóns de euros no ano 2010; por suposto que neses sitios nos vai atopar sempre ao Partido Socialista de Galicia.

E quero rematar tendo unhas verbas, e non é casual que as miñas verbas sean as últimas que fago nesta intervención do debate do estado de Autonomía, para a xente que máis difícil o está pasando, para os parados e as paradas deste país,

para a xente que está sola no mundo rural, para o noso sector gandeiro e para o noso sector forestal, para a xente que necesita a política con maiúsculas, señores deputados. A eles si que lles fai falta un sistema político que lles axude. Non poden ter un presidente que esté en posesión da verdade absoluta.

Señor Feijóo, nós comprometémonos solemnemente nesta Cámara a estar con vostedes como Goberno cando vaíamos con solucións reais. Trinta planes, 20 planes, 10 planes, os que queira, pero con recursos económicos. Vostede diga cales quere poñer encima da mesa, vostede diga donde necesita un apoio socialista, e nós vamos a ser os primeiros en vir aquí a axudar.

Non podemos deixar o sector forestal esmorecendo e agonizando como está. Non podemos deixar o sector da pizarra, que se vai a levar por diante a comarca de Valdeorras. Vostede fixo ese último itinerario premunicipales, pero escapou de donde hai os maiores problemas. Non lle oín falar da montaña de Lugo, non lle oín falar da Costa da Morte, non lle oín falar da fronteira da Baixa Limia, non lle oín falar a vostede do interior de Pontevedra, non lle oín falar do interior da Coruña. Aí viven os galegos e as galegas que máis necesitan a política con maiúsculas, e aí é onde temos que estar nós con usted, señor Feijóo.

Vostede neste debate do estado da Autonomía, permítame que llo diga, non ten dereito a enfadarse.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Vostede ten que vir aquí a dar solucións, non pode vir aquí a dar puñetazos encima do estrado, con eso non arregla nada. Señor Feijóo, veña a traerlle fórmulas e solucións que lle arreglen a vida aos homes e mulleres que están en dificultades neste país.

Nese camiño, no das caixas, en todos os camiños, topará sempre unha colaboración clara e concreta, para defender a Galicia, dos socialistas galegos.

Nada máis e moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra don Manuel Ruíz Rivas.

Ten a palabra, señor Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: A verdade é que non me esperaba este recibimiento tan cálido. Gracias. (*Aplausos.*)

Miren, a verdade é que non vou a perder moito tempo no pasado, e vostedes son pasado, porque non souperon nin analizar o presente nin facer ningunha proposta de futuro. Polo tanto, siguen sin entender a este pueblo e siguen sin entender a Galicia.

Miren, acordábase o señor Vázquez agora dos galegos que están sufrindo, do paro, dos sectores que deixaron en crise. ¡Home, que bo houbera sido que durante catro anos se acordara dalgún deles, porque seguramente non había tantos no paro como hai hoxe en día!

E ofrece consensos, o que pasa é que vostede non é de fiar. “E nós seguimos ofrecendo consensos”. Pero vostede, como San Pedro, xa renegou tres veces. Xa acordou con este partido, xa chegamos a un acordo para nomear o presidente e o director da Compañía da Radio-Televisión de Galicia, e botouse vostede atrás. Xa vostede chegou a un acordo con todos nós para as caixas, para o seu procedemento, para que se fixera [...]. ¿E que fixo vostede? Botarse atrás. Eu a verdade esperei porque pensei que ía dicir algo novo e algo interesante. Xa que se lle fora o señor Caballero, dixen: este home vai a ser capaz de falar en libertad. Pero non, nin eso. (*Aplausos.*) Sigue usted preso dos seus localismos e non entendeu en absoluto o señor presidente da Xunta cando fala dunha Galicia global, dunha Galicia que non hai norte nin sur nin interior nin costa, senón que todos temos que traballar polo equilibrio entre todas e cada unha das nosas terras. Pois ben, vostede podía facer moito polo norte e o sur, ¿verdade? Podía desenterrar esa hacha de guerra que dunha forma tan irresponsable abriron entre o norte e o sur de Galicia; podía vostede botar unha man aí.

Miren, falaban de que nós dividimos o país. O país dividióno vostedes, ¿acórdanse?, co *Prestige*? O país divídeno cando teñen un pacto para que non governe o Partido Popular alí donde gana, independentemente do que pensen esos concellos; iso si que é dividir un país.

E din que demos unha marcha atrás no galego. ¿Acórdanse o que decía no seu decreto o Consello Consultivo? ¿Acórdase de que falaba da falta de liberdade? ¿Acórdanse de todo aquilo? ¿Acórdanse de quen rachou o consenso aprobando en solitario un novo decreto que rachaba con 22 anos de cordialidade lingüística? ¿Non se acordan? ¿Acórdanse ustedes, e di que favoreceu o galego precisamente incomodar a comerciantes ou a opositores impondo que para expresar os seus conocimientos podía haber unha proba exclusivamente nun solo dos idiomas sin, como antes, ter que demostrar a súa capacidade? ¿Eso cren que fixo algo en favor do galego?

Vólvolle a repetir, son vostedes galeguistas de salón, dos que lle falan aos fillos en castelán pero aquí protexen o idioma galego. Polo tanto, queridos señores, non veñan tanto a falar do que despois non son capaces de manter na rúa, na súa vida privada. Porque, efectivamente, a educación é un campo moi amplo donde podemos mellorar precisamente a integración, a concordia, das nosas dúas linguas. Pero si o galego se perde é porque nas rúas se está perdendo, e aí todos temos unha responsabilidade, como país, como partidos políticos. Polo tanto, a etiqueta queda moi ben, levar detrás no coche a GZ, queda moi ben, pero despois hai que dar exemplo, e hai moita xente que non dá en absoluto exemplo, e o que fixeron é nin máis nin menos que o galego nestes momentos esté nunhas dificultades que vostedes mesmos, facendo bandeira única e exclusivamente del, provocaron.

Eu, con respecto ás caixas, pois xa llo decía. ¿Que quere que lle diga, señor Vázquez? Mañá temos unha proposta de resolución. Se é capaz de votar a favor da fusión das caixas de Galicia, entón, ¿verdade?, veremos se usted ten esa boa vontade da que alardea aquí. Pero, polo que ata agora sabemos, o único que usted está facendo é boicotear precisamente que Galicia poda ter unha gran caixa, unha caixa solvente, unha caixa donde os aforros dos galegos se queden en Galicia. Usted está defendendo uns intereses que non son, evidentemente, os dos galegos, e algún día terá que dar conta do que está facendo.

Eu lle decía tamén do Estatuto. Falan do Estatuto. Aquí o único que falou do Estatuto, de poder reiniciar, de que puidéramos chegar a unha entente co Estatuto foi nin máis nin menos que o presidente. Vostedes, se como Goberno houberan sido quen de poñerse de acordo, nestes momentos pode-

ríamos ter un Estatuto, pero os que non estaban de acordo... Non se me poña así, que vostedes se venderon ao Bloque. Siguen pensando en venderse ao Bloque e facer o Estatuto de nazón que o Bloque quería vender.

Mire, había aquela canción de *“llegó el comandante y mandó a parar”*. Pero neste caso, no do Estatuto, foi “chegou a UPG e mandou parar”, esa é a realidade do Estatuto. Vostedes quixéronlle dicir aos galegos que vivían nun país diferente ao que era Galicia, ¡alá vostedes! Eu lle volvo a dicir que, si tuvéramos un Pachi López, bastante mellor que tendo un Pachi Vázquez. Pero bueno, este es autóctono e hai que dixerilo (*Aplausos.*)

Mire, eu vou a rematar porque creo que o máis importante está dito, porque creo que o importante é escoitar o presidente, escoitar o que realmente supón futuro, supón concordia, pero, simplemente, como antes non puideron falar do Xacobeo polo tempo, eu simplemente quería dicir que vostedes, cando deixan o Xacobeo a nove meses practicamente de escomenzar o Ano Santo, que é cando vostedes deixan o Goberno, non tiñan en absoluto preparado nada, entre outras cousas porque nunca creron neso que é o Xacobeo. Agora, hoxe, a verdade, a min o señor Aymerich enterneceume, porque eu cando escoitaba o señor Aymerich dirixindo a axenda do Papa, eu dixen: este home, ou quer ser o timón da barca de Pedro, ou realmente vai a ser o condutor do papamóvil. Porque, señor Aymerich... (*Aplausos.*) Mire, señor Aymerich, precisamente si o Papa vai estar en Galicia é porque o Xacobeo e a súa espiritualidade é importante, importante para os crentes, pero á vez tamén porque houbo un presidente e houbo outra moitísima xente, pero sobre todo a xerarquía eclesiástica, que quixo que estuvera aquí. Polo tanto, mire, vostede siga na súa teatralidade, pero así nos vai.

Eu remato como decía, e simplemente espero que vostedes sepan estar á altura que Galicia demanda de vostedes, e, hasta o de agora, a verdade é que vostedes están cometendo os mesmos erros que levan en toda a etapa democrática galega, salvo aquela vez que se creron que vostedes eran os designados polo puebo galego para gobernar, ou salvo aquela triste etapa daquela moción de censura, vostedes non teñen a confianza dos galegos simplemente porque non entenden os galegos.

Moitas gracias, presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Ruíz Rivas.

Ten a palabra para a contrarréplica o presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías.

Señor Aymerich, das propostas de pacto que fixemos pola mañá non lle escoitei ningunha. É certo que vostede sigue mantendo o apoio nas caixas e polo menos lle agradezo ese apoio. Vostede tan solo ten dúas propostas para as dúas diputacións que goberna o Partido Popular; esas son as súas propostas.

Eu non lle vou a falar aquí –porque non é obxecto do debate– sobre a unidade dos partidos políticos. Creo que vostede é un experto na unidade das forzas políticas, polo tanto, eu non lle vou a falar da unidade do Partido Popular de Galicia porque contrasta con algunhas outras forzas políticas que vostede coñece ben.

Señoría, critica vostede que rectificemos e que mantivéramos o plus das pensións non contributivas. Pois si, rectificamos. Pero a pregunta é: ¿teñen vostedes rectificado algo despois das eleccións? ¿Vostedes creron que en algo se equivocaron e están dispostos a rectificar? ¿Cren que trabucaron algunha das súas decisións que os levou a perder as eleccións autonómicas e a volver a ter unha baixada significativa nas eleccións europeas? Señor Aymerich, ¿por que seguen vostedes intentando deseñar o país a imaxe e semellanza do que opinen os directivos do BNG? Pero, ¿non se dá conta que Galicia é outra cousa máis grande, máis libre, máis forte que o que vostede cre que é Galicia? Señoría, ¿por que siguen pensando que todo estaba ben e os galegos, unha vez máis, se equivocaron cando non os votaron e os sacaron do Goberno?

Mire, señor Aymerich, eu non vou a descalificalo porque entendo que esta non é nin a forma nin o contido da política. Polo tanto, non vou a utilizar o termo que vostede me dirixiu. Pero si me gustaría dicirlle, mire, non é verdade que nós non respectemos a lingua. Todo o que se fixo, para ben ou para mal, dende o ano que chegamos democrática-

mente ao poder, porque nós nunca gobernamos cando perdemos, sólo gobernamos cando gañamos, señor Aymerich, só, só. (*Aplausos.*) Todo o que se fixo na lingua, dende a Lei de normalización lingüística ata os decretos do ensino na escola, ata o Plan de normalización lingüística, todo o propuxo un Goberno do Partido Popular. E agora seguiremos traballando por todo o que fixemos e aínda o que nos queda por facer.

Señoría, é faltar á verdade dicir que Correos está privatizado; é faltar á verdade e sobre todo á intelixencia de 65.000 personas que traballan en Correos. É faltar á verdade dicir que vamos a privatizar a sanidade, e o volvo a reiterar solemnemente nesta tribuna. Alá vostede e a súa conciencia, señoría; alá vostede e a súa conciencia.

É faltar á verdade dicir que utilizamos as persoas como modelo de negocio. Alá vostede e a súa conciencia. O que si lle podo asegurar, señorías, é que probablemente algunhas cousas –para vostede a totalidade, para nós algunhas– non as fagamos ben, pero o que si é que a conciencia non mentimos nunca, e esa é unha diferenza substancial entre determinadas políticas e outras determinadas políticas. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, baixar as reclamacións sobre a sanidade é o que reflexa o Informe do Valedor do Pobo ao que vostede aludiu. E, por suposto, que usted pode coller todos os datos que considere oportunos. Permítame darlle un dato da Inspección médica –hai un deputado que é inspector médico–. Supoño que a Inspección médica tampouco minte, e a Inspección médica nos dixo que había máis de 70.000 pacientes que estaban esperando e non estaban rexistrados na lista de espera. Eso, por suposto, o Valedor do Pobo non o ten que saber, a Inspección médica si, e por eso vostede, señoría, debería de ser respectuoso con esos 70.000 pacientes que non estaban nin sequera apuntados na lista de espera. (*Murmurios.*)

Mire, vostede acaba de dicirnos que o Consorcio non estaba na Lei de presupostos. Efectivamente, ¡menos mal! Agora, a culpa tamén era nosa, que estábamos na oposición. Supoño que eso será sorprendente. Mire, o Consorcio non estaba nos presupostos porque vostedes non quixeron meter o Consorcio nos presupostos, (*Aplausos.*) e agora está nos presupostos porque nosoutros quixemos meter o Consorcio nos presupostos.

Dice vostede –nunha das mellores intervencións desta tarde– que vostede está de acordo en que un multimillonario non pague os libros de texto. Perfecto, esa é a nova esquerda, (*Interrupcións.*) esa é a nova esquerda: os multimillonarios non pagan os libros de texto. Pois nós decimos xa non os multimillonarios, senón os que teñen unha renda media e alta deben colaborar para que non paguen os libros de texto os que teñen a renda baixa. (*Aplausos.*) Si, señor; si, señor.

Señor Aymerich, deberíase de poñer de acordo co señor Vázquez en ver si subimos ou non subimos os impostos, si baixamos ou non baixamos os impostos. Vostede dice que non está de acordo coa baixada dos impostos e o señor Vázquez dice que non baixamos ningún imposto. Sería bo que se puxeran de acordo. Pero, mire, ¿sabe por que baixamos os impostos por terceira vez consecutiva, todos os impostos autonómicos cedidos que gravan a vivenda? Porque hai 34.000 fontaneiros, 34.000 albañiles, 34.000 carpinteiros que están no paro; por eso baixamos os impostos que gravan a vivenda. Non para que os multimillonarios teñan os libros de texto gratis, senón porque hai 34.000 personas na construción que están no paro. E por eso volvemos a baixar os impostos que gravan as vivendas. (*Aplausos.*)

Seguro, señoría, que vostede poderá rectificar cando vexa a Lei de administración hidráulica, porque plantexamos unha tarifa social para que aqueles que teñan consumos menores paguen menos do que pagaban antes. Pero igual vostedes tamén están de acordo que os multimillonarios paguen a auga con independencia da que consuman. Pois nós non estamos de acordo.

Mire, señor Aymerich, despois de escoitar que os multimillonarios é bo que paguen os libros de texto, agora entendo algunhas cousas do concurso opaco, do concurso eólico. Nós, a todos aqueles que teñen instalados parques eólicos en Galicia pagan a Galicia, pagan á Facenda autonómica e pagan aos concellos. E dende o mes de xaneiro están pagando 23 millóns de euros todas as empresas. Durante catro anos que vostedes estiveron no Goberno, todas esas empresas non pagaron nada. Agora están pagando 23 millóns de euros, e pagarán 30 millóns cando estea finalizado o concurso eólico. Esa é a diferenza, señor Aymerich, entre o que había antes e o que hai agora. (*Aplausos.*)

Señor Aymerich –e o digo con absoluta cordialidade–, vostede vén e me recrimina por chegar a un acordo do AVE. Pero, señor Aymerich, se estivemos solos durante catro anos decindo que o AVE non chegaba no 2012. E namentras nós decíamos que o AVE non chegaba no 2012, o Bloque Nacionalista Galego apretaba o “si” nos botóns deste Parlamento do 2012 e o “si” durante cinco presupostos xerais do Estado, decindo “si” aos presupostos do Estado, a sabendas que o AVE non chegaba no 2012. ¿Por que nos recrimina o que vostedes estiveron defendendo a sabendas de que era falso e nós transparentamos por primeira vez?

Señoría, quero recordarlle cales son os datos do financiamento autonómico. Cando chegamos ao Goberno, os datos que manexaba o Goberno do que vostede debería de saber, porque o apoiaba, eran entre 480 e 490 millóns de euros. Pois ben, ao Partido Socialista lle pareceu excepcional conseguir 620 millóns de euros. Pois ao final conquerimos 650 millóns de euros, señor Vázquez, 650 millóns de euros conforme ao que tínhamos previsto inicialmente. E aínda non estamos de acordo porque non hai un só euro para o 15% da poboación, que é a poboación emigrante, e porque non está suficientemente compensada a porcentaxe de dispersión da poboación.

Mire, señor Aymerich, creo que sería bo polo menos poñerse de acordo no paro. Porque é certo que o paro se incrementou en 30.000 persoas ao longo do ano 2009, pero usted sabe igual que eu que entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo, dos 31.000, se incrementaron 21.000. É dicir, mentras vostedes estaban no Goberno, se incrementaron 20.000 persoas ao paro, e mentras estivemos nós 11.700. Esos son os datos, señor Aymerich, e creo que non sería bo discutir sobre o obvio, que son os datos.

No, no, se vostede tampouco está de acordo en que as xestures de Pontevedra e de Ourense estaban en quiebra, ¿se lle dá igual! Se vostedes tiñan previsto incrementar os ingresos por venta de locais nun 2.700% no presuposto. Se tivemos que injectar 90 millóns de euros para que non entraran en quebra as xestures. Se a vostedes as cifras lles dá igual, a nós non; e as cifras, señoría, non son opinables. Seguro que a opinión de cada un pode ser rexeitada, concretada ou matizada; pero as cifras que estou dando son as cifras reais. E se vostede me dice que son un mentiroso por dar as cifras reais, o sinto, pero as seguirei dando ata o final.

Señoría, vostede, señor Vázquez, a verdade é que quero agradecerlle que me recorde que hai que estar tranquilo. Eu estaba tranquilo. O primeiro que me dixo é que era unha persoa desnortada. Eu sigo tranquilo, absolutamente. Vostede dice que por aí hai algún crispado, e o primeiro que dice é: é vostede un desnortado. Bueno, eu tranquilo, señoría; tranquilo absolutamente.

Probablemente como nacín nun concello que dormíamos nun lado e íbamos á escola a outro e íbamos a comprar o pan a outro. E como nacín nun concello que se cruzaba un río estaba nunha provincia e se non estaba noutra, non entendo cal é a diferenza entre a Galicia norte e a Galicia do sur. Vostede, lamentablemente, lle está facendo un enorme dano á Galicia do norte e á Galicia do sur e a Galicia enteira. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, eu estou absolutamente tranquilo, ¿sabe por que? Porque somos libres para aplicar o programa electoral asinado maioritariamente polos galegos nas urnas. Eu son libre e soamente nos debemos aos intereses xerais dos cidadáns. E, como son libre, podo facer as cousas que vostede quería facer e non podo facer durante os catro anos de goberno.

Mire, foi vostede quen decía que o BNG non xestionaba ben os fondos para a dependencia. Nós incrementamos os fondos e incrementamos un 70% as persoas que cobran a dependencia. Foi o Partido Socialista o que, a través dos alcaldes, boicoteou as normas do hábitat. Nós chegamos a un acordo cos alcaldes para consensuar as normas do hábitat. Non foi o Partido Socialista, non, foi o señor Vázquez directamente; foi o señor Vázquez quen denunciou irregularidades e prevaricacións no concurso eólico.

Señorías, nós fixemos o que vostede quería facer e non podo, que é licitar, sacar, concursar un sistema eólico que teña o refrendo do Parlamento. E, a partir de aí, que o Goberno faga o que lle manda a Cámara, que é licitar con publicidade e concurrencia aquilo que vostede tachou de prevaricación e irregular.

Señoría, eu son libre, eu son libre para dicir que non estou de acordo con ningún sistema de imposición lingüística. Vostedes eso simplemente o dixeron durante a campaña electoral. Durante a campaña electoral viñan algunhos candidatos que viven en Madrid e decían que agora non falan

galego porque eiquí se inicia unha senda de imposición, ¿recorda? ¿Recorda, señoría, cando vostedes decían que non admitirían imposicións no galego? Nós somos libres para decidir que non estamos de acordo na inmersión lingüística nin co galego nin co castelán, senón co equilibrio lingüístico do galego e do castelán. Por eso, señorías, nós somos libres, e por eso, señorías, non estamos crispados senón o contrario.

Mire, señoría, vamos a seguir traballando porque Galicia ben vale a pena.

Señoría, cando vostede fala da utilización da tele pública galega, supoño que vostede se estará referindo ás trece sentencias condenatorias pola utilización abusiva durante a campaña electoral da tele galega. ¿Sabe vostede quen era o condenado? O anterior director da Televisión Galega posto polo seu goberno. Esa é a diferenza entre a televisión pública do anterior e a televisión pública actual. *(Aplausos.)*

Señoría, si salgo da Cámara sabendo algo claro. Vostede non quere equilibrio nas linguas. Vostede non quere o 50% en galego e o 50% en castelán. Vostede quere unha inmersión lingüística. Quedou claro, quedou claro.

Está vostede plantexando que se manteña o anterior decreto. Está clarísimo. Era, polo tanto, algo que polo menos xa o sabemos. O líder do Partido Socialista Obreiro Español hoxe pola tarde está a favor de que se manteña o actual decreto. Probablemente, o líder do Partido Socialista Obreiro Español en Galicia mañá pola tarde esté de acordo co 50-50, pero, en todo caso, hoxe quedou claro que vostede non está de acordo co 50-50.

E vostede pide consenso. ¿E o consenso que significa? ¿En manter o que o Partido Socialista no Goberno fixo para manter a coalición co BNG? ¿Ese é o consenso? ¿En manter o decreto anterior? Non, señoría, o consenso é volver á cordialidade lingüística, que é a equiparación das dúas linguas en Galicia. Eso é o consenso, señoría, eso é o consenso. *(Aplausos.)*

Señorías, das pensións e do paro o deixo a vostede coas súas recetas. Dicar que vostedes son os únicos partidos que actualizaron as pensións, non. Vostedes son os únicos partidos que durante os tempos que gobernaron estiveron a punto de

quebrar as pensións. Os primeiros catorce anos e agora o ministro Corbacho... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Por favor, silencio. Perdón, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

O ministro de Traballo actual, nun alarde de sinceridade, avisa a todo o pobo que vaian facendo plans de pensións privados. Pois ben, señoría, a memoria é moi importante en todo, e en política, fundamental. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A lei que actualizou as pensións aprobouna un goberno do Partido Popular.

E sobre o paro, señoría, o paro, por favor, señor Vázquez... ¿Como pode vostede explicar que durante o último ano do seu Goberno se crearon 50.000 postos de traballo en positivo? *(Risos.)* ¿Que quere dicir crear 50.000 postos de traballo en positivo? Porque o que se fixo foi destruír 51.000 postos de traballo. Igual quere dicir que 50.000 postos de traballo en positivo é colocar 50.000 señores nas listas do desemprego do INEM. Pois eso non é positivo, eso é negativo, señor Vázquez, eso é negativo. *(Aplausos.)*

En Santiago falan vostedes da reforma do Estatuto e en Madrid bloquean o Estatuto actual. En Santiago dicen vostedes que queren unha reforma do Estatuto e en Madrid non dan nin as competencias que tiñamos pactadas na anterior lexislatura iniciadas polo vicepresidente.

Dicen vostedes que a Lei de caixas é inconstitucional. Solamente llo escoitei a dous: ao señor Zarriás e ao señor Vázquez. O Tribunal Constitucional aínda non se pronunciou, pero xa saben que é inconstitucional.

Señorías, agora resulta que en Santiago dicimos que quere-mos un novo Estatuto e en Madrid bloqueamos o desenvolvemento do Estatuto constitucional de 1981. Agora dicimos en Santiago que queremos un novo Estatuto e en Madrid suspenden a aplicación por decisión do presidente do Goberno, e, antes do prazo para presentar o recurso de inconstitucionalidade, suspenden a Lei de caixas de aforro que levá-bamos todos no programa electoral. E agora incluso critican que o Goberno se comprometa a facer unha proposta de reforma constitucional do Estatuto e remitila á Cámara.

¿A vostede lle parece mellor que non fagamos nada? ¿Ou é que vostedes non foron capaces de traer unha proposta de reforma constitucional do Estatuto á Cámara e agora non pode ver como un goberno se pon de acordo en reformar o Estatuto e remitilo á Cámara? (*Murmurios.*) Pois non, señoría, non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Agradezo moito as propostas que nos chegan oralmente, pero eu vou falar coas dúas caixas, señor Vázquez, non con unha. Vostede dixo claro, e está no *Diario de Sesións*, que falara cunha caixa, e a nomeou. Eu vou falar coas dúas; coas dúas, señor Vázquez, coas dúas. E vou a seguir sendo fiel aos compromisos do Parlamento. Eu fun fiel dende o principio ata o final e seguirei sendo fiel dende o principio ata o final.

Neste Parlamento acordamos modificar a Lei de caixas e nos puxemos a traballar. Neste Parlamento, por unanimidade, acordamos que a Lei de caixas tiña que estar publicada e aprobada antes do 31 de decembro, e o fixemos. As forzas políticas, sindicais e empresariais nos puxemos de acordo en encargar unha auditoría externa para comprobar a solvencia da fusión, e o fixemos. E agora vostedes, sen coñecer esa auditoría, dicen que é falsa. ¿Quen llo dixo, señoría? ¿Quen lle dice que é falsa unha auditoría que non coñece? ¿Cecais alguén que traballe nalgunha caixa? ¿Vostede é capaz de dicir que unha auditoría é falsa sen coñecela? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É moi difícil, polo tanto, convencer a aquel que é capaz de dicir unha cousa sen saber cal é. (*Risos.*)

Mire, señoría, a auditoría está no Banco de España, que é donde teñen que estar as auditorías sobre solvencia. E eu, dende logo, vou a seguir sendo serio co aforro galego. Alá vostedes.

Mire, señor Vázquez, se o que me quixo dicir esta tarde é que agora está de acordo en apoiar a unión e a fusión do aforro galego, benvido sexa. Se o que vostede me quere dicir esta tarde é que agora o que era imposible parece que pode ser posible, benvido sexa. Se agora resulta que esa fusión que propoñía o BNG e o PP absolutamente irresponsable, agora resulta que pode ser responsable, benvido sexa. Señor Vázquez, benvido a iniciar outra vez o que nunca debemos de rachar, que era un acordo unánime para intentar fusionar o aforro galego. Benvido, señor Vázquez, benvido. (*Aplausos.*)

Señor Vázquez, vostede sabe igual que eu que lle propuxen un acordo para o director da Televisión Galega. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, da igual.

A señora PRESIDENTA: Non dialoguen, por favor. Non dialoguen, por favor.

Por favor, señor Vázquez, non dialoguen. (*Murmurios.*)

Por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pro-sigo, prosigo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Por favor, non ten a palabra. Ten a palabra o presidente. Por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Como de momento está vivo o director, non hai problema.

O señor Vázquez se entrevistou co candidato a director da Compañía de Radio-Televisión Galega, ¿si ou non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, ¿tampouco? (*Risos.*)

A señora PRESIDENTA: Non dialoguen.

Neste momento non ten a palabra. Está falando o presidente. Por favor, señor Vázquez. (*Murmurios.*)

Por favor, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Sigamos.

A señora PRESIDENTA: Por favor, por favor, por favor. Pré-golle aos grupos que guarden silencio e que escoiten con respecto o presidente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E que non dialoguen. Por favor, que non dialoguen.

Presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Lle plantexamos un acordo do director da Compañía de Radio-Televisión Galega, plantexamos un acordo na Lei de caixas, plantexamos un acordo coa lingua, plantexamos un

acordo co territorio, plantexamos un acordo hoxe outra vez co tema demográfico. Supoño que esto, dentro dun ano, me dirá que é certo. Plantexamos un acordo co Plan estratéxico da economía 2010-2014. Plantexamos todos esos acordos, señor Vázquez, e vostede mudou de opinión. Pero non pasa nada, dígao, pero polo menos non diga que non lle planteamos o acordo e que vostede non se entrevistou co candidato a director da Compañía de Radio-Televisión Galega e vostede trasladou a súa conformidade. Insisto, a súa conformidade.

Señoría, comprendo que hai políticos que son capaces de dicir unha cousa e a súa contraria. Comprendo que hai políticos que son capaces de dicir unha cousa en Vigo e outra na Coruña. Comprendo que hai políticos que son capaces de dicir que os orzamentos de Galicia son pouco ambiciosos e simultaneamente dicir que son demasiado optimistas. Comprendo, señoría, que hai políticos que son capaces de pedir modificacións das leis de forma urxente, e antes do 30 de decembro, e despois dicir que se fixo de forma atropellada e pouco pausada. Comprendo, señoría, todo, incluso apoiar as medidas do Goberno de España cando perxudican a Galicia. E eses políticos existen e teñen nome e apelidos.

Pero non importa, creo que eso pertence ao pasado, e os que se queiran incorporar ao futuro, o futuro empeza mañá. Por eso, señorías, gobernamos Galicia, gobernamos Galicia tal e como está e tal e como é, e por eso Galicia, tal e como está e tal e como é, é un país libre, bilingüe e con aspiracións futuras. E empregamos todas as ferramentas que están ao noso alcance para diminuír os efectos da crise.

Hai un ano Galicia tiña un goberno dividido, centrado na competición electoral interna, esquecido das preocupacións dos cidadáns e desmedido, na nosa opinión, no seu custe e equivocado nas súas prioridades.

Neste momento Galicia pretende ter un goberno centrado e un goberno unido. Un goberno austero, que teña unha conciencia da crise, e un goberno que presenta un modelo de país. E temos claro qué debemos facer para combater a crise que o país necesita superar.

Cumprimos o programa electoral, estamos cumprindo o compromiso que asumimos cos electores, temos unha estratexia económica planificada e definida e temos un obxectivo

ao que aspiramos: unha Galicia culta, unha Galicia preparada, unha Galicia con benestar e unha Galicia global.

Así penso que neste debate temos demostrado o que son os catro eixos nos que estamos traballando este ano e seguiremos traballando nos seguintes: un goberno consciente da crise, un impulso aos sectores produtivos, unha blindaxe da protección social en educación, en sanidade e en servizos sociais, e un modelo de desenvolvemento para atopar entre todos un país unido, un país máis forte, unha Galicia global.

Nun momento de crise é importante a unión, a unión dos recursos para saber onde queremos ir. E deste xeito aspiramos a un país respectando as especificidades de cada bisbarra, respectando as especificidades de cada cidade, que responda a un espazo único e a un espazo integral. Unha Galicia, señorías, comunicada, comunicada por igualdade dos servizos sociais; unha Galicia comunicada polas infraestruturas; comunicada entre si, comunicada co resto de España e comunicada co resto de Europa. Unha Galicia comunicada polas novas tecnoloxías; unha Galicia comunicada polas oportunidades; unha Galicia, señorías, que busca sinerxias e complementariedades. Non só as sinerxias cun sistema aeroportuario único para toda Galicia a través dos seus tres aeroportos, senón tamén cun sistema portuario que coordine todos os nosos portos. Cun Plan de promoción único para os 315 concellos, que son os 315 destinos de Galicia nun Xacobeo con destino principal en Compostela. E un sistema universitario único para tres universidades e sete campus.

Señoría, queremos unha Galicia que volva ao consenso como acadou nas normas do hábitat, como acadou —espero— na Lei do solo. Unha Galicia que volva outra vez a protexerse coas directrices de ordenación co plan do litoral. Unha Galicia que ten futuro, que aposta polo I+D+I, que aposta polo rexuvenecemento do país. Unha Galicia máis completa e máis equitativa.

Cos seus erros e cos seus acertos, Galicia, un ano despois, ten un goberno unido, que é consciente de como está e como é Galicia. Saber como está nos obriga a ser realistas e non transmitir falsos optimismos. Saber como é si que nos permite albergar a esperanza de que esta mala situación que agora temos rematemos por superala.

Queremos facer con confianza dun goberno único e unido unha Galicia con confianza tamén. Queremos facer con vostedes, porque Galicia esíxenos que nos modernicemos e tiremos hacia diante.

Sen dúbida queda moito por facer. Levamos moitas horas de traballo xa investidas. Pero sei tamén que a ilusión e as ganas están intactas. Galicia ten e merece todas as nosas enerxías.

Hai posibilidades de acordo, o intentaremos. Hai posibilidades dun pacto demográfico, o intentaremos. Hai posibilidades dun pacto polo territorio, o intentaremos. Hai posibilidades para presentar un Plan estratéxico da economía 2010-2014 donde busquemos o emprego como máxima prioridade, o intentaremos. Hai posibilidades de ter unha gran caixa de aforros unida, o intentaremos. Hai posibilidades de volver á cordialidade lingüística, o intentaremos.

Señoras e señores, agora é cando, Galicia é onde.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Señorías, antes de suspender a sesión, recordar aos grupos parlamentarios que poden presentar propostas de resolución ata as once horas de mañá, día 17, no Rexistro Xeral da Cámara.

Unha vez esgotado o prazo, a Mesa, ás doce horas, procederá á cualificación e distribución aos grupos de todas as propostas admitidas para o seu estudo antes de que se reinicie a sesión, mañá, ás dezaseis trinta horas, catro e media da tarde.

Boas noites e ata mañá.

Suspéndese a sesión ás nove e vinte minutos da noite.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	PSdeG-PSOE
2.- Adán Villamarín, Carme	(BNG)
3.- Álvarez Chao, Emma	(PP)
4.- Arias Veira, Pedro	(PP)
5.- Aymerich Cano, Carlos	(BNG)
6.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
7.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
8.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
9.- Barcón Sánchez, Mar	PSdeG-PSOE
10.- Barros Sánchez, Natalia	(PP)
11.- Blanco Álvarez, Fernando Xabier	(BNG)
12.- Bouza Santiago, Ana Luisa	(BNG)
13.- Burgo López, Concepción	PSdeG-PSOE
14.- Cajide Hervés, María del Carmen	PSdeG-PSOE
15.- Caride Estévez, María José	PSdeG-PSOE
16.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
17.- Cerviño González, Francisco	PSdeG-PSOE
18.- Cobián Fernández de la Puente, Pablo	(PP)
19.- Díaz Lugilde, Yolanda	(PP)
20.- Díaz Pardo, Angeles	(PP)
21.- Escribano Rodríguez, Javier	(PP)
22.- Fernández Fernández, Rosendo	(PP)
23.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María	PSdeG-PSOE
24.- Fervenza Costas, José	(PP)
25.- Fraga Santos, Silvia	PSdeG-PSOE
26.- Francisco Rivera, Juan Carlos	PSdeG-PSOE
27.- Gallego Calvar, Carmen	PSdeG-PSOE
28.- Gallego Lomba, Manuel	PSdeG-PSOE
29.- García López, José Antonio	(PP)
30.- García Pacín, María Isabel	(PP)
31.- Goldar Güimil, Jesús	(PP)
32.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
33.- Lage Tuñas, José Manuel	PSdeG-PSOE
34.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
35.- López Campos, José Carlos	(PP)
36.- López Rodríguez, Dámaso	(PP)
37.- López Vidal, Pablo Xavier	PSdeG-PSOE
38.- López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(PP)
39.- Losada Álvarez, Abel	PSdeG-PSOE
40.- Meijón Couselo, Guillermo	PSdeG-PSOE
41.- Méndez Romeu, José Luís	PSdeG-PSOE
42.- Negreira Souto, Carlos	(PP)
43.- Novoa López, Enrique	(PP)
44.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
45.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
46.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
48.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
49.- Pose Mesura, Modesto	PSdeG-PSOE
50.- Prado del Río, Paula	(PP)
51.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
52.- Quintana González, Anxo Manuel	(BNG)
53.- Quintas Álvarez, María	PSdeG-PSOE
54.- Rego González, Ismael	PSdeG-PSOE
55.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
56.- Rodríguez González, Román	(PP)
57.- Rodríguez Miranda, Antonio	(PP)
58.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
59.- Romero Fernández, Cristina Isabel	(PP)
60.- Ruíz Rivas, Manuel Santos	(PP)
61.- Sánchez Montenegro, Isabel	(BNG)
62.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
63.- Seoane Romero, María	(PP)
64.- Sestayo Doce, Beatriz	PSdeG-PSOE
65.- Soneira Tajés, María Soledad	PSdeG-PSOE
66.- Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
67.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
68.- Táboas Veleiro, María Teresa	(BNG)
69.- Tomé Roca, José	PSdeG-PSOE
70.- Valcárcel Gómez, Marta	(PP)
71.- Varela Sánchez, Ricardo	PSdeG-PSOE
72.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
73.- Vázquez Fernández, Manuel	PSdeG-PSOE
74.- Verdes Gil, Sonia	PSdeG-PSOE
75.- Viéitez Alonso, Henrique	(BNG)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25